

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

15056 *Real decreto 1363/2018, do 2 de novembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.*

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007; o Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire aos programas nacionais de apoio no sector vitivinícola e se modifica o Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, e o Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire aos programas nacionais de apoio no sector vitivinícola, regulan as disposicións sobre os programas de apoio que os Estados membros deben presentar á Comisión.

Para a posta en práctica no Reino de España da dita normativa ditouse o Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola español.

Unha vez que a Comisión Europea aprobou o novo Programa de apoio ao sector vitivinícola 2019-2023, publicouse o Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

En función da experiencia adquirida e respecto do contido das axudas, sobre o réxime previsto no Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, a esencial novidade da presente norma é a modificación nas condicións de aplicación das medidas de promoción, de reestruturación e reconversión de viñas e de investimentos.

Así, no referente á medida de promoción en mercados de países terceiros, modifícanse os artigos 2, 4, 5, 10 e 13, e inclúense diversas precisións sobre o texto actualmente en vigor para facilitar a súa comprensión e verificar certos axustes técnicos de conformidade co parecer da Comisión Europea.

Polo que se refire ás medidas de reestruturación e reconversión de viñas, os principais cambios refírense ao axuste ou modificación de certas previsións contidas nos artigos 26.2.b), 29.1 e 2.d), 30.4., 34.7, 36, 38, 39, 45 e 47, relativas ao réxime dos beneficiarios, das solicitudes de reestruturación e reconversión, procedementos de selección, reasignación de fondos entre comunidades autónomas, prazos e procedementos de pagamento aos beneficiarios, réxime de anticipos e modificación das operacións dos beneficiarios, ben para aclarar ou precisar os seus termos, ben para acoller as observacións da Comisión Europea ou para eliminar erratas.

No tocante ás medidas de eliminación de subprodutos, a única novidade vén determinada pola modificación do anexo XVI, relativo á «solicitud de axuda á destilación de subprodutos», ao cal se incorpora unha nova columna para facer constar na táboa de alcohol obtido da destilación o dato en hectolitros, e iso para os efectos de completar e facilitar a elaboración das estatísticas que se deben presentar ante a Comisión Europea.

En canto ás medidas de investimentos, as principais novidades consisten na incorporación ao contido do artigo 68 dun criterio adicional para resolver no caso de empate das puntuacións obtidas polos solicitantes das axudas, e a reforma dos artigos 70 e 71, relativos á modificación das operacións, no sentido de considerar a necesidade de que estas, ás cales alude o anexo XXIII B, as deba solicitar e avaliar a autoridade competente; todo iso co obxecto de aclarar o réxime de aplicación de tales modificacións e así acoller as indicacións feitas pola Comisión Europea.

Finalmente, incorpórase ao texto do proxecto unha serie de modificacións e axustes técnicos derivados da experiencia na aplicación da normativa interna ata a data.

O presente real decreto dítase en aplicación da normativa da Unión Europea antes citada, e de acordo coa habilitación prevista na disposición derradeira primeira da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

A tramitación deste real decreto axústase aos principios establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de optimizar os recursos para o apoio ao sector vitivinícola. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación límtase ao mínimo imprescindible para aplicar a normativa da Unión Europea. En aplicación do principio de eficiencia, límtanse as cargas administrativas ás imprescindibles para acadar os fins descritos, sempre dentro do marco da Unión Europea. En aplicación do principio de transparencia, ademais da audiencia pública, durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados. E, en función do principio de seguridade xurídica, derrógase o Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de novembro de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica aplicable ás seguintes medidas recollidas no Programa de apoio ao sector vitivinícola español 2019-2023, presentado polo Reino de España ante a Comisión Europea, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea unha organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1307/2001 e (CE) n.º 1234/2007; no Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire aos programas nacionais de apoio no sector vitivinícola e se modifica o Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, e no Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos programas de apoio no sector vitivinícola:

- a) Promoción en mercados de países terceiros.
- b) Reestruturación e reconversión de viñas.
- c) Eliminación de subprodutos.
- d) Investimentos.
- e) Colleita en verde.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos da aplicación do presente real decreto, entenderase como:

a) Autoridade competente: respecto das axudas reguladas na sección primeira, será autoridade competente o órgano competente da comunidade autónoma en que o solicitante teña o domicilio fiscal, ou o Fondo Español de Garantía Agraria, para as axudas solicitadas polos organismos públicos de ámbito nacional. Respecto das demais axudas reguladas neste real decreto, será autoridade competente o órgano competente da comunidade autónoma en que o solicitante teña as superficies ou instalacións.

b) Destilador autorizado: toda persoa ou agrupación de persoas que:

1.º Estea autorizada polas autoridades competentes para actuar no marco do artigo 52 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e

2.º Figure debidamente inscrito no rexistro territorial a que se refire o artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

c) Propietario: a persoa ou agrupación de persoas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que ten o título de propiedade sobre a parcela onde se encontra a viña.

d) Viticultor: a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que cultive a superficie plantada de viña, tendo á súa disposición a superficie en cuestión en propiedade, ou en réxime de arrendamento ou parzaría, ou calquera outra forma conforme dereito que poida demostrar mediante documento liquidado dos correspondentes tributos. Tamén se aplicará esta definición á persoa física ou xurídica xa inscrita no Rexistro Vitícola como viticultor dunha superficie plantada de viña en 31 de xullo de 2017.

e) Futuro viticultor: persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, como as comunidades de bens ou as explotacións de titularidade compartida, que sexa titular dunha resolución de arrinca, autorización de replantación, dereito de replantación ou autorización por conversión de dereitos inscritos ao seu nome no rexistro vitícola, e que non sexa viticultor segundo a definición anterior.

f) Parcela de viña: a superficie continua de terreo en que un só viticultor cultiva a vide, formada por un conxunto de recintos cunha ou varias referencias alfanuméricas, representada graficamente no Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, en diante Sixpac.

g) Produtor: calquera persoa, física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, que producise viño a partir de uva fresca, de mosto de uva, de mosto de uva parcialmente fermentado ou de viño novo en proceso de fermentación, obtidos por eles mesmos ou comprados, así como calquera persoa, ou agrupación de persoas, que posúa subprodutos resultantes de calquera transformación de uva distinta da vinificación. Esta definición non se aplicará á medida de investimentos.

h) Programa: para os efectos da medida de promoción en mercado de países terceiros, considérase programa o conxunto de accións de promoción coherentes que se desenvolvan nun ou varios países terceiros, cuxo alcance sexa suficiente para contribuír a aumentar a información sobre os produtos en cuestión, así como a súa comercialización.

i) Acción: para os efectos da medida de promoción, entenderase como acción calquera das medidas de información e promoción establecidas no número 2 do artigo 45 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, que se recollen no anexo I do presente real decreto. Para os efectos da medida de reestruturación e reconversión de viñas, entenderase como acción aquelas actuacións especificadas como subvencionables no artigo 37.3 do presente real decreto. Para os efectos da medida de investimentos, enténdese como acción cada unha das establecidas

no número 1 do artigo 33 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

j) Asociacións temporais ou permanentes de produtores: para os efectos da medida de promoción, entenderase como asociacións temporais ou permanentes as agrupacións de viticultores e/ou produtores, persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actividades para os cales se agruparon. Actuarán de conformidade co artigo 11.3 da Lei 38/20013, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

k) Empresa vinícola: para os efectos da medida de promoción, entenderase como empresa vinícola aquela empresa privada en que máis do 50 % da súa facturación proveña do sector do viño ou cuxa produción supere os 1.000 hl, de acordo co seu último exercicio fiscal pechado.

l) Operación: para os efectos da axuda á reestruturación e reconversión, enténdese como operación o conxunto de accións tendentes a conseguir a reestruturación e reconversión dunha superficie de viña determinada e incluída na solicitude dun viticultor. Para os efectos da medida de investimentos, enténdese como operación a acción ou grupo de accións que se inclúen nun proxecto formando o conxunto de investimentos obxecto dunha solicitude de axuda.

m) Operación anual: para os efectos da medida de reestruturación e reconversión, entenderase como un conxunto de accións para a reestruturación e/ou reconversión, que finalizarán no exercicio financeiro seguinte a aquel en que se solicita a axuda.

n) Operación bianual: para os efectos da medida de reestruturación e reconversión, entenderase como un conxunto de accións para a reestruturación e/ou reconversión, que finalizarán en dous exercicios financeiros seguintes a aquel en que se solicita a axuda.

ñ) Arrinca: a eliminación total de todas as cepas que se encontren nunha superficie plantada de vide. Esta arrinca inclúe a eliminación tanto do portaenxerto como da parte aérea da planta.

o) Establecemento: para os efectos da medida de investimentos, enténdese como establecemento o conxunto de edificios, edificio, zona do edificio, instalación ou espazo aberto que se usa ou que se vai utilizar para elaborar ou comercializar produtos do anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

p) Transformación: para os efectos da medida de investimentos, entenderase como transformación calquera proceso que dá lugar a un produto do anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

q) Comercialización: para os efectos da medida de investimentos, entenderase como comercialización a posesión ou exposición dun produto do anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, para a venda, a entrega ou calquera outra forma de posta no mercado.

r) Empresa: para os efectos da medida de investimentos, entenderase como empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica, que exerza unha actividade económica, en aplicación da definición de empresa do artigo 1 do anexo da Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas. En particular, consideraranse empresas as entidades que exerzan actividades a título individual, as sociedades de persoas e as asociacións que exerzan unha actividade económica de forma regular. As comunidades de bens quedan incluídas na definición de empresa.

s) Produtos vitivinícolas: para os efectos das medidas de investimentos, entenderanse como produtos vitivinícolas os mencionados na parte II do anexo VII do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e que se producen no territorio español.

t) Inversión intanxible: inversión en activos vinculados á transferencia de tecnoloxía mediante a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, *know-how* ou coñecementos técnicos non patentados.

u) Inversión en enoturismo: para os efectos da medida de investimentos, entenderase como inversión en enoturismo aquel investimento realizado para a súa utilización con fins turísticos, tales como bares, cafeterías, restaurantes, terrazas, cociñas e aloxamentos, entre outros.

v) Exercicio financeiro, ou exercicio Feaga: o que se estende desde o 16 de outubro dun ano ao 15 de outubro do ano seguinte.

w) Campaña ou campaña vitícola: a correspondente ao período comprendido entre o 1 de agosto dun ano e o 31 de xullo do ano seguinte.

x) Mercado dun país terceiro: para os efectos da medida de promoción, entenderase como mercado dun país terceiro o referido ao tipo de mercado obxectivo e/ou ao ámbito xeográfico onde se desenvolven os programas. Por tipo de mercado obxectivo entenderanse as actividades e o público obxectivo a que se dirixen. Os ámbitos xeográficos serán os definidos no anexo III deste real decreto.

CAPÍTULO II

Medidas de apoio

Sección 1.ª Promoción en mercados de países terceiros

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Co fin de mellorar a competitividade dos viños españois, as accións que se mencionan no artigo 6 poderanse financiar con cargo ao orzamento da Unión Europea nas condicións previstas na presente sección.

Artigo 4. *Tipos de accións e duración dos programas.*

1. A medida mencionada no artigo 45 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, poderá incluír calquera das accións e actividades relacionadas no anexo I.

2. As ditas accións deberanse levar a cabo no marco dun programa, tal e como se define no artigo 2.h).

3. Os programas poderán ter unha duración máxima de tres anos para un determinado beneficiario nun país terceiro ou mercado dun país terceiro. Non obstante, se os efectos do programa o xustifican, poderase prorrogar unha vez por un máximo de dous anos, ou dúas veces por un máximo dun ano cada prórroga, logo de solicitude, de acordo co previsto no artigo 8.4.

Para os efectos de contabilizar a duración máxima da axuda teranse en conta os programas executados desde o exercicio Feaga 2018 inclusive.

Artigo 5. *Beneficiarios.*

1. Poderán presentar solicitudes para acollerse ao financiamento das medidas de promoción en países terceiros:

- a) Empresas vinícolas.
- b) Organizacións de produtores vitivinícolas e asociacións de organizacións de produtores vitivinícolas, definidas de acordo cos artigos 152 e 156 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.
- c) Organizacións interprofesionais definidas e recoñecidas no ámbito nacional de acordo cos artigos 157 e 158 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e recoñecidas por España segundo o disposto na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.

d) Organizacións profesionais: entenderanse como organizacións profesionais aquelas que exerzan a súa actividade maioritariamente no sector do viño, que estean recoñecidas no ámbito nacional de acordo coa normativa vixente e que teñan entre os seus fins estatuarios a realización de actividades de promoción.

e) Órganos de xestión e de representación das indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe protexidas vínicas, así como as súas asociacións.

f) As asociacións temporais ou permanentes de produtores que teñan entre os seus fins o desenvolvemento de iniciativas en materia de promoción e comercialización do viño.

g) Cooperativas que comercializan viños elaborados por elas ou polos seus asociados.

h) As entidades asociativas sen ánimo de lucro participadas exclusivamente por empresas do sector vitivinícola que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños.

i) Os organismos públicos con competencia legalmente establecida para desenvolver actuacións de promoción de produtos e mercados en países terceiros.

No caso das asociacións temporais ou permanentes de produtores, designarase un representante da agrupación, o cal deberá ter poderes suficientes para poder cumprir as obrigas que corresponden á citada agrupación como beneficiaria das axudas, tal e como establece o artigo 11.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Todos os membros da agrupación obterán a condición de beneficiarios e manteranse na agrupación desde o momento de presentación da solicitude ata o cesamento das obrigas de control financeiro establecidas pola Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Os beneficiarios deberán demostrar, en función do persoal de que dispoñen e, de ser o caso, do tamaño da empresa e da súa experiencia profesional nos últimos anos, que teñen acceso á suficiente capacidade técnica para afrontar as exixencias de comercio cos países terceiros, e que contan cos recursos financeiros e de persoal suficientes para asegurar que a medida se aplica o máis eficazmente posible. Deberán, así mesmo, garantir a dispoñibilidade, en cantidade e calidade, de produtos para asegurar a resposta a longo prazo fronte ás demandas que se poidan xerar como efecto da promoción realizada unha vez concluída.

Artigo 6. *Produtos e países admisibles.*

1. Poderán ser obxecto das accións de información e promoción os produtos de calidade, destinados ao consumo directo, detallados no anexo II, que contén con posibilidades de exportación ou de novas saídas comerciais en países terceiros e que pertencen a algunha das seguintes categorías:

- a) Viños con denominación de orixe protexida.
- b) Viños con indicación xeográfica protexida.
- c) Viños nos cales se indique a variedade ou variedades de uva de vinificación.

2. Considéranse elixibles para realizar accións de promoción todos os países terceiros pero son prioritarios os recollidos no anexo III.

Artigo 7. *Características das accións e programas.*

1. As accións e os programas estarán claramente definidos, con especificación do país terceiro ou países ou mercados do país terceiro ou países a que se dirixen, dos tipos de viños que inclúen, das accións e actividades que se pretenden levar a cabo e dos custos estimados de cada unha delas.

2. As accións distribuiranse en períodos de doce meses, que comezarán o 1 de maio de cada ano.

3. As mensaxes basearanse nas calidades intrínsecas do produto e deberanse axustar á normativa aplicable nos países terceiros a que van destinados.

4. No caso dos viños que contén con calidade diferenciada, deberá especificarse a orixe do produto como parte das accións ou programas de información e promoción.

5. Sen prexuízo do disposto nos números 3 e 4, as referencias ás marcas, de ser o caso, poderán formar parte da mensaxe.

6. O órgano colexiado previsto no artigo 10, para favorecer a coherencia e eficacia da medida, poderá establecer anualmente directrices sobre as campañas de información e de promoción, que se regularán polo disposto nesta sección.

Artigo 8. *Presentación de solicitudes.*

1. Os interesados que sexan persoas xurídicas e que reúnan as condicións previstas no artigo 5 presentarán, a través do Rexistro Electrónico Xeral, no modelo disposto pola comunidade autónoma ou polo FEGA, as súas propostas de accións e programas e a documentación correspondente, a través de calquera dos rexistros e medios previstos electrónicos recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, antes do 15 de xaneiro de cada ano.

Así mesmo, e en aplicación do previsto no segundo parágrafo do número 5 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os interesados persoas físicas que reúnan as condicións previstas no artigo 5 presentarán as súas propostas de accións e programas e a documentación correspondente na mesma forma prevista no parágrafo anterior.

No caso de que se trate dunha unión temporal de empresas ou equivalente, a solicitude, que será única, presentarase na comunidade autónoma en que radique o seu domicilio fiscal.

No caso das asociacións temporais ou permanentes de produtores, deberán presentar, ademais, os poderes do representante da agrupación para realizar as funcións que se lle encomenden, outorgados por todos os membros desta.

2. Os organismos públicos de ámbito nacional presentarán as súas solicitudes ante a Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través dos mesmos medios e nas condicións establecidas no número 1.

3. As accións e programas presentados deberán conter, polo menos, a información prevista no anexo IV e:

- a) Cumprir o disposto nesta sección.
- b) Respetar a normativa da Unión Europea relativa aos produtos considerados e á súa comercialización.
- c) Reflectir co suficiente grao de detalle todos os requisitos necesarios como para que se poida avaliar a súa conformidade coa normativa aplicable e a súa relación calidade/prezo.
- d) Especificar os medios propios ou externos con que se contará para desenvolver as accións previstas.

4. No caso de solicitar prórroga dun programa, de acordo co artigo 4.3, ademais da documentación prevista nos números 1 e 3 do presente artigo, os interesados deberán presentar un informe de resultados dos dous primeiros anos de execución para a súa avaliación. O dito informe conterá, polo menos, información relativa aos efectos no mercado de destino do programa desenvolvido, ademais de detallar as razóns para solicitar a prórroga.

5. Xunto coa solicitude de axuda presentarase unha declaración responsable do solicitante de non ter solicitado nin recibido axudas incompatibles, de acordo co punto IV do anexo IV.

6. Os beneficiarios que teñan a intención de achegar ás súas solicitudes de pagamento certificados dos estados financeiros de conformidade co artigo 15.7 deberán notificarlo á autoridade competente no momento de presentar a súa solicitude de axuda. Os ditos estados financeiros poderán consistir nas contas anuais do beneficiario, en función das obrigas contables correspondentes a este, segundo a súa personalidade física ou xurídica, ou noutro tipo de documentos.

Artigo 9. *Tramitación das solicitudes e avaliación dos programas.*

1. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes en canto á súa conformidade con esta sección e, de ser o caso, coas directrices elaboradas de acordo co previsto no artigo 7.6, e os solicitantes, se fose necesario, requirirán a emenda da documentación que sexa precisa e avaliaranas de acordo coas seguintes etapas:

a) Fase de verificación da admisibilidade: comprobarase que as solicitudes cumpren os requisitos do artigo 10 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire aos programas nacionais de apoio no sector vitivinícola e se modifica o Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión. Para iso a documentación deberá estar o suficientemente detallada. As solicitudes que non cumpran estes requisitos non serán admisibles.

b) Fase de priorización, só aplicable aos programas que superasen a fase anterior. A puntuación adxudicarase de acordo cos criterios do anexo V «Criterios de priorización».

Serán excluídos os programas cuxa puntuación non alcance 25 puntos.

2. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no formato electrónico que se acorde, antes do 15 de marzo, a listaxe provisional de accións e programas ordenada por puntos, de acordo co anexo VI. A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos números. O dito anexo será remitido en formato electrónico a través da aplicación informática habilitada para o efecto e estará asinado pola autoridade competente.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación examinará e avaliará, de acordo co previsto nos números 1 e 2 do presente artigo, as solicitudes presentadas polos organismos públicos de ámbito nacional.

Artigo 10. *Comisión Nacional de Selección de Programas.*

1. No seo da Mesa de Promoción Alimentaria, aprobada na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do 19 de febreiro de 2007, e integrada por representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e das comunidades autónomas, constituirase unha Comisión Nacional de Selección de Programas, con carácter de órgano colexiado, en diante a Comisión Nacional, que estará presidida polo director xeral da Industria Alimentaria e da cal formarán parte como vogais catro representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación designados polo secretario xeral de Agricultura e Alimentación, e un representante por cada unha das comunidades autónomas que se desexen integrar.

Actuará como secretario, con voz e voto, un funcionario da Subdirección Xeral de Promoción Alimentaria, designado polo presidente.

A Comisión poderá aprobar as súas propias normas de funcionamento. En todo o non previsto nelas aplicarase o previsto na sección 3.ª do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. A Comisión Nacional poderá, para cada exercicio Feaga e a partir das listas provisionais remitidas polas comunidades autónomas, proporlle á Conferencia Sectorial, segundo proceda:

a) Cando o gasto total previsto nas solicitudes seleccionadas implique unha axuda (segundo o máximo previsto no artigo 13.2) que non exceda o límite orzamentario inicialmente asignado a esta medida, elaborárase unha listaxe definitiva de programas e proporase para eles a axuda máxima prevista no artigo 13.2.

b) Cando o gasto total previsto nas solicitudes seleccionadas implique unha axuda (segundo o máximo previsto no artigo 13.2) que exceda o límite orzamentario inicialmente asignado a esta medida, optarase por unha das seguintes opcións:

1.º Conceder a axuda máxima prevista no artigo 13.2, por orde de puntuación, ata esgotar a ficha financeira.

2.º Diminuír a axuda máxima prevista no artigo 13.2 ata nun máximo de 15 puntos porcentuais, ata esgotar o orzamento da ficha financeira.

3. En caso de empate, segundo as puntuacións obtidas de acordo co anexo V, serán prioritarios en primeiro lugar os programas con maior puntuación no punto 1.a). En caso de continuar o empate, priorizaranse os programas con maior puntuación de acordo coa seguinte orde: punto 2.a), punto 2.c), punto 1.d), punto 2.b), punto 1.b), punto 1.c) e número 3.

4. Os organismos públicos poderán ser incluídos na listaxe definitiva de programas. No caso de que se optase por diminuír a axuda máxima prevista no artigo 13.2, estes programas poderán ser incluídos na listaxe definitiva aplicándolles a porcentaxe de axuda menor.

Artigo 11. *Resolución.*

1. Unha vez alcanzado o acordo da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural sobre a listaxe definitiva das accións e programas seleccionados coa distribución de fondos e as condicións establecidas para eles, as comunidades autónomas ou o Fondo Español de Garantía Agraria, de ser o caso, resolverán as solicitudes e notificaránlles aos beneficiarios. O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes.

Transcorrido o prazo de seis meses sen lles notificar aos interesados ningunha resolución, estes poderán entender desestimada a súa solicitude de acordo co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Contra a resolución da comunidade autónoma poderá interporse o correspondente recurso na vía administrativa ou contencioso-administrativa, en función de que non esgote ou esgote a vía administrativa. Se a resolución corresponde ao FEGA, contra esta poderase interpor recurso de alzada ante o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Cando o solicitante sexa unha asociación temporal ou permanente de produtores, a resolución deberá diferenciar, se é o caso, o importe de subvención que deberá aplicar cada un deles, de acordo co artigo 11.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. Para o caso previsto no punto 2.b) do artigo anterior, as resolucións poderán facer referencia á aplicación dunha diminución da axuda máxima prevista e, en tal caso, cando haxa desistencias ou modificacións autorizadas de acordo co artigo 12, as comunidades autónomas poderán realizar resolucións complementarias de acordo co previsto no número 4 do presente artigo.

No caso de resolución positiva, os beneficiarios comunicaranlle ao órgano competente da comunidade autónoma, ou ao Fondo Español de Garantía Agraria no caso previsto no número 3 do artigo 9, no prazo máximo de dous meses, a aceptación da resolución nos termos establecidos, así como a xustificación da constitución dunha garantía, de acordo coas condicións previstas no Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos organismos pagadores e outros órganos, xestión financeira, liquidación de contas, garantías e uso do euro, por un importe non inferior ao 15 por cento do importe anual do financiamento da Unión Europea, co fin de asegurar a correcta execución do programa.

No caso de resolución complementaria, deberase ampliar a garantía inicial ata completar o importe exigido no parágrafo anterior. O beneficiario deberalle comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma ou ao FEGA, se é o caso, a aceptación

desta resolución complementaria. A non presentación da ampliación da garantía entenderase como a non aceptación por parte do beneficiario, e manterase o programa tal e como foi aprobado inicialmente.

No caso de que o beneficiario, para o exercicio Feaga correspondente, teña varios programas aprobados, o organismo xestor da comunidade autónoma poderá admitir o depósito dunha garantía global que garanta o importe de todos eles, sempre e cando os citados programas sexan xestionados nunha mesma comunidade autónoma.

No caso de que os beneficiarios sexan organismos públicos, estes estarán exentos de cumprir co requisito de ter que depositar a garantía de boa execución, tal e como establece o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e o Consello, do 17 de decembro de 2013.

3. A obriga, segundo o artigo 66.1 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, será a execución de, polo menos, o 50 por cento do orzamento total do programa obxecto da última resolución favorable. Por debaixo deste procederase á execución total da garantía de boa execución, ademais de non pagar a parte executada independentemente da porcentaxe que sexa. Para estes efectos, deberase ter en conta o previsto no artigo 12.3.

4. Como moi tarde o 1 de febreiro de cada ano, as comunidades autónomas en que se producen desistencias dos beneficiarios cuxa solicitude fose obxecto de resolución estimatoria e modificacións autorizadas de acordo co artigo 12 enviarán, segundo o modelo do anexo VII, a listaxe de programas revisada de acordo coas ditas desistencias e modificacións, para os efectos de coñecer os fondos que se liberen.

No caso de que se aplicase unha diminución na axuda máxima prevista e existan fondos sobrantes durante a execución dos programas, poderáselle propor á Comisión Nacional de Selección de Programas a repartición dos ditos fondos con ámbito nacional, co fin de mellorar a dotación financeira dos programas que non fosen obxecto de desistencia nin modificación, agás se son debidas a pequenas modificacións. Os criterios de repartición destes fondos estableceráos a Conferencia Sectorial para cada exercicio Feaga en función das necesidades.

Artigo 12. *Modificación das accións e programas.*

1. Antes da presentación da solicitude de pagamento final, antes dos controis sobre o terreo previos ao pagamento final e, en todo caso, antes da finalización da execución do programa, os beneficiarios poderán presentar modificacións dos programas inicialmente seleccionados, sempre que non comprometan os obxectivos dos programas no seu conxunto, non se modifiquen á alza os orzamentos dos programas, non supoñan cambios na admisibilidade nin variacións da puntuación á baixa, estean debidamente xustificadas, se comuniquen dentro dos prazos que fixen as autoridades competentes e estean autorizadas por elas.

A comunidade autónoma ou o Fondo Español de Garantía Agraria, se é o caso, resolverán as solicitudes de modificación e notificaránlles aos beneficiarios nun prazo máximo de 60 días desde a recepción completa da solicitude de modificación. Este prazo poderá quedar interrompido mediante notificación da autoridade competente da comunidade autónoma ou do FEGA, se é o caso, se se considera necesario recibir información adicional ou efectuar algunha verificación.

2. Non obstante, poderase permitir que se efectúen de forma automática sen autorización previa do órgano xestor pequenas modificacións dentro do importe da axuda autorizada na última resolución vixente, sempre e cando se cumpran os requisitos do parágrafo anterior.

3. Para os efectos previstos no número 2, entenderanse como pequenas modificacións, entre outras, os seguintes supostos:

a) As transferencias financeiras entre as accións dun programa xa aprobado ata un máximo do 20 por cento do importe autorizado na última resolución vixente para cada acción, sempre que non se supere o importe total da axuda autorizada para o programa.

b) As modificacións á baixa do orzamento do programa autorizado na última resolución vixente dentro do límite do 20 por cento, sempre que sexan debidas exclusivamente a aforros orzamentarios e se executen todas as accións.

Tales circunstancias deberán estar debidamente acreditadas e serán comunicadas ao órgano xestor en calquera momento ou, como moito, no momento da solicitude de pagamento.

4. As comunidades autónomas comunicaranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo o modelo do anexo VII, antes do 1 de febreiro de cada ano, as modificacións que se produciron e que afecten as anualidades en curso.

5. As modificacións que afecten anualidades non comezadas, no caso de programas plurianuais, deberán ser notificadas, antes do 15 de xaneiro de cada ano, ao órgano competente da comunidade autónoma para a súa aprobación, quen, pola súa vez, llas comunicará ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación segundo o modelo do anexo VII antes do 15 de marzo.

Artigo 13. *Financiamento.*

1. O financiamento da Unión Europea das accións recollidas no artigo 4.1 do presente real decreto realizarase de conformidade co artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. A participación financeira da Unión nos programas seleccionados non poderá superar o 50 por cento dos gastos subvencionables. Nos programas de dous ou tres anos de duración o dito límite máximo considérase para cada ano de execución.

3. Só se concederá a porcentaxe de axuda aprobada na última resolución vixente cando o grao de execución do orzamento do programa obxecto de resolución acade, polo menos, o 70 por cento.

Se a execución do dito orzamento se encontra entre o 50 e o 70 por cento, aplicaranse as seguintes reducións á porcentaxe de axuda aprobada na última resolución vixente:

a) Se a execución é maior ou igual ao 65 e menor do 70 por cento, diminuírase en 5 puntos porcentuais a porcentaxe de axuda aprobada.

b) Se a execución é maior ou igual ao 60 e menor do 65 por cento, diminuírase en 10 puntos porcentuais a porcentaxe de axuda aprobada.

c) Se a execución é maior ou igual ao 50 e menor do 60 por cento, diminuírase en 15 puntos porcentuais a porcentaxe de axuda aprobada.

Non se concederá axuda e executarase a garantía depositada se o grao de execución está por debaixo do 50 por cento.

4. A contía máxima de axuda solicitada por beneficiario non poderá superar o 5 por cento do orzamento total destinado á medida regulada nesta sección, na ficha financeira do programa de apoio para o exercicio Feaga correspondente. A dita limitación só será aplicable aos beneficiarios recollidos no punto 1.a) do artigo 5.

5. A achega económica dos beneficiarios poderá proceder de tarifas ou contribucións obrigatorias.

Artigo 14. *Anticipos.*

1. O beneficiario, se non é organismo público, poderá presentar ao organismo competente da comunidade autónoma unha solicitude de anticipo, que poderá chegar ao 80 por cento do importe da contribución anual da Unión Europea.

2. O pagamento dun anticipo supeditarase á constitución dunha garantía a favor do órgano competente da comunidade autónoma, por un importe igual ao 100 por cento do dito anticipo, de conformidade co Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, do 11 de marzo.

Artigo 15. *Pagamentos.*

1. Poderase solicitar un único pagamento ou pagamentos intermedios da contribución anual da Unión Europea. As solicitudes referiranse ás accións realizadas e pagadas.

2. Todos os pagamentos se deben realizar a través dunha conta bancaria única dedicada en exclusiva para este fin, salvo as excepcións que poida establecer o órgano competente da comunidade autónoma ou o FEGA no caso de organismos públicos de ámbito nacional.

3. As solicitudes de pagamentos intermedios deberanse presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma ou ante o FEGA no caso de organismos públicos de ámbito nacional, antes de que conclúa o mes seguinte a aquel en que finalice cada período de catro meses, a partir do 1 de maio.

Os pagamentos intermedios e o pagamento do anticipo previsto no artigo 14 non poderán superar no seu conxunto o 80 por cento do total da contribución da Unión Europea.

4. Unha vez finalizadas as accións de cada anualidade, e antes do 1 de xuño, o beneficiario poderá solicitar o pagamento do saldo da axuda ante o órgano competente da súa comunidade autónoma ou o Fondo Español de Garantía Agraria O.A., de ser o caso.

5. A comunidade autónoma ou o Fondo Español de Garantía Agraria, se é o caso, realizará os pagamentos nun prazo máximo de 75 días desde a recepción completa da solicitude de pagamento. Este prazo poderá quedar interrompido mediante notificación da autoridade competente da comunidade autónoma ou do FEGA, se é o caso, se se considera necesario recibir información adicional ou efectuar algunha verificación.

6. Para que se consideren admisibles, coas solicitudes de pagamento xuntarase, polo menos:

a) Un informe resumo das accións analizadas en actividades co correspondente importe orzamentario e o custo final de cada unha delas, e unha avaliación dos resultados obtidos que se poden verificar na data do informe.

b) As facturas e demais xustificantes de gasto dos pagamentos realizados. No caso de accións cuxa execución se subcontrate a provedores de servizo, deberase achegar factura do dito provedor e proba do pagamento efectivo.

c) Cadro repertoriado das facturas.

d) Extracto bancario da conta mencionada no número 2 do presente artigo en que se poida comprobar a realización dos pagamentos xustificadas mediante as facturas citadas na letra b).

e) O beneficiario quedará exento de achegar a documentación indicada na letra b) cando se acolla á presentación do certificado dos estados financeiros, recollido no número 7 deste mesmo artigo.

7. No caso de programas cuxa subvención aprobada sexa igual ou superior a 300.000 euros, os beneficiarios poderán presentar un certificado dos estados financeiros, xunto coa solicitude de pagamento, que deberá cubrir un importe correspondente a unha contribución da Unión dun importe igual ou superior a 150.000 euros. As comunidades autónomas e o FEGA, para o caso dos organismos públicos de ámbito nacional, poderán establecer limiares inferiores cando existan probas de que este método de control non aumenta o risco para os fondos da Unión.

Así mesmo, as comunidades autónomas e o FEGA poderán establecer a obrigatoriedade para o beneficiario de presentar este certificado xunto coa solicitude de pagamento.

O certificado será emitido por un auditor externo inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas que preste a garantía financeira a que se refire o artigo 27 da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, e deberá ofrecer probas adecuadas da subvencionabilidade e autenticidade dos gastos propostos, conforme os seguintes criterios:

a) Trátase de gastos realmente contraídos polo beneficiario ou pola entidade organizadora a que o beneficiario confiase a aplicación do programa de información ou promoción ou de partes del.

b) Corresponden aos gastos considerados subvencionables pola autoridade competente no orzamento do programa aprobado e son necesarios para a execución do programa, nos termos aprobados pola autoridade competente.

c) Son identificables e verificables: están consignados, por exemplo, na contabilidade do beneficiario ou da entidade que execute as accións de promoción e determináronse conforme as normas de contabilidade, aplicables ao beneficiario ou á entidade que execute as accións de promoción.

d) Axústanse ás exixencias da lexislación fiscal e social aplicable.

e) Son razoables e xustificadas e cumpren o principio de boa xestión financeira, en especial no referente á economía e á eficiencia.

8. Así mesmo, de cara á xustificación técnica das accións, poderáselle solicitar ao beneficiario que achegue os medios de proba que acrediten a realización das accións promocionais.

9. Con carácter xeral, os tributos só poderán considerarse gastos subvencionables, sempre que o beneficiario os aboe efectivamente. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Queda, polo tanto, excluído o financiamento do imposto sobre o valor engadido (IVE), así como o imposto xeral indirecto canario (IXIC), na medida en que sexan deducibles.

10. Só se poderá estimar favorablemente unha solicitude de pagamento cando quede acreditada a situación do beneficiario respecto ás súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como polo reintegro de subvencións.

11. No caso de que o beneficiario sexa unha agrupación, non se poderá realizar o pagamento da subvención mentes algún dos membros da agrupación non se encontre ao día nas obrigas establecidas no punto anterior.

Artigo 16. *Gastos subvencionables.*

1. Con carácter xeral, consideraranse gastos subvencionables aqueles que respondan inequivocamente á natureza da actividade subvencionada.

2. Serán subvencionables tamén:

a) Gastos administrativos do beneficiario, sempre e cando os ditos gastos se consignen nunha partida específica do orzamento recapitulativo do programa. Estes gastos incluírán, se é o caso, os correspondentes ao certificado dos estados financeiros.

b) Custos de persoal, se se producen con motivo da preparación, execución ou seguimento desa operación subvencionada concreta, incluída a avaliación. Os ditos custos de persoal inclúen os custos do persoal contratado polo beneficiario especificamente con motivo da operación e os custos correspondentes á proporción das horas de traballo investidas na operación por parte de persoal permanente do beneficiario.

As condicións para a subvencionabilidade destes e doutros gastos son as establecidas no anexo VIII deste real decreto.

3. O gasto será subvencionable sempre que:

a) se levase a cabo a actividade promocional subvencionada que orixina o gasto dentro da anualidade do programa, isto é, entre o 1 de maio e o 30 de abril, e

b) o gasto fose efectivamente pagado polo beneficiario con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, é dicir, antes do 1 de xuño.

4. Non se poderán considerar subvencionables os custos referidos no anexo IX deste real decreto.

Artigo 17. *Liberación de garantías.*

1. A garantía prevista no artigo 14 liberarase cando a comunidade autónoma recoñeza o dereito definitivo a percibir o importe anticipado.

2. A garantía prevista no artigo 11 deberá ter validez ata o momento do pagamento do saldo e liberarase cando a autoridade competente da comunidade autónoma acorde a súa cancelación.

Artigo 18. *Controis.*

Os órganos competentes da comunidade autónoma e o Fondo Español de Garantía Agraria, se é o caso, realizarán todos os controis antes de aboar o pagamento final dun programa.

Como moito o 15 de xaneiro de cada ano, as comunidades autónomas comunicaranlle ao FEGA un informe anual sobre os controis efectuados durante o exercicio financeiro anterior para dar cumprimento aos requisitos establecidos no capítulo III do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire aos programas nacionais de apoio no sector vitivinícola, con respecto á medida de promoción de viño en países terceiros do programa de apoio. O citado informe anual comunicarse utilizando o modelo que figura no anexo X.

No caso de levarse a cabo controis posteriores ao pagamento no ámbito de auditorías da Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) ou outros organismos nacionais ou internacionais, o resultado dos ditos controis, en calquera caso, non afectará o grao de cumprimento do programa.

Artigo 19. *Controis administrativos.*

1. Efectuaranse controis administrativos de todas as solicitudes de axuda e de pagamento.

2. No caso de que o beneficiario presente o certificado dos estados financeiros, poderanse realizar controis administrativos do dito certificado. Non obstante, en caso de que a comprobación administrativa do certificado dos citados estados financeiros non ofrezca probas adecuadas da subvencionabilidade e realidade dos custos, ou do cumprimento dos criterios enumerados no artigo 15.7, solicitarase a información adicional que se considere necesaria e levaranse a cabo outros controis, se for preciso.

Artigo 20. *Controis sobre o terreo.*

Os órganos competentes da comunidade autónoma e o Fondo Español de Garantía Agraria, se é o caso, realizarán un plan de control anual que incluírá unha mostra de, como mínimo, o 5 por cento das solicitudes seleccionadas conforme o establecido no artigo 21, así como, polo menos, o 5 por cento dos importes polos cales se solicite axuda.

Adicionalmente, os programas para os cales os beneficiarios comunicasen a súa intención de presentar un certificado dos estados financeiros, de conformidade co artigo 15.7, deberán ser sistematicamente obxecto de controis sobre o terreo, polo menos unha vez antes do pagamento final.

Os controis sobre o terreo terán por obxecto a verificación da realidade e subvencionabilidade dos gastos e consistirán no cotexo das facturas e xustificantes presentados cos rexistros contables e, de ser o caso, outros documentos xustificativos.

Na contabilidade xeral do beneficiario comprobarase que non se perciben axudas previstas no artigo 16.2 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, ou do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre accións de información e de promoción relativas a produtos agrícolas

no mercado interior e en países terceiros, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 3/2008 do Consello.

Poderanse realizar controis sobre o terreo dos programas de información e promoción nas dependencias do beneficiario ou da entidade que executa as accións de promoción a que o beneficiario confiase a aplicación do programa de información ou promoción ou de partes dela.

Durante estes controis sobre o terreo, os inspectores poderán comprobar unha mostra equivalente, como mínimo, ao 30 por cento do importe da axuda solicitada e, como mínimo, ao 5 por cento do total das facturas ou outros xustificantes presentados ou cubertos polo certificado dos estados financeiros, achegados ata o momento en que se efectúa o control sobre o terreo.

Artigo 21. *Selección da mostra de control.*

1. A mostra do plan de control reflectido no artigo 20 será seleccionada cada ano pola autoridade competente sobre a base dunha análise de riscos e da representatividade das solicitudes de axuda presentadas.

A eficacia da análise de riscos avaliarase e actualizarase anualmente de acordo co disposto no artigo 34.1 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

2. A representatividade das solicitudes antes referidas garantirase seleccionando de forma aleatoria entre un 20 por cento e un 25 por cento do número mínimo de solicitudes que deban ser sometidas a controis sobre o terreo.

3. A autoridade competente levará rexistros dos motivos que conducisen á selección dun beneficiario determinado para os controis sobre o terreo. O inspector que realice o control sobre o terreo será informado deses motivos antes de iniciar o control.

Artigo 22. *Comprobación do material.*

Os beneficiarios da axuda deberanse asegurar da conformidade do material de información e promoción elaborado no marco dos programas, tanto coa normativa da Unión Europea como coa lexislación do país terceiro en que se desenvolva o programa. Para iso, o beneficiario presentará ante a comunidade autónoma competente ou o Fondo Español de Garantía Agraria, se é o caso, unha declaración responsable onde indique a conformidade do dito material e o cumprimento da normativa de aplicación correspondente, así como evidencias da proba de chegada a destino do material promocional utilizado por parte do destinatario no país terceiro, sempre e cando sexa susceptible de ser utilizado noutro mercado distinto ao país de destino.

Artigo 23. *Comité de avaliación e seguimento da medida.*

1. No marco da Mesa de Promoción Alimentaria, aprobada na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural do 19 de febreiro de 2007, constituirase un comité de avaliación e seguimento da medida de promoción, en diante o Comité, no cal se integrarán catro representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, designados polo secretario xeral de Agricultura e Alimentación, un representante por cada unha das comunidades autónomas que desexen integrarse, un representante do ICEX España Exportación e Investimentos, designado polo presidente do organismo, un representante da Federación Española do Viño, un representante da Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas, un de cooperativas agroalimentarias e un representante de cada unha das OPA representativas.

2. O Comité estará presidido polo director xeral da Industria Alimentaria e actuará como secretario un funcionario da Subdirección Xeral de Promoción Alimentaria, designado polo presidente, que actuará con voz pero sen voto. No caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o presidente será suplido polo vicepresidente, que será un funcionario con nivel de subdirector xeral, designado polo secretario xeral de Agricultura e Alimentación.

O funcionamento do dito comité será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios do órgano en que se encontra integrado.

3. As funcións do Comité serán:

- a) Elaboración da estratexia e directrices previstas no artigo 7.
- b) Seguimento da execución e avaliación das accións e programas.
- c) Proposta de accións e programas de interese xeral.
- d) Proposta de prioridades respecto a produtos e países destinatarios.

4. O Comité reunirse periodicamente en función das necesidades ou por petición dos seus membros. Para tal fin, será informado, en relación con cada un dos programas, do calendario das accións previstas, dos informes das actividades realizadas e dos resultados dos controis practicados.

5. O Comité axustarase no seu funcionamento ao previsto na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 24. *Informes.*

1. As comunidades autónomas elaborarán un informe anual do resultado dos programas e controis efectuados, que se presentará antes do 1 de novembro de cada ano ao comité de avaliación e seguimento da medida previsto no artigo 23.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizará anualmente un informe xeral dos programas xunto con, se é o caso, propostas de modificación da medida.

Sección 2.^a Reestruturación e reconversión de viñas

Artigo 25. *Ámbito de aplicación.*

A axuda á reestruturación e reconversión de viñas prevista no artigo 46 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, será de aplicación ás viñas que se destinen á produción de uva para vinificación.

Artigo 26. *Beneficiarios.*

1. Poderanse acoller á axuda á reestruturación e reconversión de viñas, no marco do Programa nacional de apoio ao sector vitivinícola 2019-2023, os viticultores e futuros viticultores cuxas viñas se destinen á produción de uva para vinificación.

2. Non poderán ser beneficiarios:

a) Aqueles viticultores que contraveñan a normativa vixente en materia de plantacións de viña, para calquera das superficies de viña da súa explotación.

b) Aqueles viticultores que solicitasen axuda en exercicios anteriores, no marco do Programa de apoio 2019-2023, para realizar unha operación de reestruturación e reconversión de viña e, unha vez aprobada esta operación, segundo o artigo 34.2, renuncien á súa execución ou non iniciasen a súa execución no exercicio financeiro indicado na solicitude aprobada ou modificada segundo o artigo 47, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, segundo se recolle no segundo punto do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e nos casos excepcionais que estableza a correspondente comunidade autónoma na súa normativa.

Subsección 1.^a Reestruturación e reconversión de viñas

Artigo 27. *Actividades subvencionables.*

1. O apoio para reestruturación e reconversión de viñas só se poderá conceder para unha ou varias das actividades seguintes:

- a) Reimplantación de viñas.
 - b) Reconversión varietal.
 - c) Mellora das técnicas de xestión de viñas.
2. Non se poderán acoller a este réxime de axudas:
- a) A renovación normal das viñas que chegasen ao final do seu ciclo natural, entendida como a replantación dunha mesma parcela de terra coa mesma variedade de uva de vinificación e segundo o mesmo «método de cultivo».
 - b) As superficies que se beneficiasen desta axuda á reestruturación e reconversión de viñas nas últimas 10 campañas, salvo para o cambio de vaso a espaller ou a outro sistema de condución. O período contabilizarase a partir da data en que o beneficiario solicitou o pagamento definitivo da axuda para esa superficie ou a liquidación do saldo, no caso de solicitar anticipo.
 - c) Os custos das accións recollidas no artigo 14 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016.
 - d) As superficies plantadas cunha autorización de nova plantación concedida en virtude do artigo 63 e 64 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.
 - e) As superficies plantadas cunha autorización de plantación concedida en virtude do artigo 68 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, que orixinaron dereitos adquiridos doutra explotación ou concedidos a partir dunha reserva ou novos dereitos de plantación.

Artigo 28. Solicitudes de axuda á reestruturación e reconversión de viñas.

1. A medida de reestruturación e reconversión de viñas levarase a efecto a través de solicitudes para a reestruturación e reconversión de viñas, que conterán as correspondentes operacións que se deberán realizar, así como o detalle das accións de cada unha delas. As solicitudes poderán conter operacións anuais e/ou bianuais, sen que en ningún caso se estendan máis alá do exercicio financeiro 2023.
2. As solicitudes poderanse presentar de forma individual ou colectiva. No caso de que se presenten de forma colectiva, deberase realizar a través dun interlocutor único coa Administración correspondente.
3. Para presentar as solicitudes de forma colectiva requirirase un mínimo de 10 solicitantes individuais. As comunidades autónomas poderán reducir o número mínimo de solicitantes ata 5 cando, polas súas especiais características, non se poida alcanzar o número citado.

Artigo 29. Presentación de solicitudes de reestruturación e reconversión de viñas.

1. Os solicitantes que sexan persoas físicas ou xurídicas que se queiran acoller á axuda de reestruturación e reconversión de viñas obxecto de financiamento da Unión Europea deberán presentar, a través de calquera dos rexistros e medios electrónicos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a correspondente solicitude. O modelo de solicitude e o prazo de presentación serán os que determine o órgano competente da comunidade autónoma en que estean situadas as superficies que se deberán reestruturar ou reconverter. En calquera caso, a data máxima de presentación será anterior á data límite para a comunicación de necesidades de financiamento do exercicio seguinte, referido no artigo 33.1 deste real decreto.

Así mesmo, e en aplicación do previsto no segundo parágrafo do número 5 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os solicitantes persoas físicas presentarán as súas solicitudes na mesma forma prevista no parágrafo anterior.

2. Os solicitantes deberán achegar a seguinte información mínima:

- a) Identificación do solicitante.
- b) Obxectivos perseguidos por cada operación da solicitude.

c) Calendario de execución das operacións incluídas na solicitude, no cal se indicará o exercicio financeiro en que se prevé que se solicitará o pagamento de cada unha das operacións incluídas na solicitude.

d) Descrición detallada das accións propostas e custos subvencionables e, no caso de que se pretenda solicitar anticipo para algunha operación, indicación da contía do anticipo e do exercicio financeiro en que se vai solicitar o pagamento do dito anticipo, salvo naqueles casos en que a comunidade autónoma dispoña dunha solicitude específica para o pagamento anticipado.

e) Superficie afectada por cada operación, así como a localización e as características das parcelas, iniciais e reestruturadas (variedades, sistemas de formación, marco de plantación etc.), con achega da identificación dos recintos Sixpac das parcelas que integran a solicitude.

f) En caso que a arrinca se realice con anterioridade á presentación da solicitude de axuda:

1.º Resolucións de arrinca e/ou autorizacións de plantación concedidas en virtude do artigo 66 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, que se van utilizar.

2.º Dereitos de replantación para converter en autorizacións de plantación e/ou autorizacións de plantación concedidas en virtude do artigo 68 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, orixinado pola arrinca de viña na explotación do mesmo viticultor, que se van utilizar.

Artigo 30. *Requisitos das solicitudes.*

1. A superficie total reestruturada ou reconvertida no marco dunha solicitude de reestruturación e reconversión de viñas deberá ser de, polo menos, 0,5 hectáreas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, as comunidades autónomas poderán establecer límites superiores ou inferiores sempre e cando neste último suposto o tamaño medio das parcelas de viña desa comunidade sexa inferior a 0,2 hectáreas. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán establecer un límite inferior só para determinadas rexións vitícolas diferenciadas dentro da súa comunidade autónoma, sempre que dispoñan de datos obxectivos que xustifiquen a dita redución para esa rexión en particular.

2. A parcela de viña, unha vez reestruturada, terá que ser, polo menos, de 0,5 hectáreas. Non obstante, o dito límite poderá ser inferior se o número de parcelas, tras a realización da operación de reestruturación e reconversión, é inferior ao 80 por cento do número de parcelas iniciais, ou se o tamaño medio das parcelas de viña para unha comunidade autónoma é inferior a 0,1 hectáreas. Tamén poderá ser inferior a 0,5 hectáreas se é lindeira con outra parcela do mesmo titular ou viticultor. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán establecer un límite inferior só para determinadas rexións vitícolas diferenciadas dentro da súa comunidade autónoma, sempre que dispoñan de datos obxectivos que xustifiquen a dita redución para esa rexión en particular.

Nos casos en que a operación se limite a accións de sobre enxertado ou de cambio de vaso a espaller ou a outro sistema de condución, a superficie mínima será a inicial.

3. A superficie máxima obxecto de resolución aprobatoria será de 25 hectáreas por viticultor e ano. Non obstante, as comunidades autónomas poderán reducir a superficie máxima que se reestruturará ou reconverterá por viticultor e ano.

4. Será obrigatorio en todas as plantacións, salvo as situadas na Comunidade Autónoma de Canarias, utilizar portaenxertos certificados.

5. No caso que o viticultor non sexa o propietario da superficie que se vai reestruturar ou reconverter deberá achegar unha solicitude de autorización por parte do propietario, ou documento xustificativo equivalente, antes de realizar a acción correspondente.

Artigo 31. *Criterios de admisibilidade.*

1. De acordo co número 1 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, as comunidades autónomas examinarán as solicitudes baseándose nos criterios de admisibilidade establecidos no artigo 13 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, sen que se poidan incluír criterios de admisibilidade adicionais.

2. Así mesmo, requirirán ao solicitante, se é o caso, a presentación da documentación ou información que se vai emendar, ou da adicional pertinente.

3. Ás solicitudes que non cumpran os requisitos de admisibilidade do número 1 aplicaráselles o número 6 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

Artigo 32. *Criterios de prioridade.*

1. Na aprobación de solicitudes de operacións de reestruturación e reconversión de viñas, daráselles prioridade en todo o territorio nacional:

a) Aos solicitantes que no ano de presentación da solicitude non fagan máis de 40 anos.

b) Ás solicitudes presentadas de forma colectiva a través dun interlocutor coa Administración.

c) Ás explotacións agrarias de titularidade compartida, previstas na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias.

2. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán establecer criterios de prioridade adicionais aos establecidos no ámbito nacional, sempre que estean baseados na estratexia da medida ou nos obxectivos estratéxicos fixados por cada comunidade, e que sexan obxectivos e non discriminatorios.

3. Estes criterios de prioridade adicionais deberán ser comunicados á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación antes do 1 de maio do exercicio financeiro anterior ao anterior da súa aplicación, xunto á estratexia e obxectivos estratéxicos que o xustifiquen, máis a ponderación que aplique cada comunidade a cada criterio de prioridade, nacional ou autonómico, para a súa inclusión no Programa de apoio no marco das modificacións que se permiten facer segundo o artigo 2 e de acordo co artigo 3 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

4. Só se poderán aplicar os criterios de prioridade e ponderacións comunicados ao Ministerio e incluídos no Programa de apoio e comunicados á Comisión Europea, conforme o número 3.

Artigo 33. *Asignación de fondos.*

1. As comunidades autónomas remitiranlle á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, antes do 1 de maio de cada ano, as necesidades de financiamento para o exercicio financeiro seguinte de acordo co anexo XI.

As ditas necesidades estarán baseadas no importe total das operacións de novas solicitudes admisibles para financiar no exercicio Feaga seguinte, e na estimación dos pagamentos pendentes do exercicio Feaga en curso ou exercicios Feaga anteriores, que se terán que efectuar no exercicio Feaga seguinte.

2. Unha vez coñecidas as disponibilidades financeiras para a reestruturación e reconversión de viñas de cada exercicio Feaga, a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, tendo en conta a información remitida polas comunidades autónomas prevista no número anterior, acordará a asignación de fondos para cada comunidade autónoma. A dita asignación realizarase tendo en conta, en todo caso, a superficie de viña e a necesidade de reestruturar determinadas viñas como consecuencia

da non adecuación das súas producións ao mercado, sen prexuízo da reasignación posterior de fondos, que se realizará, de ser o caso, segundo o disposto no artigo 35.

3. A asignación de fondos que reciba cada comunidade autónoma para o exercicio Feaga seguinte deberá ser distribuída da seguinte forma:

a) En primeiro lugar, a comunidade autónoma deberá tomar desta os fondos necesarios para atender os pagamentos pendentes do exercicio Feaga en curso ou exercicios Feaga anteriores que teñan que efectuar no exercicio Feaga seguinte.

b) Os fondos restantes desta constituirán o orzamento dispoñible para que esa comunidade autónoma aprobe as operacións de novas solicitudes, que se financiarán no exercicio Feaga posterior, conforme o artigo seguinte.

Artigo 34. *Procedemento de selección.*

1. As comunidades autónomas, despois de examinarens as solicitudes presentadas e avaliaren a admisibilidade destas segundo o artigo 31, elaborarán unha listaxe de operacións admisibles ordenada con base na puntuación obtida ao aplicar a ponderación dos criterios de prioridade do artigo 8, conforme o número 2 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

2. Cando o importe total das operacións de novas solicitudes para financiar no exercicio Feaga seguinte supere o orzamento dispoñible para as operacións de novas solicitudes do artigo 33.3.b), as comunidades autónomas, segundo establece o punto 3 do artigo 23 do Regulamento de execución 2016/1150, aprobarán definitivamente as operacións de novas solicitudes admisibles presentadas en orde decrecente da clasificación obtida ao aplicar a ponderación dos criterios de prioridade ata esgotar o orzamento dispoñible.

3. Como alternativa, segundo establece o segundo parágrafo do punto 3 do artigo 23 do Regulamento de execución 2016/1150, as comunidades autónomas poderán fixar un limiar cunha puntuación mínima e aprobar todas as operacións de novas solicitudes admisibles que alcancen a puntuación do limiar. Neste caso, se o importe total das operacións de novas solicitudes que se vaian financiar no exercicio Feaga seguinte supera o orzamento dispoñible para elas, as comunidades poderán aplicar pagamentos rateados ás operacións de novas solicitudes admisibles aprobadas definitivamente ata axustarse ao orzamento dispoñible do artigo 33.3.b).

4. En calquera caso, na aprobación definitiva de operacións bianuais de novas solicitudes, as comunidades autónomas non poderán comprometer, para o exercicio Feaga en que se indicase na letra c) do artigo 29.2 que se prevé solicitar o pagamento para as ditas operacións, un orzamento que supoña máis do 50 % da asignación recibida para o exercicio Feaga seguinte segundo o artigo 33.

5. As comunidades autónomas resolverán sobre as operacións presentadas, no prazo máximo de seis meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo de seis meses sen se lles notificar aos interesados ningunha resolución, estes poderán entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo de que se dite resolución expresa que, no caso de ser desestimatoria, conterà os motivos desta.

Contra a resolución da comunidade autónoma poderá interperse o correspondente recurso na vía administrativa ou contencioso-administrativa, en función de que non esgote ou esgote a vía administrativa.

6. Cando existan operacións excluídas resultantes do establecido no punto anterior segundo o número 6 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, os solicitantes deberán ser informados dos motivos da exclusión. Non obstante, as comunidades autónomas poderán aplicar o disposto no artigo 5 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión.

Artigo 35. *Reasignación de fondos entre comunidades autónomas.*

1. Co fin de garantir a total execución do orzamento dispoñible do Programa nacional de apoio, como moito o 30 de xuño de cada ano as comunidades autónomas enviaranlle, mediante escrito asinado polo director xeral competente, á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación os fondos que prevexa gastar ata o 15 de outubro do exercicio financeiro en curso de acordo co anexo XII. Así mesmo, a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación solicitaralle ao FEAGA os pagamentos realizados polo organismo pagador no exercicio financeiro en curso, referidos ao venres da semana inmediatamente anterior á data do 30 de xuño.

2. Cando unha comunidade autónoma comunique conforme o número anterior que prevé gastar uns fondos inferiores á asignación recibida segundo o artigo 33.2, os fondos que considere que non vai utilizar distribuiranse entre as comunidades autónomas que comunicasen, segundo o número 1, que prevén gastar unha cantidade de fondos superior á súa asignación, en función dos criterios acordados segundo o artigo 33.2.

Artigo 36. *Prazos aplicables aos pagamentos dos beneficiarios.*

A presentación da solicitude de pagamento referida no artigo 39 por parte dun beneficiario deberase realizar non máis tarde do 31 de xullo de 2023. O pagamento aos beneficiarios realizarase o antes posible no exercicio Feaga que finalizou a operación ou, como moito, nun prazo máximo de doce meses desde a data da presentación da solicitude de pagamento válida e completa, sen que en ningún caso o pagamento da operación se estenda máis alá do exercicio financeiro 2023.

Artigo 37. *Cálculo da axuda.*

1. Poderanse conceder axudas para:

a) Compensar os viticultores participantes no plan pola perda de ingresos derivada da súa aplicación.

b) Participar nos custos da reestruturación e reconversión de viñas.

2. A compensación aos viticultores por perdas de ingresos concederase durante un máximo de dúas campañas. A compensación será do 25 por cento do valor medio da uva das tres últimas campañas no ámbito territorial onde se sitúen as parcelas obxecto de reestruturación ou reconversión, que a comunidade autónoma deberá definir. As comunidades autónomas poderán establecer que esta compensación adopte a forma de coexistencia de vides vellas e novas durante dúas campañas.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, non terán dereito de compensación por perda de ingresos aquelas superficies reestruturadas coa achega dunha autorización de plantación concedidas en virtude dos artigos 66 e 68 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e xerada por unha arrinca efectuada con anterioridade á presentación da solicitude de axuda.

Cando a operación que se leve a cabo sobre unha parcela de viña sexa o sobreexertado ou a transformación de vaso a espaller ou a outro sistema de condución, concederase a compensación por perda de ingresos para esa superficie por unha campaña.

3. A participación nos custos da reestruturación e reconversión da viña unicamente se poderá efectuar para as accións recollidas na segunda columna do anexo XIII, e non se poderán financiar accións de forma illada, con excepción do sobreexertado ou do cambio de vaso a espaller ou a outro sistema de condución. Tampouco serán subvencionables as accións con material de segunda man.

4. A participación nos custos da reestruturación e reconversión da viña será o resultado de aplicar a porcentaxe fixada no artigo 46.6 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013:

a) Ao caso de que se aplique o pagamento mediante a forma recollida no número 5 a) deste artigo: os importes máximos establecidos para cada unha das accións recollidas na segunda columna do anexo XIII, ou ben ao gasto efectivamente realizado e acreditado, realizado mediante factura e xustificante de pagamento, en caso de que sexa inferior que o importe máximo correspondente.

b) Ao caso de que se aplique o pagamento mediante a forma recollida no número 5 b) deste artigo: os valores dos baremos estándar de custos unitarios establecidos para cada unha das accións da segunda columna do anexo XIII.

En calquera dos dous casos anteriores, as comunidades autónomas poderán dispor, para o seu ámbito territorial, a aplicación dunha porcentaxe inferior á fixada no artigo 46.6 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e non aplicar a subvención dalgunha das accións incluídas na segunda columna do anexo XIII.

5. O pagamento da axuda por estas accións subvencionables poderase realizar das seguintes formas, conforme o establecido no artigo 44.1 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión:

a) Con base en xustificantes presentados polos beneficiarios e no establecemento de importes máximos subvencionables por accións, de maneira que a axuda concedida se baseará no menor dos dous importes, o presentado polos beneficiarios ou o importe máximo subvencionable. Para establecer os importes máximos cumprírase o establecido nos dous últimos parágrafos do artigo 44.1 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión.

b) Con base en baremos estándar de custos unitarios. Para calcular e establecer os valores dos baremos estándar de custos unitarios terase en conta o establecido no artigo 24 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150. O dito cálculo incluírá os valores das contribucións en especie.

6. As comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación a forma de reembolso dos custos subvencionables que vaian aplicar, antes do 1 de maio do exercicio financeiro anterior ao anterior da súa aplicación para que poidan ser recollidos no Programa nacional de apoio, a seguinte información referida á forma de pagamento que aplique:

a) O método de cálculo.
b) Valores obtidos por cada acción subvencionable.
c) Metodoloxía de actualización periódica e valores actualizados no caso de que corresponda.

7. As comunidades autónomas que vaian aplicar a forma de pagamento mediante xustificantes presentados polos beneficiarios poderán aplicar os importes máximos subvencionables indicados na última columna do anexo XIII, sempre que llo comuniquen á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de maio do exercicio financeiro anterior ao anterior da súa aplicación para que poida ser recollido no Programa nacional de apoio. Nese caso, non terán que enviar a información requirida no punto anterior.

8. No caso dunha comunidade autónoma que aplique a forma de pagamento mediante xustificantes presentados polos beneficiarios, poderá pagar as contribucións en especie en forma de provisión de traballo que non fose obxecto de ningún pagamento en efectivo xustificando con facturas e xustificantes de pagamento, segundo o establecido no artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, sempre que o prevexa e llo comunique á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación antes do 1 de maio do exercicio financeiro anterior ao anterior da súa aplicación, para que poidan ser recollidos no Programa nacional de apoio.

Para os efectos do cálculo do importe da axuda correspondente ás contribucións en especie, teranse en conta os puntos 2 b) e 3 do artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

Co fin de cumprir co establecido no artigo 3.a.vi) do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, o método de cálculo que aplicará cada comunidade autónoma para determinar o valor do traballo propio e a súa adaptación anual deberáse comunicar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación antes do 1 de maio do exercicio financeiro anterior ao anterior da súa aplicación, para que poidan ser recollidos no Programa nacional de apoio.

9. Non se financiarán os custos de arrinca naquelas superficies onde se utilicen autorizacións de plantación concedidas en virtude dos artigos 66 e 68 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, non xeradas pola arrinca efectuada na aplicación da operación de reestruturación e con anterioridade á solicitude da dita operación.

10. Para determinar o importe da axuda a que ten dereito un solicitante pola reestruturación e reconversión dunha superficie de viña, as comunidades autónomas realizarán unha medición da parcela reestruturada e, de ser o caso, da parcela arrincada seguindo o método previsto no artigo 44 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

11. Poderase autorizar a subrogación dos dereitos e obrigas derivados da aprobación da solicitude a un novo viticultor se este asume os compromisos adquiridos polo viticultor a quen se lle aprobou a solicitude nas parcelas subrogadas.

12. Salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, segundo se recolle no segundo punto do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e nos casos de expropiación, as superficies acollidas á axuda de reestruturación e reconversión de viñas de acordo co presente real decreto deberán permanecer en cultivo un período mínimo de dez campañas, contadas desde a campaña seguinte a aquela en que se solicitou o pagamento. O seu incumprimento obrigará o beneficiario da axuda a devolver a axuda percibida máis os xuros legais correspondentes.

Artigo 38. *Anticipos.*

1. Non obstante o disposto no artigo 39, os solicitantes desta axuda poderán solicitar un anticipo máximo do 80 por cento da axuda inicialmente aprobada cando constitúan unha garantía por un importe polo menos igual ao importe do anticipo.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 36, cando se concedan anticipos, a garantía executarase cando non se cumpra a obriga de gastar o importe total do anticipo concedido na execución da operación de que se trate antes de que finalice o prazo máximo fixado pola comunidade autónoma para solicitar o pagamento da operación. No caso de operacións anuais, o prazo situarase no mesmo exercicio financeiro en que se pague o anticipo e, no caso de operacións bianuais, no mesmo exercicio financeiro en que se solicítase o pagamento final da operación.

Cando as superficies consideradas se encontren nunha zona que sufrise unha catástrofe natural recoñecida polas autoridades competentes ou as operacións previstas non se poidan levar a cabo debido a problemas fitosanitarios certificados por un organismo acreditado, poderase adaptar prazo para o gasto do importe anticipado.

Cando o organismo pagador competente considere que o importe dos gastos reais correspondentes á contribución da Unión Europea destinada ás operacións de que se trate supera o importe do anticipo, a garantía poderá ser liberada.

Artigo 39. *Procedemento para o pagamento da axuda.*

1. Despois da finalización de cada operación, o beneficiario deberá presentar unha solicitude ou comunicación para o pagamento da axuda ante o órgano competente da súa

comunidade autónoma, no prazo que esta determine e que non supere o 31 de xullo do exercicio Feaga en que se finalizou a operación.

2. A dita solicitude ou comunicación deberá ir acompañada, polo menos, das facturas e xustificantes dos pagamentos que realice o beneficiario, no caso de que se aplique a forma de pagamento do artigo 37.5 a), ou dos documentos probatorios da execución da operación que, se é o caso, requira a comunidade autónoma cando se aplique a forma de pagamento do artigo 37.5. b).

3. A axuda pagarase segundo o cálculo establecido no artigo 37 do presente real decreto e unha vez que se comprobe que a operación se executou totalmente, e se axusta á solicitude aprobada ou modificada de acordo co artigo 47.

4. Se o viticultor non executa a operación na superficie total para a cal se aprobou a axuda, terase en conta a diferenza entre a superficie aprobada ou modificada segundo o artigo 47 e a superficie realmente executada determinada polos controis sobre o terreo. Se esta diferenza non supera o 20 %, calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo. Se a diferenza é superior ao 20 %, pero igual ou inferior ao 50 %, calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo e reducida no dobre da diferenza comprobada. Non obstante, non terá dereito á axuda no caso de que esta diferenza de superficies supere o 50 %.

5. No caso de que o beneficiario percibise un anticipo superior á axuda definitiva, deberá reembolsar a diferenza. Se, pola contra, a axuda definitiva resulta superior ao anticipo percibido, terá dereito ao cobramento da diferenza, sen que en ningún caso a axuda total sexa superior á inicialmente aprobada ou modificada.

6. No caso de que o solicitante presente a solicitude do anticipo dunha operación fóra da data establecida pola comunidade autónoma para a solicitude de pagamento de anticipo do exercicio financeiro indicado no punto 2 d) do artigo 29, a axuda que lle corresponda por esa operación, calculada segundo o artigo 37, reducirase nun 20%, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, segundo se recolle no segundo punto do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e nos casos excepcionais que estableza a correspondente comunidade autónoma na súa normativa, para a operación ou as operacións afectadas.

7. No caso de que o solicitante presente a solicitude de pagamento dunha operación fóra da data establecida pola comunidade autónoma para a solicitude de pagamento do exercicio financeiro indicado no punto 2 c) do artigo 29, a axuda que lle corresponda por esa operación, calculada segundo o artigo 37, reducirase nun 20%, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, segundo se recolle no segundo punto do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, e nos casos excepcionais que estableza a correspondente comunidade autónoma na súa normativa, para a operación ou as operacións afectadas.

8. No caso de que se executase unha arrinca, no marco da solicitude de axuda, dunha superficie da propia explotación do viticultor, nunha comunidade autónoma distinta da que execute o resto das accións da operación e solicítase a axuda, a comunidade autónoma onde se realizase a arrinca facilitaralle á comunidade autónoma onde se solicitou a axuda toda a información necesaria para o pagamento da axuda correspondente por esta acción.

9. A comunidade autónoma deberá emitir unha resolución de pagamento e realizar o pagamento ao beneficiario o antes posible no exercicio financeiro en que se executou a operación ou, como moito, nun prazo máximo de doce meses desde a data da presentación da solicitude de pagamento válida e completa.

Subsección 2.^a Replantación de viñas tras arrinca obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios por orde da autoridade competente

Artigo 40. *Ámbito de aplicación.*

Poderase conceder apoio á replantación aos viticultores que fosen obrigados a arrincar unha superficie de viña por motivos sanitarios ou fitosanitarios por así o establecer a autoridade competente da comunidade autónoma a partir da publicación do presente real decreto, sempre que na dita arrinca obrigatoria se cumprise co disposto na Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Artigo 41. *Requisitos da medida.*

1. Esta medida deberase executar antes do 1 de xuño da campaña seguinte a aquela en que se solicitou.

2. Será obrigatoria en todas as replantacións, salvo nas situadas na Comunidade Autónoma de Canarias, a utilización de portaenxertos certificados.

Para percibir a axuda é necesaria a presentación da factura do viveirista ou comerciante autorizado e o xustificante de pagamento.

Artigo 42. *Presentación e requisitos das solicitudes.*

1. Os interesados que sexan persoas xurídicas e que se queiran acoller a esta axuda deberán presentar a solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estea situada a superficie arrincada de forma obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios, mediante Rexistro Xeral Electrónico, no modelo disposto pola comunidade autónoma, a través de calquera dos rexistros e medios electrónicos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, con anterioridade ao 1 de febreiro da campaña anterior a aquela en que se pretenda executar a replantación.

Así mesmo, e en aplicación do previsto no segundo parágrafo do número 5 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os solicitantes persoas físicas presentarán as súas solicitudes na mesma forma prevista no parágrafo anterior.

A solicitude deberá conter, polo menos, a seguinte información:

a) Descrición detallada das accións que se van realizar e calendario de execución, no cal se indicará o exercicio financeiro en que se prevé que se solicitará o pagamento de cada unha das operacións incluídas na solicitude.

b) Superficie que se vai replantar, con indicación da localización e características das parcelas, iniciais e finais (variedades, sistemas de formación, marco de plantación etc.), con achega da identificación dos recintos Sixpac das parcelas.

c) Documentación xustificativa de ter arrincado a dita superficie por obriga da autoridade competente debido a motivos sanitarios ou fitosanitarios.

d) Autorizacións de plantación concedidas en virtude dos artigos 66 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e autorizacións de plantación concedidas en virtude do artigo 68 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, orixinadas pola arrinca de viña na explotación do mesmo viticultor, para utilizar.

e) Custos subvencionables.

2. A superficie máxima pola cal se solicita a axuda non superará a superficie que foi arrincada de forma obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios.

Artigo 43. *Tramitación de solicitudes e asignación de fondos.*

1. De acordo co número 1 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, as comunidades autónomas examinarán as solicitudes presentadas e avaliarán a súa admisibilidade en relación co cumprimento do prazo de presentación, a adecuación do contido destas e os custos subvencionables. Así mesmo, requirirán ao solicitante, se é o caso, a presentación da documentación ou información que se vai emendar, ou a adicional pertinente.

2. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de maio, as necesidades de financiamento para a replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios para o seguinte exercicio Feaga, de acordo co anexo XIII.

3. A Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural acordará a asignación financeira para o seguinte exercicio Feaga en función das necesidades comunicadas no parágrafo anterior. Na dita asignación terase en conta que o gasto total para replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios para un exercicio Feaga non poderá superar o 15% do gasto total para a medida de reestruturación e reconversión de viñas no mesmo exercicio Feaga. En caso de que as dispoñibilidades orzamentarias non alcancen a cubrir a totalidade das solicitudes, darase prioridade ás que proveñan de explotacións de titularidade compartida, de acordo coa Lei 35/2011, do 4 de outubro.

Unha vez acordada a asignación financeira, as comunidades autónomas resolverán as solicitudes e notificaránlles aos beneficiarios. O prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes e, no caso de non se dital e notificar resolución expresa no dito prazo, os interesados poderán entender desestimada a solicitude. Ás solicitudes que non cumpran os requisitos de admisibilidade do número 1 aplicaráselles o previsto no número 6 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

Contra a resolución da comunidade autónoma poderá interporse o correspondente recurso na vía administrativa ou contencioso-administrativa, en función de que non esgote ou esgote a vía administrativa.

Artigo 44. *Cálculo da axuda.*

1. Poderase conceder axuda para participar nos custos da replantación polas accións de: preparación do solo, planta e plantación, sistema de conducción, desinfección e protección individual de plantas contra coellos no momento da plantación, e non se poderán financiar accións de forma illada, con excepción da operación de planta e plantación.

En ningún caso será financiada nin a acción de arrinca nin se poderá conceder unha compensación por perda de ingresos.

2. A participación nos custos da replantación será o resultado de aplicar a porcentaxe fixada no artigo 46.6 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, aos importes máximos recollidos no anexo XIII establecidos para as accións subvencionables. A contía percibida en ningún caso poderá ser superior á que resulte da aplicación das ditas porcentaxes sobre o gasto efectivamente realizado e acreditado mediante factura e xustificante de pagamento para todas aquelas accións que non fosen executadas por medios propios.

3. Segundo o establecido no artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, as contribucións en especie en forma de provisión de traballo que non fose obxecto de ningún pagamento en efectivo xustificadas con facturas xustificantes de pagamento poderán optar á axuda sempre que a comunidade autónoma o preveña e llo comunique ao Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, antes do 1 de maio do exercicio financeiro anterior ao anterior da súa aplicación, para a súa comunicación á Comisión no programa de apoio.

Para os efectos do cálculo do importe da axuda correspondente ás contribucións en especie teranse en conta os puntos 2 b) e 3 do artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

Co fin de cumprir co establecido no artigo 3 a) vi) do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, o método de cálculo que aplicará cada comunidade autónoma para determinar o valor do traballo propio e a súa adaptación anual deberáselle comunicar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, antes do 1 de maio do exercicio financeiro anterior ao anterior da súa aplicación.

4. Para determinar o importe da axuda a que ten dereito un beneficiario pola replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios, as comunidades autónomas realizarán unha medición da parcela reestruturada e, de ser o caso, seguindo o método establecido no artigo 44 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

Artigo 45. *Procedemento para o pagamento da axuda.*

1. Despois da finalización da operación, o beneficiario deberá presentar unha solicitude ou comunicación para o pagamento da axuda ante o órgano competente da comunidade autónoma, con anterioridade ao 1 de xuño da campaña en que se executou a replantación.

2. Coa dita solicitude ou comunicación deberanse xuntar, polo menos, as facturas e os xustificantes dos pagamentos que realice o beneficiario.

3. A axuda pagarase segundo o cálculo establecido no artigo 44 do presente real decreto, unha vez que se comprobe que se executou a operación e se axusta á solicitude aprobada.

4. Se o viticultor non executa a operación na superficie total para a cal se aprobou a axuda, terase en conta a diferenza entre a superficie aprobada ou modificada segundo o artigo 47 e a superficie realmente executada determinada polos controis sobre o terreo. Se esta diferenza non supera o 20%, calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo. Se a diferenza é superior ao 20%, pero igual ou inferior ao 50%, calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo e reducida no dobre da diferenza comprobada. E non terá dereito a ela en caso de que esta diferenza supere o 50%.

5. Salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais segundo se recolle no segundo punto do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, nos casos de expropiación as superficies acollidas a replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios de acordo co presente real decreto deberán permanecer en cultivo un período mínimo de dez campañas contadas desde a campaña seguinte a aquela en que se solicitou o pagamento. O seu incumprimento obrigará o beneficiario da axuda a devolver a axuda percibida máis os xuros legais correspondentes.

6. A comunidade autónoma deberá emitir unha resolución de pagamento e realizar o pagamento ao beneficiario no exercicio financeiro en que se finalizou a operación e, como moi tarde, nun prazo máximo de doce meses desde a data da presentación da solicitude de pagamento válida e completa. En ningún caso o pagamento da axuda se estenderá máis alá do exercicio financeiro 2023.

Subsección 3.^a Disposicións comúns á reestruturación e reconversión de viñas

Artigo 46. *Condicionalidade.*

Se se constata que un beneficiario, en calquera momento durante un período de tres anos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte ao ano natural en que se producise o primeiro pagamento en virtude da presente sección, non respectou na súa explotación os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais a que se refiren os

artigos 91, 92, 93, 94 e 95 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o importe da axuda, no caso de que o incumprimento se deba a unha acción ou omisión atribuíble directamente ao beneficiario, reducirase ou cancelarse, parcial ou totalmente, dependendo da gravidade, alcance, persistencia e repetición do incumprimento, e o beneficiario deberá reintegrala, se procede, conforme o establecido nas citadas disposicións. Para os efectos deste control de condicionalidade, as comunidades autónomas deberán dispor de información actualizada sobre as referencias alfanuméricas Sixpac de todas as parcelas que forman parte da explotación do beneficiario.

Artigo 47. *Modificacións das operacións dos beneficiarios.*

1. Segundo o establecido no número 1 do artigo 53 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, e sen prexuízo do establecido no artigo 53 punto 2 do citado regulamento, os beneficiarios poderán solicitar modificacións das operacións inicialmente aprobadas previamente á solicitude de pagamento final e, en todo caso, sempre que non se realizasen os controis sobre o terreo previos ao pagamento final. Todas as modificacións deberán estar autorizadas previamente á súa execución pola comunidade autónoma que aprobou inicialmente a operación.

2. A solicitude de modificación deberá estar debidamente xustificada, non comprometer o obxectivo global da operación, non modificar á alza o orzamento aprobado, non supor cambios na admisibilidade nin modificar a ponderación recibida no procedemento de selección se isto supón que a ponderación final quede por debaixo da puntuación de corte entre solicitudes aprobadas e non aprobadas, e presentarse ante o órgano competente de comunidade autónoma no prazo e na forma que esta comunidade determine.

3. No caso de operacións anuais, poderase solicitar a modificación do calendario de execución presentado na solicitude en virtude da letra c) o artigo 29.2. Non obstante, no caso de que a dita modificación supoña un atraso na solicitude de pagamento fóra do exercicio financeiro previsto inicialmente, aplicaráselle a redución da axuda indicada no artigo 39.7, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, segundo se recolle no segundo punto do artigo 2 do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e nos casos excepcionais que estableza a comunidade autónoma na súa normativa.

4. Non obstante, poderase permitir que se efectúen sen autorización previa, sempre e cando non comprometan o obxectivo xeral da operación, non modifiquen á alza o orzamento aprobado, non supoñan cambios na admisibilidade nin modifiquen a ponderación recibida no procedemento de selección se isto supón que a ponderación final quede por debaixo da puntuación de corte entre solicitudes aprobadas e non aprobadas, as seguintes pequenas modificacións:

1.º De forma xeral, para todo o territorio nacional, as transferencias de orzamento entre accións menores ao 20 % do orzamento definido para cada acción, sempre que se executasen todas as accións.

2.º As que se recollan para as comunidades autónomas como pequenas modificacións que non necesitan autorización previa no Programa nacional de apoio enviado á Comisión Europea.

Estas pequenas modificacións deben ser xustificadas e comunicadas ao órgano competente da comunidade autónoma, no prazo que estableza esta e, en calquera caso, antes da súa execución.

5. Todas as modificacións se lle deberán remitir debidamente xustificadas ao órgano competente da comunidade autónoma e deberán ser avaliadas por este.

Artigo 48. *Comunicacións.*

1. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual sobre a aplicación do réxime de reestruturación e reconversión de viñas, incluído, se é o caso, un informe da replantación tras a arrinca obrigatoria por motivos sanitarios ou fitosanitarios, segundo o anexo XIV.

2. As comunidades autónomas comunicaranlle, no caso de aplicar a medida de replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de maio de cada ano, a listaxe de organismos nocivos que estean cubertos por esa medida, así como un resumo do plan estratéxico que establecese para actuar contra estes.

3. As comunidades autónomas que apliquen o establecido no artigo 37.7 remitiranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de novembro de cada ano, información referida ao exercicio financeiro precedente sobre os custos das operacións executadas polas que se pagou a axuda, sobre a base dunha mostra de xustificantes de pagamento, co fin de revisar e, de ser o caso, actualizar os importes fixados na última columna do anexo XIII.

Sección 3.ª Eliminación de subproductos

Subsección 1.ª Obriga da eliminación de subproductos

Artigo 49. *Ámbito de aplicación.*

1. Os produtores estarán obrigados a eliminar os subproductos obtidos na transformación. Non obstante, os produtores que, na campaña vitícola de que se trate, non produzan máis de 25 hectolitros de viño ou mosto nas súas instalacións non estarán obrigados a retirar os subproductos.

2. Poderase cumprir parcial ou totalmente coa obriga de eliminar os subproductos de vinificación ou de calquera outra transformación de uvas mediante a entrega dos subproductos para a destilación, ou realizando unha retirada baixo control, tal e como se establece no artigo 52. Sen prexuízo do previsto no número 1, a comunidade autónoma poderá establecer a obrigatoriedade de eliminar a totalidade dos subproductos producidos na súa rexión mediante a destilación.

No caso de que o cumprimento sexa mediante a entrega dos subproductos para a destilación, os produtores porán á disposición da autoridade competente para o control desta obriga os xustificantes que permitan acreditar o dito cumprimento, cando así lle sexa requirido.

Artigo 50. *Requisitos dos subproductos eliminados.*

1. O volume mínimo de alcohol contido nos subproductos eliminados deberá ser:

a) O 10 por cento do volume de alcohol contido no viño producido obtido por vinificación directa da uva. As comunidades autónomas poderán reducir a porcentaxe do volume de alcohol contido nos subproductos ao 7 por cento para os viños brancos con denominación de orixe protexida do seu ámbito territorial, sempre que se xustifique polo sistema de elaboración a imposibilidade de chegar ao 10 por cento, e que o seu rendemento en viño non supere os límites establecidos polo consello regulador correspondente.

b) O 5 por cento do volume de alcohol contido no produto elaborado, para os elaboradores de viño a partir de mosto ou de viño novo en proceso de transformación.

2. Para determinar o volume de alcohol que deben ter os subproductos en relación co do viño producido, aplicaranse os seguintes graos alcohólicos volumétricos naturais do viño nas diferentes zonas vitícolas, tal e como se establecen no artigo 21.3 do Regulamento

(CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 479/2008 do Consello, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola, no relativo aos programas de apoio, ao comercio con países terceiros, ao potencial produtivo e aos controis no sector vitivinícola:

- a) 9,0 por cento para a zona CI.
- b) 9,5 por cento para a zona CII.
- c) 10 por cento para a zona CIII.

3. O contido mínimo de alcohol puro dos subprodutos da vinificación que vaian eliminar deberá ser o seguinte:

- a) Bagazos de uva: 2,8 litros de alcohol puro por cada 100 quilogramos.
- b) Borrás de viño: 4 litros de alcohol puro por cada 100 quilogramos.

4. De non se acadaren as porcentaxes fixadas no número 1, poderán entregar viño a un destilador ou a un fabricante de vinagre, segundo o número 2 do artigo 23 do Regulamento (CE) n.º 555/2008 da Comisión, do 27 de xuño. No caso de produtores que entreguen viño a unha fábrica de vinagre, a cantidade de alcohol contida nos viños entregados deducirase da cantidade de alcohol que se deba entregar para cumprir coa obriga establecida.

Artigo 51. *Prazo de entrega dos subprodutos.*

Os subprodutos retiraranse sen demora e, como moito, ao final da campaña vitícola en que se obtivesen. No caso de entrega de subprodutos á destilación, a data límite de entrega será o 15 de xuño desa campaña.

Artigo 52. *Retiradas baixo control.*

1. Poderase utilizar un procedemento de retirada controlada para a eliminación de subprodutos, cando se comunique á autoridade competente que se vai optar por este sistema de eliminación, mediante a presentación dun proxecto detallado.

O citado proxecto deberá conter a referencia ao tipo de produto e unha descrición detallada do procedemento proposto para a retirada. Así mesmo, deberase achegar, cando a comunidade autónoma o considere necesario, a conformidade da autoridade ambiental sobre a procedencia da dita retirada.

A operación de retirada controlada debe ser autorizada por parte da autoridade competente, que establecerá as condicións de realización desta, e que se lle deberá notificar ao produtor.

Contra a resolución da comunidade autónoma poderá interporse o correspondente recurso na vía administrativa ou contencioso-administrativa, en función de que non esgote ou esgote a vía administrativa.

2. A retirada das borras, en caso de non se enviaren á destilación, poderase considerar efectuada cando estas se desnaturalicen de forma que imposibilite a súa utilización no proceso de vinificación e a súa entrega a terceiros se consignase nos rexistros correspondentes.

3. O contido mínimo de alcohol puro dos subprodutos que se van retirar será o indicado no artigo 50.3.

4. Esta autorización non exime das obrigas fiscais previstas na normativa dos impostos especiais cando os produtos para os cales se autoriza a retirada controlada están suxeitos ás ditas obrigas.

Artigo 53. *Sancións.*

O incumprimento da entrega dos subprodutos á destilación ou da realización, na súa falta, da retirada baixo control, ou en caso de non se acadaren as porcentaxes mínimas de alcohol contido nos subprodutos fixados no número 1 do artigo 50, será considerado unha

infracción leve, segundo o disposto nas letras j) e k) do artigo 38 da Lei 24/2003, do 10 de xullo.

Subsección 2.^a Axuda á destilación de subprodutos

Artigo 54. *Autorización de destiladores.*

1. Os destiladores que desexen participar neste réxime de axudas deberán estar autorizados polo órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio estean radicadas as instalacións de destilación, para actuar no marco do artigo 52 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Así mesmo, deberán estar debidamente inscritos no rexistro territorial a que se refire o artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e dispor do código de actividade e do establecemento (CAE) previsto no artigo 41 do dito regulamento.

2. As autorizacións terán validez en canto non se retiren expresamente ou se renuncie a estas por parte do destilador. Non obstante o anterior, os destiladores deberán comunicar á autoridade competente, antes do inicio de cada campaña vitícola, a súa intención de prorrogar ou suspender a súa colaboración na campaña, así como declarar que cumpriron satisfactoriamente os requisitos establecidos na normativa da Unión Europea durante a campaña anterior.

No caso de solicitar esta prórroga, a autoridade competente confirmará a autorización, se procede, e comunicarlles esta circunstancia aos interesados.

3. O destilador que sufra algunha variación en relación coas condicións en virtude das cales se lle concedeu a autorización deberá comunicarllo de forma inmediata á autoridade competente.

4. As comunidades autónomas remitiranlle ao Fondo Español de Garantía Agraria, antes do 1 de setembro de cada campaña, a relación dos destiladores autorizados que colaboran con este réxime de axuda, con indicación do enderezo onde se sitúen as súas instalacións.

5. O destilador deberase comprometer a non fabricar alcohol a partir de melazas nin de calquera outro produto non vínico, nin almacenar aquel ou estes no recinto da fábrica, durante o tempo de vixencia da autorización.

Artigo 55. *Prazos de entrega e de destilación.*

A data límite de entrega dos subprodutos obtidos nunha determinada campaña a un destilador autorizado será o 15 de xuño desa campaña.

As operacións de destilación deberán finalizar, como moito, o 15 de xullo da campaña vitícola de que se trate.

Artigo 56. *Axuda á destilación de subprodutos.*

1. Concederáselles unha axuda aos destiladores autorizados que transformen os subprodutos da vinificación obtidos en territorio nacional, coa finalidade recollida no artigo 42 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, entregados para a súa destilación en alcohol cun grao alcohólico mínimo do 92 por cento vol.

Como se indica no punto 1 do artigo 42 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, o parágrafo primeiro non impedirá a transformación posterior do alcohol obtido, sobre a base da cal o importe da axuda se calculará de conformidade co artigo 18 do Regulamento de execución (UE) (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, co fin de cumprir o requisito do artigo 52, número 5, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á utilización exclusiva para fins industriais ou enerxéticos.

2. O importe da axuda que se deberá pagar aos destiladores autorizados pola destilación dos subprodutos é o seguinte:

- a) 1,100 €/por cento vol. /hl para alcohol obtido a partir de bagazos; e
- b) 0,500 €/por cento vol. /hl para alcohol obtido a partir de viño e borras.

3. Como compensación aos gastos de transporte e recollida dos subprodutos, o destilador pagaralle ao produtor os seguintes importes cando este último demostre que soportou os ditos gastos:

- a) 0,571 €/por cento vol. /hl polos bagazos entregados.
- b) 0,400 €/por cento vol. /hl polo viño e borras entregados.

4. O alcohol obtido da destilación de subprodutos polo cal se concedese unha axuda utilizarase exclusivamente con fins industriais ou enerxéticos co fin de evitar distorsións da libre competencia.

Artigo 57. *Solicitudes de axuda.*

1. A solicitude de axuda deberase presentar entre o 16 de outubro e o 20 de xullo de cada campaña, polo alcohol obtido durante esa campaña vitícola, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as instalacións de destilación, a través de Rexistro Xeral Electrónico no caso de persoas xurídicas, mediante calquera dos rexistros e medios electrónicos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Así mesmo, e en aplicación do previsto no segundo parágrafo do número 5 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os solicitantes persoas físicas presentarán as súas solicitudes na mesma forma prevista no parágrafo anterior.

2. As solicitudes presentaranse conforme un modelo que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo XV e xuntarase, polo menos, a seguinte documentación:

- a) Proba de destilación dos subprodutos.
- b) Relación das entregas de materias primas efectuadas polos produtores que deron orixe ao alcohol obtido.
- c) Proba do pagamento por parte do destilador ao produtor dos gastos de transporte, ou a renuncia deste a efectualo.
- d) De ser o caso, a xustificación do destino do alcohol obtido, de acordo co indicado no artigo 59.

Se tras a verificación dos datos contidos na solicitude se comproba a existencia de datos falsos que en ningún caso se poidan considerar erros ou defectos emendables, a solicitude non se considerará admisible para recibir ningunha axuda por esta medida, sen prexuízo da instrución do procedemento de infracción, segundo o previsto no artigo 39.1.d) da Lei 24/2003, do 10 de xullo.

Contra a resolución da comunidade autónoma poderá interperse o correspondente recurso na vía administrativa ou contencioso-administrativa, en función de que non esgote ou esgote a vía administrativa.

Artigo 58. *Pagamento da axuda ao destilador.*

1. Non se aboará ningunha axuda polo volume de alcohol contido nos subprodutos que supere o 10 por cento da riqueza alcohólica do viño producido en cómputo nacional.

2. O destilador autorizado poderá recibir un pagamento parcial do 80 por cento da axuda polos volumes solicitados, sempre que xustifique:

- a) Que efectuou o pagamento de polo menos a porcentaxe equivalente dos importes establecidos en concepto de transporte ao produtor, cando este o efectúe, ou presente a renuncia deste a efectualo.

b) Que o alcohol obtido da destilación polo cal se solicita a axuda fose destinado a fins enerxéticos ou industriais, ou que este fose desnaturalizado, tal e como establece o artigo 59.

En caso de non dispor dos xustificantes indicados, poderá recibir un anticipo do 80% da axuda, para o cal se exixirá a presentación dunha garantía igual ao importe do anticipo.

Nos casos en que se aboase un anticipo, a garantía liberarase cando se dispoña dos xustificantes indicados anteriormente.

3. En cada campaña, e unha vez que se coñezan as cantidades efectivamente entregadas á destilación polas cales se solicita a axuda e a cantidade de viño producido, contrastarase o volume do alcohol polo cal se solicita axuda contido nos produtos entregados coa riqueza alcohólica do viño producido en cómputo nacional.

Cando a cantidade de alcohol pola cal se solicite axuda nunha campaña determinada supere o 10 por cento da riqueza alcohólica citada no parágrafo anterior, reducirase a axuda en función da porcentaxe de rebordamento. O Fondo Español de Garantía Agraria fixará a porcentaxe de redución, de modo que se garanta que non se supera o volume máximo de alcohol que pode percibir axuda. Así mesmo, en caso necesario, a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios establecerá unha porcentaxe de redución para asegurar que non se supera o límite da dispoñibilidade orzamentaria establecido para a medida.

4. Unha vez establecida a contía definitiva da axuda, a autoridade competente realizará o pagamento da axuda correspondente ou, de ser o caso, do saldo antes do 16 de outubro da campaña seguinte.

5. Antes de se efectuar o dito pagamento deberase comprobar que o destilador autorizado realizou, se é o caso, o aboamento ao produtor da totalidade do gasto de transporte que lle corresponda, reducida, se corresponde, en idéntica proporción á minoración global da axuda establecida no segundo parágrafo do número 3.

En caso de non xustificar o dito aboamento, o destilador autorizado deberá devolver as cantidades anticipadas ou executarase a garantía presentada pola dita contía.

6. Se no momento do pagamento do saldo da axuda o destilador non presentou o xustificante do destino do alcohol, deberase ampliar a garantía polo importe pendente de pagamento, incrementado nun 20 por cento.

7. En caso de non se presentar a dita ampliación de garantía, o destilador autorizado deberá devolver as cantidades anticipadas ou executarase a garantía presentada pola dita contía.

8. En calquera caso, o destilador autorizado deberá enviar os xustificantes do destino do alcohol obtido á autoridade competente antes do 31 de xaneiro da campaña seguinte; no caso contrario, o destilador autorizado deberá reintegrar as cantidades recibidas ás partidas cuxo destino non se xustifícase ou executarase a garantía presentada pola dita contía. O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación poderá ampliar a data indicada cando a situación do mercado o exixa.

9. Non obstante o anterior, para os efectos de cálculo do alcohol que debe chegar a destino, deberanse ter en conta as porcentaxes de perda de acordo co indicado no artigo 59.

Artigo 59. *Xustificación do destino do alcohol obtido.*

1. O alcohol que resulte da destilación a que se concedeu axuda deberase utilizar unicamente con fins industriais ou enerxéticos co fin de evitar distorsións á libre competencia.

O destilador autorizado deberá presentar como xustificante deste destino ante a autoridade competente, no prazo máximo de vinte días hábiles desde que finalice a saída de cada lote, un certificado de saídas diarias do alcohol, en que se mencione, polo menos, a cantidade e o grao volumétrico do alcohol que saíu e a identificación do produtor, así como unha copia do documento administrativo electrónico previsto no artigo 22 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de

xullo, co selo do destinatario, en que acepta o produto e o compromiso escrito do destinatario de utilizar o dito alcohol exclusivamente con estes fins.

2. Na xustificación do destino do alcohol que resulte da destilación a que se concedese axuda admitiranse as seguintes porcentaxes de perda, incluídas nas letras e) e g) do artigo 90.1 e letras d) e e) do artigo 90.2 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado mediante o Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo:

- a) 0,50 por cento das cantidades de alcohol almacenadas por trimestre de almacenamento como perda de alcohol debida á evaporación.
- b) 0,50 por cento das cantidades de alcohol retiradas dos almacéns como perda de alcohol debida a un ou varios transportes terrestres.

3. Poderase considerar que o alcohol obtido tivo un uso industrial ou enerxético se este foi desnaturalizado, de acordo co establecido no Regulamento dos impostos especiais, aprobado mediante o Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, cun produto que impida a súa utilización para usos distintos ao industrial ou enerxético.

En calquera caso, a autoridade competente deberá solicitar do destilador autorizado información sobre o destino final deste alcohol desnaturalizado.

Sección 4.ª Inversións

Artigo 60. Ámbito de aplicación.

Co obxecto de mellorar o rendemento global das empresas do sector vitivinícola e a súa adaptación ás demandas do mercado, así como de aumentar a súa competitividade, concederáse apoio financeiro aos investimentos tanxibles ou intanxibles en instalacións de transformación e infraestrutura vinícola, así como estruturas e instrumentos de comercialización, mesmo co fin de mellorar o aforro de enerxía, a eficiencia enerxética global e os procesos sustentables.

Os ditos investimentos referiranse á produción, comercialización ou ambas as dúas dos produtos vitivinícolas mencionados no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e que se producen en territorio español.

Artigo 61. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios da medida de investimentos:

- a) As empresas vitivinícolas que no momento da solicitude produzan ou comercialicen os produtos incluídos no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, ou que, como consecuencia da execución da operación obxecto da solicitude de axuda, comecen esa produción ou comercialización. As empresas deberán estar constituídas con anterioridade á data de presentación da solicitude.
- b) As organizacións de produtores vitivinícolas, recoñecidas de acordo co artigo 152 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.
- c) As asociacións de dous ou máis produtores, con personalidade xurídica, dos produtos mencionados no anexo VII, parte II, do dito regulamento. As asociacións deberán estar constituídas con anterioridade á data de presentación da solicitude.
- d) As organizacións interprofesionais.

Non obstante, cando se trate de empresas cuxa actividade sexa unicamente a comercialización, polo menos un 80 por cento da súa facturación do último exercicio pechado deberá proceder da comercialización dos produtos do anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Non se concederá a axuda ás empresas en dificultade, segundo se definen na Comunicación 2014/C-249/01 da Comisión, do 31 de xullo de 2014, sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise.

Artigo 62. *Durabilidade.*

De acordo co previsto no artigo 50, número 5, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que establece a aplicación mutatis mutandis do artigo 71 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, deberá reembolsarse a axuda, máis os correspondentes xuros de demora, nos cinco anos seguintes ao pagamento final ao beneficiario no caso de se producir algunha das circunstancias indicadas no mencionado artigo 71.

Así mesmo, a durabilidade será exigible aos adquirentes, nos supostos de transmisión da actividade produtiva e das infraestruturas ligadas a esta, obxecto da axuda, e deberase acreditar de forma fidedigna ante a autoridade competente que esta circunstancia é coñecida e aceptada polos adquirentes. No caso contrario, calquera suposto de reintegro sería exigible sobre o beneficiario orixinal da axuda.

Artigo 63. *Obxectivos das operacións.*

As operacións obxecto de axuda deberán contribuír, polo menos, a un dos obxectivos estratéxicos previstos no anexo XVII.

Para conseguir os ditos obxectivos estratéxicos, en cada operación deberán identificarse un ou varios obxectivos xerais, cuxa relación non exhaustiva se presenta no anexo XVIII. No suposto de que algún dos obxectivos xerais dunha operación concreta non se encuentre recollido nesta relación, o dito obxectivo deberá ser especificado polo solicitante.

Artigo 64. *Características das operacións.*

As operacións deberán afectar orzamentariamente como máximo dous exercicios Feaga consecutivos inmediatamente seguintes ao exercicio Feaga en que se peche o prazo de presentación das solicitudes de axuda. A execución das operacións poderá ter lugar desde a data de presentación da solicitude e, de ser o caso, tras o levantamento da acta de non inicio correspondente.

Só serán admisibles solicitudes por operacións anuais no caso de que os conceptos de gasto se limiten ao primeiro exercicio Feaga inmediatamente seguinte ao exercicio Feaga en que se peche o prazo de presentación das solicitudes de axuda obxecto da convocatoria.

As operacións obxecto de pagamento en dous exercicios Feaga deberán ter un mínimo do 50 % do importe dos conceptos de gasto aprobados incluídos no primeiro exercicio inmediatamente seguinte ao exercicio Feaga en que se peche o prazo de presentación das solicitudes de axuda obxecto da convocatoria.

Artigo 65. *Criterios de admisibilidade das solicitudes.*

Examinaranse as solicitudes baseándose nos criterios seguintes:

1. As operacións de investimento estarán claramente definidas, especificarán as accións e a súa duración e detallarán os conceptos de gasto que compoñen cada acción e os custos estimados de cada unha delas.

Especificarase igualmente o obxectivo, ou obxectivos, estratéxicos e xerais a que cada acción pretende contribuír.

2. Garantías de que os custos da operación proposta non superan os prezos normais de mercado e se cumpre a moderación de custos.

Os importes máximos subvencionables considerados no anexo XIX non eximen da obriga de avaliar a moderación dos custos.

En caso de que as autoridades competentes consideren que os custos superan os prezos normais de mercado, ou que non se cumpre a moderación de custos, requiriranlle ao solicitante a emenda da solicitude ou que o xustifique debidamente.

A moderación de custos avaliarase mediante, polo menos, un dos seguintes sistemas, ou unha combinación destes:

a) Comparación de diferentes ofertas: con carácter xeral, o solicitante deberá achegar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo ou á entrega do ben.

Deberase avaliar polo menos a independencia das ofertas, que os elementos das ofertas sexan comparables e a claridade e o detalle da descrición das ofertas.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficacia e economía, e deberase xustificar expresamente a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, así como, se é o caso, a inexistencia de suficientes provedores. Este aspecto será igualmente aplicado cando o finalmente executado non coincida co aprobado.

b) Custos de referencia: a autoridade competente establece ou utiliza unha base de datos de prezos de referencia. Esta base de datos deberá ser completa, estar suficientemente detallada, actualizarse periodicamente e garantir que os prezos reflictan os prezos de mercado.

c) Comité de avaliación: se se establece un comité de avaliación ou se leva a cabo un estudo de mercado, deberase ter en conta a experiencia dos membros do comité na área correspondente. O traballo do comité deberase documentar correctamente.

3. O solicitante demostra que ten acceso a recursos técnicos e financeiros suficientes para garantir que se execute a operación correctamente e que a empresa non está en situación de crise, tal como se recolle no artigo 50, número 2, parágrafo terceiro, do Regulamento 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

O solicitante deberá demostrar a viabilidade económica da empresa, agás cando sexa estatutariamente unha organización sen ánimo de lucro.

Cando o solicitante sexa unha asociación de dous ou máis produtores, con personalidade xurídica, dos produtos mencionados no anexo VII, parte II, do Regulamento UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, cada un dos integrantes deberá demostrar a capacidade de acceso aos recursos técnicos e financeiros necesarios de forma independente de acordo coa súa participación no investimento, ou ben, alternativamente, que a dita asociación conta con esa capacidade de acceso aos recursos técnicos e financeiros necesarios.

Entenderase que estes aspectos non quedan demostrados e, por tanto, o solicitante non poderá ser beneficiario da subvención en calquera das seguintes circunstancias:

a) Cando se encontre en situación de crise, segundo se define nas directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (Comunicación 2014/C 249/01 da Comisión, do 31 de xullo de 2014).

b) Cando se encontre en proceso de solicitar a declaración de concurso voluntario, ser declarada insolvente en calquera procedemento, acharse declarada en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeita a intervención xudicial ou ser inhabilitada conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Cando non quede acreditado o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social nos termos previstos polo Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Coherencia das estratexias propostas polo solicitante cos obxectivos fixados por este e o probable efecto e éxito da operación na mellora do rendemento xeral da

transformación ou comercialización, nas instalacións do solicitante, e a súa adaptación ás demandas do mercado e o aumento da súa competitividade.

Non se concederá axuda ningunha naqueles casos en que sexan detectadas situacións de incoherencia dentro das solicitudes de axuda ou que reflectan expectativas non suficientemente documentadas.

Artigo 66. *Gastos subvencionables.*

Consideraranse subvencionables os custos das seguintes accións:

- a) Construción, adquisición ou mellora de bens inmobles,
- b) Compra de nova maquinaria e equipamento ata o valor de mercado do produto,
- c) Custos xerais vinculados aos gastos incluídos nas letras a e b, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, así como estudos de viabilidade, co límite do 8 % do orzamento aprobado para a operación de investimento.
- d) A adquisición ou o desenvolvemento de soportes lóxicos de ordenador e a adquisición de patentes, licenzas, dereitos de autor e o rexistro de marcas colectivas.

Os importes máximos subvencionables dentro das operacións de investimento, para os conceptos sinalados no anexo XIX, ateranse aos límites que se indican no dito anexo, de maneira que cando nunha operación concreta se superen eses límites, o exceso será considerado gasto non subvencionable.

Non terán a consideración de subvencionable os gastos establecidos no anexo XX.

Artigo 67. *Presentación de solicitudes.*

As solicitudes deberanse presentar antes do 1 de febreiro do ano correspondente ao exercicio Feaga anterior a aquel en que se pretenda presentar a solicitude de pagamento, sen prexuízo de que as comunidades autónomas poidan establecer outros prazos máis restritivos.

Os interesados que se queiran acoller a unha axuda para unha operación de investimento obxecto de financiamento comunitario deberán presentar a correspondente solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre situado o establecemento en que se vaia realizar o investimento.

Nos casos de operacións de comercialización desvinculadas fisicamente da adegas e en todos os casos de operacións de comercialización noutros Estados membros, os interesados deberán presentar a correspondente solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre situado o domicilio fiscal do solicitante.

Deberán achegar, xunto coa solicitude, o proxecto da operación de investimento e os formularios que para o obxecto se prevegan, que deberán conter, polo menos, información do solicitante: xeral, económica, financeira, social, comercial e técnica.

Artigo 68. *Tramitación das solicitudes.*

1. As comunidades autónomas serán as competentes para avaliar e resolver as solicitudes de investimentos en establecementos situados no seu territorio.

2. Nos casos de operacións de comercialización desvinculados fisicamente da adegas, e en todos os casos de operacións de comercialización noutros Estados membros, a comunidade autónoma competente para avaliar e resolver será a comunidade en que se encontre situado o domicilio fiscal do solicitante.

3. As comunidades autónomas examinarán as solicitudes en canto á súa conformidade con este real decreto e requiriranlle ao solicitante, se é o caso, que presente a documentación ou información que deberá emendar, ou da adicional pertinente.

4. As eventuais alegacións que puidesen presentar os solicitantes tras a presentación da solicitude e antes da emisión da resolución da axuda deberán ser valoradas polas autoridades competentes das comunidades autónomas antes da remisión da listaxe provisional de solicitudes priorizadas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

5. As comunidades autónomas elaborarán unha listaxe provisional coas solicitudes seleccionadas e priorizadas de acordo cos criterios de priorización establecidos no ámbito nacional, segundo o anexo XXI, e a ponderación dos criterios establecida no ámbito autonómico, segundo o anexo XXII, e remitirana ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de maio de cada ano, en formato electrónico, de conformidade coa parte A do anexo XXIII do presente real decreto.

6. En caso de empate, daráselles prioridade ás solicitudes que teñan maior puntuación na valoración da operación. Se persiste o empate, daráselles prioridade ás solicitudes que teñan maior puntuación na suma das valoracións dos criterios 2.1, 2.2 e 2.3. Se aínda persiste o empate, daráselles prioridade ás solicitudes que teñan maior puntuación no seguinte criterio que máis puntuación teña na comunidade autónoma ou na suma dos seguintes criterios que maior puntuación teñan, no caso de existiren varios criterios coa mesma puntuación na comunidade autónoma, e así sucesivamente. Se aínda persiste o empate, daráselles prioridade ás solicitudes presentadas en primeiro lugar segundo data, hora, minuto e segundo do rexistro de entrada.

7. A partir das listaxes provisionais das solicitudes seleccionadas polas comunidades autónomas, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria elaborará a proposta de listaxe definitiva e someteraa ao informe vinculante da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

8. Non se incluírán na proposta de listaxe definitiva aquelas solicitudes que na fase de valoración non acaden un mínimo de 20 sobre 100 puntos.

9. En calquera caso, nas operacións obxecto de pagamento en dous exercicios Feaga, os fondos do segundo exercicio da convocatoria liberados por desistencias, renuncias ou modificacións pasarán a aumentar o orzamento dispoñible da medida de investimentos no dito exercicio para o conxunto das solicitudes de todas as comunidades autónomas na seguinte convocatoria.

10. A listaxe definitiva de solicitudes aprobada en cada convocatoria xerárase para o conxunto das comunidades autónomas mediante a aprobación das mellores solicitudes de cada comunidade autónoma.

11. Os fondos dispoñibles para cada convocatoria asignaranse ás mellores solicitudes de cada comunidade autónoma proporcionalmente ao importe da axuda demandada para as solicitudes de cada comunidade autónoma no primeiro exercicio Feaga obxecto da convocatoria.

12. Respecto ao segundo exercicio Feaga obxecto da convocatoria, asignarase a contía correspondente á segunda anualidade das operacións bianuais que fosen aprobadas de acordo co parágrafo anterior.

13. No caso da solicitude que marca o corte da listaxe provisional entre as solicitudes aprobadas e non aprobadas en cada comunidade autónoma, asignarase a parte da axuda ata esgotar os fondos asignados ás mellores solicitudes desa comunidade autónoma. Á parte da axuda que non se pode cubrir con orzamento do exercicio financeiro en cuestión seralle asignado orzamento do exercicio financeiro seguinte.

14. A Conferencia Sectorial poderá diminuír os tipos de axuda establecidos no artigo 72 nun máximo de 10 puntos, ata esgotar o orzamento da ficha financeira, exclusivamente no caso que non se chegue a acadar un mínimo de cobertura do 50 % do número total de solicitudes en cómputo estatal que acaden o mínimo de puntuación.

Artigo 69. *Resolución.*

Unha vez que emita informe a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural sobre a listaxe definitiva das solicitudes seleccionadas, as comunidades autónomas ditarán as resolucións correspondentes e notificaránlles aos beneficiarios.

O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación das solicitudes.

A comunidade autónoma emitirá as correspondentes resolucións denegatorias motivadas para aqueles casos en que se desestime a solicitude de axuda e os recursos que, de ser o caso, procedan.

Transcorrido o prazo de seis meses sen lles notificar aos interesados resolución ningunha, estes poderán entender desestimada a súa solicitude, de acordo co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Nas resolucións indicárase, polo menos, o seguinte: o importe dos investimentos considerados subvencionables, a axuda concedida e o calendario de execución aprobado.

No caso de resolución positiva, nos dez días seguintes ao notificación da resolución de concesión o beneficiario deberá achegar, ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente, unha aceptación expresa dos termos da concesión de subvención.

A comunidade autónoma deberalle comunicar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 1 de outubro de cada ano, as aceptacións, renuncias ou desistencias que se producen dentro do procedemento, para o efecto de poder dispor dos fondos que se liberen, de ser o caso.

Cando a resolución estimatoria dun recurso poida implicar a concesión dunha subvención, ou o seu incremento, e/ou a modificación do calendario de xustificación e pagamento da axuda, será preceptivo o acordo favorable previo da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, agás cando sexa derivada dunha sentenza xudicial firme.

Artigo 70. *Modificación das operacións.*

1. De acordo co previsto no artigo 53, número 1, do Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, o beneficiario poderá solicitar a modificación da operación de investimento inicialmente aprobada. Calquera modificación da operación deberáselle comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma para a súa autorización previa á execución.

2. As solicitudes de modificación deberánselle comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma antes do 1 de febreiro do exercicio Feaga en que se debe solicitar o pagamento dos investimentos obxecto de modificación.

3. Para a autorización das modificacións teranse en conta as condicións e limitacións sinaladas a continuación:

a) Non se autorizarán modificacións que alteren os obxectivos estratéxicos ou xerais con que foi aprobada a operación.

b) Non se autorizarán modificacións que alteren as condicións de elixibilidade nin a puntuación dos criterios de priorización se isto último determina unha puntuación menor á da solicitude que marca o corte, para cada comunidade autónoma, na correspondente listaxe definitiva sometida a informe da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

c) Non se autorizarán modificacións que non estean debidamente xustificadas.

d) Non se autorizarán modificacións que supoñan un cambio de beneficiario, salvo que o novo sexa resultante dun proceso de fusión, de compravenda ou dunha transformación do tipo de sociedade ou personalidade xurídica, e non se alteren as condicións tidas en conta para conceder a axuda.

e) Non se autorizarán modificacións que supoñan un traslado de pagamentos dun exercicio Feaga a outro.

f) Non se autorizarán modificacións que supoñan unha redución do investimento obxecto de axuda superior ao 40% da inicialmente aprobada.

4. Independentemente do citado neste artigo, o órgano competente da comunidade autónoma poderá excepcionalmente autorizar modificacións que non se axusten ás condicións indicadas nos puntos anteriores, nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

5. As modificacións que supoñan unha diminución dos orzamentos aprobados suporán a redución proporcional da subvención concedida.

6. As modificacións que supoñan un incremento dos orzamentos aprobados non suporán incremento da subvención concedida.

Artigo 71. *Excepcións ao artigo 70.*

1. Non obstante o disposto no artigo 70.1, de acordo co previsto no artigo 53, número 2, do Regulamento delegado (UE) n.º 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, poderanse efectuar sen autorización previa á execución transferencias financeiras entre as accións dunha operación xa aprobada ata un máximo do 20% do importe inicialmente aprobado para cada acción, sempre que non se supere o importe total da axuda aprobada para a operación, así como cambios que supoñan un aforro global de ata o 20 % do importe inicialmente aprobado para cada acción, sempre que:

- a) Non afecten a admisibilidade de calquera parte da operación e os seus obxectivos estratéxicos e xerais.
- b) Estean debidamente xustificadas.
- c) Non supoñan un traslado de pagamentos dun exercicio Feaga a outro.

2. Así mesmo, poderanse efectuar sen aprobación previa á execución as modificacións previstas na parte B do anexo XXIII.

3. Todas estas modificacións deberánselle remitir debidamente xustificadas ao órgano competente da comunidade autónoma, que as deberá avaliar.

Artigo 72. *Financiamento.*

1. O tipo de axuda, en relación cos custos de investimento admisibles a que se refire o artigo 50.4 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, aplicarase da seguinte forma:

- a) 50 por cento nas comunidades autónomas clasificadas como rexións menos desenvolvidas.
- b) 40 por cento nas comunidades autónomas distintas das rexións menos desenvolvidas.
- c) 75 por cento na Comunidade Autónoma das Illas Canarias e outras rexións ultraperiféricas.

Para os investimentos noutros países da Unión Europea, terase en conta a súa localización para determinar a porcentaxe de axuda, de acordo cos tipos de axuda establecidos nos puntos anteriores.

2. Adicionalmente, ao tipo de axuda aplicaráselle as seguintes consideracións:

A) Os tipos de axuda establecidos no número 1 aplicaranse:

a. Ás microempresas e pequenas e medianas empresas, segundo se definen na Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003.

b. A todas as empresas no caso da Comunidade Autónoma de Canarias.

B) Para as empresas que non están cubertas polo título I, artigo 2, número 1 da Recomendación 2003/361/CE con menos de 750 empregados ou cuxo volume de negocios sexa inferior a 200 millóns de euros, a intensidade de axuda será o 50% do tipo de axuda a que se refire o número 1).

C) Para as empresas que non están cubertas polo título I, artigo 2, número 1 da Recomendación 2003/361/CE con 750 ou máis empregados e cuxo volume de negocios sexa igual ou superior a 200 millóns de euros, a intensidade de axuda será o 25% do tipo de axuda a que se refire o número 1).

3. En todos os casos, incluídos os supostos de grandes empresas, para determinar o número de empregados e o volume de negocios dos solicitantes utilizaranse os criterios de cálculo establecidos na Recomendación 2003/361/CE da Comisión.

4. Cando o solicitante sexa unha asociación de dous ou máis produtores, con personalidade xurídica, dos produtos mencionados no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sen actividade económica, para calcular a axuda farase proporcionalmente á participación de cada un dos produtores no investimento, de acordo co tipo de axuda que tería cada produtor de forma independente.

5. Para os investimentos noutros países da Unión Europea, terase en conta a súa situación para determinar a porcentaxe de axuda, de acordo cos tipos de axuda establecidos nos puntos anteriores.

Artigo 73. *Pagamentos.*

1. O investimento deberá ser xustificado e pagado como máximo en dous exercicios Feaga.

A xustificación por parte do beneficiario ante a Administración competente deberase realizar antes do 30 de abril de cada exercicio Feaga, ben que a autoridade competente da comunidade autónoma poderá establecer outros prazos máis restritivos.

De acordo co calendario de execución, o beneficiario deberá presentar a solicitude de pagamento da axuda ante as autoridades competentes, que deberán emitir unha resolución de pagamento unha vez que se certifique que se executaron as accións previstas na operación de investimento e estas deberán realizar o pagamento ao beneficiario nun prazo máximo de 12 meses desde a data da solicitude de pagamento.

Coa solicitude de pagamento xuntase, polo menos, a seguinte documentación:

a) Memoria de execución valorada, coa relación de gastos, facturas e xustificantes de pagamento. Ademais, a memoria de execución incluírá a relación das diferenzas existentes entre os traballos previstos e os realizados e, de ser o caso, a xustificación das causas excepcionais ou de forza maior.

b) Declaración do beneficiario sobre a non solicitude ou percepción de ningunha outra axuda para o mesmo investimento nin encontrarse inmerso nun proceso de reintegro de subvencións.

c) Declaración responsable referida á conta bancaria en que se solicita o ingreso da subvención.

d) No caso de adquisición de edificacións deberase achegar, ademais, un certificado dun taxador independente debidamente acreditado, ou dun órgano ou organismo público debidamente autorizado, no cal se acredite que o prezo de compra non excede o valor de mercado, con desagregación do valor do solo a prezos de mercado.

e) Facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, respecto do gasto, e acreditación dos pagamentos.

f) Acreditación de que o beneficiario se encontra ao día respecto das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como polo reintegro de subvencións.

g) Calquera outra documentación exixida por normativa de obrigado cumprimento, así como a indicada na resolución de concesión co obxecto de acreditar algunha das circunstancias ou requisitos necesarios para conceder a axuda.

O pagamento da axuda estará supeditado a que se presenten as contas xustificativas do investimento, verificadas por un auditor de contas ou sociedade de auditoría inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas ou, na súa falta, á verificación por parte da comunidade autónoma das facturas e documentos mencionados anteriormente. Esta comprobación incluírá, como mínimo, unha inspección in situ para cada expediente de axuda.

2. Cando a operación se execute totalmente pero non quede acreditado un investimento subvencionable equivalente, polo menos, ao 60% da inicialmente aprobada, non se aboará ningunha axuda.

3. A axuda correspondente ao pagamento final pagarase unha vez que se confirme que todas as accións que formen parte da operación global cuberta pola solicitude de

axuda, aprobada ou modificada, se executaron totalmente e foron obxecto de controis administrativos e sobre o terreo, agás nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Se se comproba nos controis que a operación global cuberta pola solicitude de axuda, aprobada ou modificada, non se executou totalmente por causas que non sexan de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 2.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e que se aboaron axudas por accións individuais que formen parte da operación global considerada na solicitude de axuda, exixírase o reintegro das cantidades aboadas máis os xuros correspondentes e iniciárase o procedemento sancionador correspondente, de ser o caso.

Artigo 74. *Infraccións e sancións.*

No caso de que o beneficiario execute todas as accións que formen parte da operación global cuberta pola solicitude de axuda, aprobada ou modificada, pero incumpra as obrigas formais que son asumidas como consecuencia da concesión da subvención, será considerado infracción leve segundo o previsto no artigo 56, letra c), da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e será sancionado de conformidade co previsto no artigo 61 da dita lei, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

No caso de que o beneficiario non execute todas as accións que formen parte da operación global cuberta pola solicitude de axuda, aprobada ou modificada, serán consideradas infracción grave segundo o previsto no artigo 57, letra b), da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e será sancionado de conformidade co previsto no artigo 62 da dita lei, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Artigo 75. *Avaliación e seguimento da medida.*

1. O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación intercambiará información, por vía electrónica, coas comunidades autónomas e o sector para garantir o seguimento da medida.

2. As comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación antes do 1 de novembro de cada ano, e referido ao exercicio financeiro precedente, un informe anual do resultado das operacións de investimento.

Para estes efectos, constituirase unha base de datos que incluíra os datos das solicitudes sobrantas nos órganos competentes das comunidades autónomas que se relacionan no anexo XXIV.

3. O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, coa información facilitada polas comunidades autónomas a través da base de datos mencionada no número anterior e dos informes anuais do parágrafo anterior, realizará anualmente un informe xeral de avaliación da medida, acompañado, se é o caso, de propostas de modificación.

4. As comunidades autónomas facilitaranlle anualmente ao Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación información sobre os custos das operacións executadas polas cales se pagou a axuda, sobre a base dunha mostra de xustificantes de pagamento, co fin de revisar e, de ser o caso, actualizar os importes fixados no anexo XIX.

Sección 5.ª Colleita en verde

Artigo 76. *Ámbito de aplicación.*

1. Co fin de evitar crise de mercado e recobrar o equilibrio da oferta e da demanda no mercado vitivinícola, o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación poderá decidir, antes do 15 de abril de cada ano, logo de solicitude debidamente xustificada dunha ou varias comunidades autónomas, conceder unha axuda á colleita en verde prevista no artigo 47 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, nunha ou en parte da totalidade do territorio nacional.

O Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, en función dunha análise da situación de mercado, fixará, entre outros, a superficie máxima que poderá ter dereito á axuda á colleita en verde para retirar do mercado un volume de produción con base nun rendemento medio por hectárea, así como o coeficiente recollido no último parágrafo do artigo 83.3, que non poderá ser superior ao 50 por cento.

2. Entenderase por colleita en verde a destrución ou eliminación total dos acios de uvas cando aínda están inmaturos, de maneira que se reduza a cero o rendemento da parcela, sen que poidan existir uvas sen vendimar na parcela de viña obxecto da axuda.

Artigo 77. *Beneficiarios.*

1. Poderanse acoller á axuda á colleita en verde os viticultores cuxas viñas se destinen á produción de uva para vinificación.

2. Non poderán ser beneficiarios aqueles que contraveñan a normativa vixente tanto en materia de plantacións de viña para calquera das superficies de viña da súa explotación como en materia das declaracións obrigatorias, segundo o artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009.

Artigo 78. *Requisitos de admisibilidade.*

1. Só se poderán acoller á axuda á colleita en verde as solicitudes de parcelas completas que se destinen a producir uva para vinificación. As solicitudes realizaranse por unha superficie mínima igual ou superior a 0,3 hectáreas.

2. Non poderá recibir axuda á colleita en verde unha mesma superficie en dúas campañas consecutivas, nin parcelas de viña plantadas nas tres campañas anteriores a aquela en que se solicita a axuda para a colleita en verde.

3. A colleita en verde poderase realizar de forma manual, mecánica e química.

Artigo 79. *Presentación de solicitudes de axuda.*

1. Cando se adopte a decisión segundo o artigo 76.1, a solicitude de axuda deberase presentar entre o 15 de abril e o 15 de maio do ano en que vaia realizar a colleita en verde, ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estean situadas as parcelas de viña onde se solicite realizar a colleita en verde, de xeito electrónico no caso de persoas xurídicas, a través de calquera dos rexistros e medios electrónicos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Así mesmo, e en aplicación do previsto no segundo parágrafo do número 5 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os solicitantes persoas físicas presentarán as súas solicitudes na mesma forma prevista no parágrafo anterior.

2. Os viticultores deberán achegar, xunto coa solicitude de axuda, como mínimo, a seguinte información:

- a) Localización e parcela sobre a cal se queira realizar a colleita en verde.
- b) Rendemento medio da parcela sobre a cal se queira efectuar a colleita en verde, considerando a media das tres últimas campañas. No caso de non se coñeceren as producións específicas das parcelas obxecto da solicitude de axuda, o rendemento medio calcularase tendo en conta a produción total declarada segundo o tipo de viño en que se encontra a parcela obxecto de solicitude de axuda, dividido entre a superficie total declarada para ese tipo de viño. Esta produción total segundo o tipo de viños corresponde á declarada segundo a desagregación de datos de viña recollida no cadro B do anexo I.b do Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.
- c) Variedade de uva e tipo de viño producido segundo a declaración de colleita da campaña anterior.
- d) Forma de realización (medios propios ou por empresa) e método da colleita en verde.

3. O órgano competente da comunidade autónoma remitiralle ao Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, antes do 1 de xuño de cada ano, a información sobre as solicitudes presentadas, unha vez comprobadas as condicións de elixibilidade de acordo co número 1 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016. Para cada solicitude deberanse remitir os datos mínimos do anexo XXIV.

Ás solicitudes que non cumpran os requisitos de admisibilidade do número 1 aplicaráselles o previsto no número 6 do artigo 23 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

Artigo 80. *Criterios de prioridade.*

No caso de que a superficie solicitada total ou o volume de viño estimado de retirada supere as estimacións fixadas polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, establecidas no artigo 76, daráselles prioridade ás solicitudes que impliquen unha maior retirada potencial de viño, e ás que proveñan de explotacións de titularidade compartida, de acordo coa Lei 35/2011, do 4 de outubro.

Artigo 81. *Aceptación de solicitudes.*

1. Unha vez que a Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural acorde a dispoñibilidade orzamentaria para un exercicio Feaga concreto, para a medida da colleita en verde, o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación comunicarlles ás comunidades autónomas, antes do 1 de xullo, as solicitudes para as cales existe dispoñibilidade orzamentaria.

2. As comunidades autónomas resolverán as solicitudes e notificaránlles aos interesados.

Contra a resolución da comunidade autónoma poderá interperse o correspondente recurso na vía administrativa ou contencioso-administrativa, en función de que non esgote ou esgote a vía administrativa.

3. Co fin de que se poidan efectuar os controis oportunos, os beneficiarios comunicaranlle á autoridade competente a data de execución da colleita en verde e a dita comunicación poderase considerar como solicitude de pagamento da axuda. A execución da colleita en verde por parte do beneficiario deberase realizar antes do 20 de xullo.

Artigo 82. *Controis.*

1. De acordo co artigo 43 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016, os controis realizaranse antes do 31 de xullo de cada ano.

2. Para os efectos do cumprimento do artigo 18 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, as comunidades autónomas deberán garantir que as superficies consideradas se manteñan en boas condicións vexetativas, que se cumpran as disposicións ambientais e as fitosanitarias.

Artigo 83. *Cálculo da axuda.*

1. A axuda á colleita en verde calcularase sumando unha compensación polos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uvas e outra pola perda de ingresos vinculada á destrución ou á eliminación dos acios de uva, e deberase axustar ao establecido no artigo 9 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

2. As comunidades autónomas que prevexan solicitar esta axuda, de conformidade co número 1 do artigo 76 do presente real decreto, fixarán unha compensación pola perda de ingresos, que se calculará como o 25 por cento do valor medio da uva das tres últimas campañas no ámbito territorial onde se sitúe a parcela de viña obxecto da vendima en verde, que a Comunidade Autónoma deberá definir.

3. As comunidades autónomas que prevexan solicitar esta axuda fixarán un importe máximo por hectárea dos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uva para cada unha das formas de eliminación, manual, mecánica ou química. No caso que se utilice máis dun método de colleita en verde nunha mesma superficie, a compensación basearase no método menos custoso.

4. Segundo o establecido no artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016, as contribucións en especie en forma de provisión de traballo que non fose obxecto de ningún pagamento en efectivo xustificadas con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente poderán optar á axuda sempre que a comunidade autónoma o prevexa e llo comunique ao Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación para a súa comunicación á Comisión no Programa de apoio.

Para os efectos do cálculo do importe da axuda correspondente ás contribucións en especie, teranse en conta os puntos 2.b), 3.b) e 3.c) do artigo 45 do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

Co fin de cumprir co establecido no artigo 3 a).vi) do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, de 15 de abril de 2016, o método de cálculo aplicado por cada comunidade autónoma para determinar o valor do traballo propio e a súa adaptación anual deberáse comunicar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, antes do 1 de febreiro de cada ano.

A compensación polos custos directos de destrución ou eliminación dos acios de uvas será o resultado de aplicar o coeficiente que fixará o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación ao importe máximo establecido pola comunidade autónoma. A contía percibida en ningún caso poderá ser superior á que resulte da aplicación do dito coeficiente sobre o gasto efectivamente realizado e acreditado mediante factura e xustificante de pagamento cando a colleita en verde non a execute o propio beneficiario.

5. As comunidades autónomas que prevexan solicitar a axuda enviaranlle ao Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, xunto coa solicitude mencionada no dito punto, as cantidades fixadas nos números 2 e 3 do presente artigo.

6. Para determinar o importe da axuda pola colleita en verde dunha superficie de viña as comunidades autónomas realizarán unha medición da parcela en que se realizou a colleita en verde, seguindo o método establecido no artigo 44 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

7. Non se pagará a axuda en caso de perda total ou parcial da produción antes da data de colleita en verde, como consecuencia dun desastre natural.

Para os efectos do cumprimento do parágrafo anterior, considerarase que existiu un desastre natural cando por condicións meteorolóxicas como as xeadas, a sarabia, as chuvias ou a seca se destrúa máis do 30 % da produción calculada como a media anual dun agricultor determinado durante o trienio precedente ou dunha media trienal baseada nos cinco anos anteriores que exclúa a cifra máis elevada e a cifra máis baixa.

Artigo 84. *Pagamento da axuda aos beneficiarios.*

1. A axuda pagarase polo importe calculado segundo o artigo 83, e unha vez que se comprobe sobre o terreo que se executou correctamente a operación.

2. Se o viticultor non executa a operación na superficie total para a cal se aprobou a axuda, terase en conta a diferenza entre a superficie aprobada ou modificada segundo o artigo 83 e a superficie realmente executada determinada polos controis sobre o terreo. Se esta diferenza non é maior do 20 %, calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo. Se a diferenza é maior ou igual ao 20 % e inferior ao 50 %, calcularase sobre a base da superficie determinada polos controis sobre o terreo e reducida no dobre da diferenza comprobada. Non obstante, non terá dereito á axuda en caso de que esta diferenza de superficies supere o 50 %.

3. A comunidade autónoma deberá emitir unha resolución de pagamento e realizar o pagamento ao beneficiario o antes posible e, como moito, nun prazo máximo de doce meses desde a data da presentación da solicitude de pagamento válida e completa.

Artigo 85. Sancións.

No caso de que un viticultor non execute a colleita en verde nas parcelas aprobadas, isto será considerado infracción leve segundo o previsto no artigo 38.1.g) da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e será sancionado de conformidade co establecido no artigo 42.1 da citada lei, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Artigo 86. Condicionalidade.

Se se constata que un beneficiario, en calquera momento durante un ano, a partir do 1 de xaneiro do ano natural en que se producise o primeiro pagamento en virtude da presente sección, non respectou na súa explotación os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais a que se refiren os artigos 91, 92, 93, 94 e 95 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o importe da axuda, en caso de que o incumprimento se deba a unha acción ou omisión atribuíble directamente ao beneficiario, reducirase ou cancelarse, parcial ou totalmente, dependendo da gravidade, alcance, persistencia e repetición do incumprimento, e o beneficiario deberá reintegrala se procede, conforme o establecido nas citadas disposicións. Para os efectos deste control de condicionalidade, as comunidades autónomas deberán dispor de información actualizada sobre as referencias alfanuméricas Sixpac de todas as parcelas que forman parte da explotación do beneficiario.

CAPÍTULO III**Controis e pagamento****Artigo 87. Controis.**

1. As actuacións de control serán realizadas conforme o establecido no presente real decreto e, en especial, aplicaranse as disposicións en materia de control fixadas no capítulo IV do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016.

2. As comunidades autónomas articularán as medidas de control necesarias para garantir o cumprimento das actuacións previstas nun plan xeral de control elaborado polo Fondo Español de Garantía Agraria en coordinación con estas. No caso da reestruturación e reconversión de viña, o plan xeral citado terá en conta o rexistro vitícola da comunidade autónoma correspondente.

3. Como complemento ao plan xeral de control que se estableza, as autoridades competentes poderán desenvolver cantas actuacións de control consideren precisas.

4. Para aquelas axudas relacionadas coa superficie, os controis administrativos e sobre o terreo estableceranse tendo en conta os principios xerais do sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

5. Antes do 15 de xaneiro de cada ano, as comunidades autónomas remitiranlle ao Fondo Español de Garantía Agraria un informe anual sobre os controis executados durante o exercicio financeiro anterior respecto a cada medida do programa de apoio utilizando os modelos que figuran no anexo X.

Artigo 88. Pagamento.

O outorgamento e pagamento ou denegación das axudas a que se refire este real decreto corresponde á autoridade competente da comunidade autónoma onde se presente a axuda.

As axudas reguladas neste real decreto financiaranse con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía.

Artigo 89. *Pagamentos indebidos e sancións.*

1. O beneficiario deberá reintegrar os pagamentos indebidos xunto cos xuros, segundo o establecido no artigo 40 do Regulamento de execución ((UE) 2016/1150 da Comisión, do 15 de abril de 2016. O tipo de xuro que se deberá aplicar será o de demora establecido na correspondente Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

2. O incumprimento do disposto neste real decreto será sancionado, logo de instrución do procedemento sancionador, segundo o disposto nos artigos 37 a 45 da Lei 24/2003, do 10 de xullo, e nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 90. *Comunicación relativa aos anticipos.*

1. Para os anticipos concedidos na medida de promoción en mercados de países terceiros segundo o artigo 14, o beneficiario deberá realizar cada ano ao organismo pagador, antes do 1 de xuño, xunto coa solicitude do pagamento do saldo da anualidade correspondente, unha declaración dos gastos que xustifiquen o uso dos anticipos na anualidade correspondente e a confirmación do saldo restante do anticipo non utilizado.

2. Para os anticipos concedidos á medida de reestruturación e reconversión de viñas, segundo o artigo 38, os beneficiarios deberán comunicar cada ano ao organismo pagador, antes do 31 de outubro, unha declaración dos gastos que xustifique o uso dos anticipos ata o 15 de outubro correspondente, e a confirmación do saldo restante dos anticipos non utilizados con data do 15 de outubro.

3. Para os anticipos concedidos na medida de destilación de subprodutos segundo o artigo 58, o beneficiario deberá realizar cada ano ao organismo pagador, antes do 20 de xullo, xunto coa solicitude do pagamento do saldo, unha declaración dos gastos que xustifique o uso dos anticipos no exercicio Feaga correspondente e a confirmación do saldo restante do anticipo non utilizado.

4. Os beneficiarios de operacións para os cales a contribución da Unión sexa inferior a 5.000.000 de euros non estarán obrigados á comunicación relativa aos anticipos establecida nos números 1, 2 e 3 do presente artigo.

5. Os organismos pagadores de cada comunidade autónoma deberán incluír, nas súas contas anuais do exercicio Feaga en curso, a información relacionada coa utilización dos anticipos nos prazos fixados.

6. Para os efectos do artigo 27, número 2, do Regulamento delegado (UE) n.º 907/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, sobre liberación da garantía, as probas do dereito á concesión definitiva que se deberán presentar serán a última declaración de gastos e a confirmación do saldo a que se fai referencia nos números 1 a 3 do presente artigo. No caso dos anticipos concedidos para operacións relacionadas coa medida de reestruturación e reconversión de viña, a última declaración de gastos e a confirmación do saldo facilitaranse ao final do segundo exercicio financeiro posterior ao pagamento.

Artigo 91. *Compatibilidade das axudas.*

1. Non se financiarán cos fondos do Programa nacional de apoio as medidas que están recollidas nos programas de desenvolvemento rural ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 1305/2013, relativos á axuda ao desenvolvemento rural, e as medidas que están recollidas no Regulamento (CE) n.º 1040/2002 da Comisión, do 14 de xuño de 2002, polo que se establecen normas particulares de execución das disposicións relativas á asignación dunha participación financeira da Comunidade para a loita fitosanitaria e se derroga o Regulamento (CE) n.º 2051/97, nin outras medidas financiadas por instrumentos financeiros da Unión Europea.

Non obstante, para a medida de investimentos, os compromisos de investimento aprobados a partir do 17 de setembro de 2018 para os produtos mencionados no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, financiaranse exclusivamente cos fondos do Programa de apoio ao sector vitivinícola español. Neste sentido, considerarase incompatible coa axuda a

percepción de financiamento, para o mesmo investimento, derivado do uso de instrumentos financeiros apoiados pola Unión Europea, en especial do Banco Europeo de Investimentos.

Tampouco se financiarán cos fondos do Programa nacional de apoio os programas simples de información e de promoción de viño asociado a outros produtos agroalimentarios ou os programas múltiples de información e promoción de viño, regulados ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 1144/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre accións de información e de promoción relativas a produtos agrícolas no mercado interior e en países terceiros, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 3/2008 do Consello.

2. A percepción das subvencións previstas neste real decreto para financiar a operación presentada será incompatible coa de calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, puideren establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

3. Para os efectos do artigo 27 do Regulamento de execución (UE) 2016/1150 da Comisión Europea, do 15 de abril de 2016, as comunidades autónomas garantirán a existencia dun sistema de control eficaz para evitar o dobre financiamento das medidas recollidas no presente real decreto.

Artigo 92. *Erro manifesto.*

Calquera comunicación, solicitude ou petición cursada ás autoridades competentes, en virtude das axudas establecidas neste real decreto, incluída unha solicitude de axuda, poderase corrixir en calquera momento despois da súa presentación en caso de erros manifestos materiais, de feito ou aritméticos, recoñecidos pola autoridade competente.

Disposición adicional primeira. *Non incremento do gasto público.*

A constitución e o funcionamento da Comisión prevista no artigo 10, e do Comité regulado no artigo 23, non suporán incremento de gasto e serán atendidos cos medios persoais e materiais existentes no Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Así mesmo, o resto das medidas previstas neste real decreto non poderá supor incremento de dotacións, nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Condición suspensiva.*

A concesión das axudas previstas neste real decreto, cuxo pagamento se deba efectuar, total ou parcialmente, a partir do 15 de outubro de 2020, queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos fondos do Feaga e nas correspondentes aplicacións orzamentarias do FEAGA ou das comunidades autónomas, vinculadas ao Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

Para estes efectos, se os fondos existentes non foren suficientes para atender o pagamento das axudas concedidas e executadas, procederáse por rigorosa orde de presentación da solicitude completa de pagamento das actividades subvencionadas.

Disposición transitoria primeira. *Promoción en mercados de países terceiros.*

Os beneficiarios solicitantes da axuda de promoción en mercados de países terceiros nos exercicios Feaga 2018 e/ou 2019 deberán presentar na súa seguinte solicitude de axuda unha declaración xurada cubrindo para cada ano o modelo III do anexo IV, de cara a contabilizar a duración máxima da axuda.

Disposición transitoria segunda. *Reestruturación e reconversión de viña.*

Non obstante o previsto na disposición derogatoria única, respecto da reestruturación e reconversión de viña, aboaranse con cargo aos exercicios Feaga 2019 a 2023 as operacións finalizadas en 31 de xullo de 2018, e que non puidesen ser pagadas antes do 15 de outubro de 2018, para cuxo efecto os requisitos e condicións serán os

establecidos no Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.

As medidas aprobadas e non finalizadas en 31 de xullo de 2018 por causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, segundo se recollen no segundo punto do artigo 2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, ou segundo establece a correspondente comunidade autónoma na súa normativa, serán liquidadas ou pagadas con cargo aos exercicios Feaga 2019 a 2023, conforme os importes e accións recollidos no artigo 37 do presente real decreto. As comunidades autónomas poderán determinar que se executen conforme os requisitos e condicións previstos neste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Investimentos.*

A sección cuarta deste real decreto non será de aplicación ás solicitudes presentadas antes do 1 de febreiro de 2019, ás cales se lles aplicará a sección cuarta do Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

Disposición transitoria cuarta. *Aplicación normativa.*

Non obstante o previsto na disposición derogatoria única, as axudas concedidas conforme o Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola, ou conforme o Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español, e que se encontren en execución ou non fosen aboadas no momento da entrada en vigor deste real decreto, ou que estean vinculadas ao mantemento durante un período determinado das condicións en función das cales se outorgaron, rexeranse polo previsto no dito Real decreto 597/2016, do 5 de decembro, ou no Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, en función da normativa con base na cal se aprobasen.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 5/2018, do 12 de xaneiro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2019-2023 ao sector vitivinícola español.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo a sección primeira do capítulo II, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Autorización para a modificación do real decreto e dos seus anexos.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar o contido dos anexos do presente real decreto, cando as ditas modificacións sexan exixidas como consecuencia da normativa da Unión Europea. Ademais, poderá modificar as datas e os prazos contidos na presente disposición.

Disposición derradeira terceira. *Deber de información.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas proporcionaranse, preferentemente por vía electrónica, a información necesaria para facilitar o seguimento das disposicións recollidas neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de novembro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES

ANEXO I

Accións e actividades de promoción

Accións	Actividades
a) Relacións públicas e medidas de promoción e publicidade que destaquen en particular as vantaxes dos produtos da Unión Europea en termos de calidade, seguridade alimentaria e respecto ao ambiente.	Misións comerciais. Campañas publicitarias de natureza diversa (TV, radio, prensa, eventos etc.). Promocións en puntos de venda. Portais web para promoción exterior, redes sociais. Misións inversas. Oficinas de información. Gabinete de prensa. Presentacións de produto, catas.
b) Participación en manifestacións, feiras e exposicións de importancia internacional.	Feiras e exposicións internacionais etc., sectoriais ou xerais, profesionais e de consumidores. Catas.
c) Campañas de información, en particular sobre os sistemas da Unión Europea de denominacións de orixe, indicacións xeográficas e producións ecolóxicas.	Encontros empresariais, profesionais, líderes de opinión e consumidores. Xornadas, seminarios, catas, degustacións etc.
d) Estudos de novos mercados, necesarios para a busca de novas saídas comerciais.	Estudos e informes de mercado.
e) Avaliación dos resultados das medidas de promoción e información.	Estudos de avaliación de resultados das medidas de promoción.

ANEXO II

Listaxe de produtos

Os produtos mencionados no artigo 6 son os seguintes:

1. Viño.
2. Viño de licor.
3. Viño escumoso.
4. Viño escumoso de calidade.
5. Viño escumoso aromático de calidade.
6. Viño de agulla.
7. Viño de agulla gasificado.
8. Viño de uvas pasificadas.
9. Viño de uvas sobremaduras.
10. Viños ecolóxicos.

ANEXO III

Rexións

Pais	Organización territorial	Nomes
<i>Grupo 1</i>		
Estados Unidos	50 estados federais e 1 distrito	Alabama, Alaska, Arizona, Arkansas, California, Carolina do Norte, Carolina do Sur, Colorado, Connecticut, Dakota do Norte, Dakota do Sur, Delaware, Florida, Georgia, Hawái, Idaho, Illinois, Indiana, Iowa, Kansas, Kentucky, Luisiana, Maine, Maryland, Massachusetts, Michigan, Minnesota, Misisipi, Misuri, Montana, Nebraska, Nevada, Nova Jersey, Nova York, Novo Hampshire, Novo México, Ohio, Oklahoma, Oregón, Pensilvania, Rhode Island, Tennessee, Texas, Utah, Vermont, Virginia, Virginia Occidental, Washington, Wisconsin e Wyoming. Washington DC.
Canadá	10 provincias e 3 territorios	Ontario, Quebec, Nova Escocia, Novo Brunswick, Manitoba, Columbia Británica, Illa do Príncipe Eduardo, Saskatchewan, Alberta, Terranova e Labrador, territorios do Noroeste, Yukón e Nunavut.
Xapón	47 prefecturas	Hokkaido, Aomori, Iwate, Miyagi, Akita, Yamagata, Fukushima, Ibaraki, Tochigi, Gunma, Saitama, Chiba, Tokio, Kanagawa, Niigata, Toyama, Ishikawa, Fukui, Yamanashi, Nagano, Gifu, Shizuoka, Aichi, Mie, Shiga, Kioto, Osaka, Hyōgo, Nara, Wakayama, Tottori, Shimane, Okayama, Hiroshima, Yamaguchi, Tokushima, Kagawa, Ehime, Kōchi, Fukuoka, Saga, Nagasaki, Kumamoto, Ōita, Miyazaki, Kagoshima e Okinawa.
China	22 provincias, 2 rexións, 4 municipios e 5 rexións autónomas.	Heilongjiang, Jilin, Liaoning, Qinghai, Gansu, Shaanxi, Shanxi, Hebei, Sichuan, Hubei, Henan, Shandong, Anhui, Jiangsu, Yunnan, Guizhou, Hunan, Jiangxi, Zhejiang, Hainan, Guangdong e Fujian (e Taiwán). Hong Kong e Macao. Shanghai, Pekín, Chongqing e Tianjin. Tíbet, Ningxia, Xinjiang, Guangxi e Mongolia Interior.
Rusia	47 rexións ou <i>óblast</i>	Amur, Arcángel, Astracán, Bélgorod, Briansk, Cheliabinsk, Chitá, Irkutsk, Ivánovo, Kaliningrado, Kaluga, Kémerovo, Kírov, Kostromá, Kurgán, Kursk, Leningrado, Lípetsk, Magadán, Moscú, Múrmansk, Nizhni Nóvgorod, Nóvgorod, Novosibirsk, Omsk, Oremburgo, Oriol, Penza, Pskov, Rostov, Riazán, Sajalín, Samara, Sarátov, Smolensk, Sverdlovsk, Tambov, Tomsk, Tver, Tula, Tiumén, Uliánovsk, Vladímir, Volgogrado, Vólogda, Vorónezh, Yaroslavl.
México	32 entidades federativas	Aguascalientes, Baja California, Baja California Sur, Campeche, Chiapas, Chihuahua, Ciudad de México, Coahuila de Zaragoza, Colima, Durango, Guanajuato, Guerrero, Hidalgo, Jalisco, México, Michoacán de Ocampo, Morelos, Nayarit, Nuevo León, Oaxaca, Puebla, Querétaro de Arteaga, Quintana Roo, San Luis Potosí, Sinaloa, Sonora, Tabasco, Tamaulipas, Tlaxcala, Veracruz de Ignacio de la Llave, Yucatán e Zacatecas.
Suíza	(Estado unitario)	
Reino Unido	(Estado unitario)	Para os efectos da medida de promoción considerárase Reino Unido como país terceiro cando así o determine a Unión Europea.
<i>Grupo 2</i>		
Corea do Sur	(Estado unitario)	
Brasil	27 unidades federales	Acre, Alagoas, Amapá, Amazonas, Bahía, Ceará, Espírito Santo, Goiás, Maranhão, Mato Grosso, Mato Grosso do Sur, Minas Gerais, Pará, Paraíba, Paraná, Pernambuco, Piauí, Río de Janeiro, Río Grande do Norte, Río Grande do Sur, Rondônia, Roraima, Santa Catarina, São Paulo, Sergipe, Tocantins e Distrito Federal.
Noruega	(Estado unitario)	
Australia	(Estado unitario)	
Perú	26 rexións	Amazonas, Áncash, Apurímac, Arequipa, Ayacucho, Cajamarca, Cuzco, Huancavelica, Huánuco, Ica, Junín, La Libertad, Lambayeque, Lima, Loreto, Madre de Dios, Moquegua, Pasco, Piura, Puno, San Martín, Tacna, Tumbes, Ucayali e Callao.
Colombia	(Estado unitario)	
Singapur	(Estado unitario)	

Pais	Organización territorial	Nomes
República Dominicana		(Estado unitario)
Cuba		(Estado unitario)
Costa Rica		(Estado unitario)
Panamá		(Estado unitario)
<i>Grupo 3</i>		
India		(Estado unitario)
Malaisia		(Estado unitario)
Filipinas		(Estado unitario)
Vietnam		(Estado unitario)
Porto Rico		(Estado libre asociado unitario)
Tailandia		(Estado unitario)

O resto de países non incluídos dentro dos grupos prioritarios consideraranse para estes efectos como estados unitarios.

ANEXO IV

I. Formulario de beneficiario

Cúbrase un único formulario por beneficiario

- | | |
|-----|---|
| 1 | BENEFICIARIO |
| 1.1 | Presentación
Nome, enderezo, enderezo de correo electrónico, teléfono, fax, persoa de contacto responsable do programa. |
| 1.2 | Tipo de beneficiario (de acordo co artigo 5 do presente real decreto) |
| 1.3 | Trátase dun novo beneficiario? SI/NON |
| 1.4 | Características da organización ou empresa proponentes.
Representatividade, importancia no sector, volume de comercialización global e respecto á DOP/IXP a que pertence |
| 1.5 | Tipo da empresa
– Especificíquese se se trata dunha entidade asociativa prioritaria ou dunha entidade de base desta, ou dunha cooperativa ou outra entidade asociativa agroalimentaria
– Especificíquese se se trata dunha entidade resultante dun proceso de integración acollida ao Real decreto 1009/2015, do 6 de novembro, nos dous últimos anos anteriores á solicitude. |
| 1.6 | Trátase dunha empresa/grupo empresarial SI/NON
En caso afirmativo, especificíquese diagrama do grupo empresarial (con indicación de porcentaxes), cales son as adegas do grupo que participan no programa. |
| 2. | Acreditación da DISPOÑIBILIDADE DE RECURSOS SUFICIENTES |
| 2.1 | Balance de contas
Copia das declaracións financeiras e/ou informes anuais dos 3 últimos anos |
| 2.2 | Xustificación da dispoñibilidade de fondos suficientes para atender a parte do orzamento para a cal se solicita cofinanciamento |
| 3 | Acreditación da CAPACIDADE TÉCNICA |
| 3.1 | Descrición dos recursos para a execución do programa (persoal e medios)
Defínase estrutura interna/externa (departamentos e funcións)
Especificíquese se os recursos son propios ou alleos.
Se se seleccionaron varios organismos de execución, indíquense as actuacións que aplicará cada un deles. |
| 3.2 | Xustificación da capacidade para executar o programa (experiencia en actuacións de promoción) |
| 4. | Capacidade DE RESPOSTA COMERCIAL |
| 4.1 | Diversidade de tipos de viño e zonas xeográficas en que está presente. Indíquense as marcas comerciais dos diferentes tipos de viño |
| 4.2 | Volume de comercialización e volume exportado dos tres últimos anos (con detalle do volume para os países obxecto do programa) |
| 4.3 | Volume de comercialización dispoñible para posible resposta comercial |
-

II. Formulario de programa

1	CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA
1.1	Produto(s) <i>Especifíquense os produtos obxecto de promoción dos recollidos no anexo II</i>
1.2	Destino dos programas <i>Especifíquense os países e mercados de país terceiro de destino e detalle os motivos polos cales foron seleccionados e as posibilidades de comercialización dos produtos nos destinos elixidos.</i>
1.3	Trátase dun programa dirixido a un novo destino? SI/NON <i>En caso afirmativo, especifíquese o novo tipo de mercado obxectivo e/ou o novo ámbito xeográfico</i>
1.4	Duración: 12-24-36 meses
1.5	É continuación dun programa presentado no exercicio Feaga anterior? SI/NON
1.6	Trátase dunha prórroga? SI/NON
2	OBXECTIVO <i>En termos de obxectivos concretos e, se for posible, cuantificados</i>
3	ESTRATEGIA <i>Especifíquese que instrumentos de mercadotecnia e comunicación se utilizarán para alcanzar os obxectivos do programa</i>
4	ACCIÓNS
4.1	Descrición detallada de cada unha das accións e actividades por país ou mercado.
4.2	Calendario previsto <i>Lugares e datas onde se levarán a cabo as actividades (menciónese a cidade ou, en casos excepcionais, a rexión; por exemplo, «os Estados Unidos» non é suficientemente preciso).</i>
5	PÚBLICO OBXECTIVO <i>Para cada actividade do programa débese detallar o público obxectivo a que se dirixe co fin de coñecer o orzamento destinado a cada un deles. Especifíquese se vai dirixido a consumidor, distribuidor-supermercado, distribuidor-grosista, distribuidor-retallista especializado, distribuidor-restaurante, importadores, líderes de opinión-xornalistas, líderes de opinión-expertos gastronómicos e escolas de hostalaría e restauración.</i>
6	MENSAXES <i>Sobre as calidades intrínsecas dos produtos, ou en caso de tratarse de viños que contan cunha IXP/DOP, a orixe do produto</i>
7	REPERCUSIÓN PREVISIBLE E MÉTODO PARA MEDILA <i>Polo que se refire á evolución da demanda, a notoriedade e a imaxe do produto ou calquera outro aspecto vinculado aos obxectivos.</i>
7.1	<i>Especifíquese e cuantifíquese a repercusión previsible en termos de resultados realistas.</i>
7.2	<i>Especifíquese o método (cuantitativo e/ou cualitativo) e os indicadores que se utilizarán para medir os resultados ou repercusións</i>
8	INTERESE NACIONAL E COMUNITARIO DO PROGRAMA
9	ORZAMENTO
9.1	Cadro recapitulativo <i>Elabórese un cadro recapitulativo para cada país de destino e exercicio Feaga. A presentación do orzamento débese ater á mesma estrutura e á mesma orde que a descrición das actividades. Véxase modelo do punto IV do anexo IV do orzamento recapitulativo</i>
9.2	Xustificación de que os custos propostos non superan os prezos normais de mercado.
10	OUTROS DATOS PERTINENTES

III. Declaracións obrigatorias

Modelo de declaración responsable do solicitante

1.- DATOS DA ORGANIZACIÓN OU EMPRESA PROPOÑENTES

Nome:

NIF:

Enderezo:

Teléfono e fax:

Persoa de contacto:

DECLARA:

Que os datos reflectidos na seguinte táboa se corresponden cos programas desenvolvidos no marco da medida de promoción de viño en países terceiros:

CONVOCATORIA	PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2019-2023					NOVO PERIODO DE PROGRAMACIÓN	
	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
EXERCICIO FEAGA	2018	2019	2020	2021	2022	2023	202X
PÚBLICO OBXECTIVO	
ACTIVIDADES	
REXIÓN							

Solicitud
prórroga*

Primeira
comprobación**

*A solicitude de prórroga deberase realizar cando o programa presentado acade o límite dos tres anos establecido no artigo do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión.

** A primeira comprobación, e para os efectos da admisibilidade da axuda, deberase realizar cando o programa presentado acade o límite dos cinco anos establecido no artigo do Regulamento delegado (UE) 2016/1149 da Comisión.

Que os datos reflectidos na seguinte táboa mostran que na anualidade 2 XXX, e para os efectos da duración máxima da axuda, o programa presentado se dirixe a un/unha novo/a ou uns/unhas novos/as:

REXIÓN/ES	ACTIVIDADE/S	PÚBLICO/S OBXECTIVO/S

*Márquese cun X o/os que proceda/n

Compromiso da organización ou empresa propoñentes de garantir o seu financiamento para toda a duración do programa.

Declaración da organización ou empresa propoñentes de non ter solicitado nin recibido axudas incompatibles.

_____, o ____ de _____

O (1) _____

Asdo¹: _____

(1) Presidente, director, xerente etc.

IV. Orzamento recapitulativo

Acción	Actividade	Rexión	Público obxectivo	Exercicio I Anualidade I	Exercicio II Anualidade II	Exercicio III Anualidade III	Total
a)							
b)							
c)							
d)							
e)							
Gastos administrativos* (máx. 4 % do total de accións subvencionables)							
Custos de persoal (13%)							

* Poderán incluír os custos do certificado dos estados financeiros.

ANEXO V

Criterios de priorización

	Puntuación máxima
1.º Características do proponente:	45 puntos
a) Programas presentados por novos beneficiarios	20 puntos
Entidades asociativas prioritarias ou as súas entidades de base, ou cooperativas e outras entidades asociativas agroalimentarias (SAT, sociedades mercantís sempre que máis do 50 % do seu capital social pertenza a cooperativas ou SAT)	7 puntos
b) Órganos de xestión e de representación das indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe protexidas vínicas, así como as súas asociacións.. . . .	6 puntos
Organizacións de produtores vitivinícolas recoñecidas para os produtos mencionados no anexo II. No caso de que sexa unha forma recoñecida no punto anterior, non será acumulativo	5 puntos
Asociacións participadas maioritariamente (máis dun 50%): por produtores dos produtos mencionados no anexo II, sexa directamente ou a través de sociedades, e non incluídas no primeiro punto desta epígrafe . .	3 puntos
c) Certificacións ambientais	3 puntos
d) Beneficiarios que sexan produtores	15 puntos
2.º Características do programa:	45 puntos
a) Programas que teñan como obxectivo un novo país.	20 puntos
b) Mercado de destino dos programas	10 puntos
c) Alcance e cobertura do programa	15 puntos
3.º Interese para a comunidade autónoma:	10 puntos
a) Criterio que decidirá cada comunidade autónoma segundo as súas prioridades rexionais	10 puntos
Valoración total xeral	100 puntos

1.º Características do proponente.

a) Programas presentados por novos beneficiarios (20 puntos), entendendo como tales aqueles que non participasen nunca ou cuxos programas nunca formasen parte da listaxe de selección proposta pola Comisión Nacional de Selección de Programas, do artigo 10, desde o exercicio Feaga 2018.

b) Priorización dos solicitantes (máximo 7 puntos)

Entidades asociativas prioritarias recoñecidas para o sector do viño (incluídas multisectoriais), de acordo co Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades

Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario. Así mesmo, darase prioridade ás súas entidades de base. Tamén se dará prioridade ás entidades asociativas prioritarias rexionais ou figuras análogas reguladas no ámbito autonómico, así como ás súas entidades de base (recoñecidas tamén para o sector do viño) (7 puntos). Cooperativas e outras entidades asociativas agroalimentarias (SAT, sociedades mercantís sempre que máis do 50% da súa capital social pertenza a cooperativas ou SAT) (7 puntos).

Órganos de xestión e representación das indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe protexidas vínicas, así como as súas asociacións (6 puntos).

Organizacións de produtores vitivinícolas recoñecidas para os produtos mencionados no anexo II. No caso de que sexa unha forma recoñecida no punto anterior, non será acumulativo (5 puntos).

Asociacións participadas maioritariamente (máis dun 50 %): por produtores dos produtos mencionados no anexo II, sexa directamente ou a través de sociedades, e non incluídas no primeiro punto deste número (3 puntos).

c) Certificacións ambientais. Daráselles prioridade a aqueles solicitantes cuxas instalacións dispoñen de certificación ambiental (máximo 3 puntos):

Segundo o Regulamento comunitario EMAS (Regulamento (CE) n.º 1221/2009) ou a norma ISO 14.001. 2 puntos.

Certificado Wineries for Climate Protection. 1 punto.

As ditas certificacións deberán ser acreditadas e achegadas xunto coa solicitude.

d) Beneficiarios que sexan produtores vinícolas: enténdense como tales aqueles que, independentemente da súa forma xurídica, sexan elaboradores de viño (comercialicen ou non) (15 puntos).

2.º Características do programa.

a) Programas que teña como obxectivo un novo país terceiro (máximo 20 puntos): entendendo como tales aqueles programas que nunca formasen parte da listaxe de selección proposta pola Comisión Nacional de Selección de Programas, do artigo 10, desde o exercicio Feaga 2018.

No caso dos programas multipaíses, a puntuación repartirase de forma proporcional á porcentaxe de orzamento destinada aos novos países terceiros.

b) Destino dos programas (máximo 10 puntos):

Os 10 puntos repartiranse segundo o grupo ou grupos de países do anexo III a que pertencen os destinos elixidos para desenvolver os programas. A repartición da puntuación farase con base na porcentaxe (en tanto por un) de orzamento destinado aos ditos grupos de países prioritarios, asignando a puntuación da seguinte maneira, segundo proceda:

$$\% \text{ do grupo 1} \times 10 + \% \text{ do grupo 2} \times 5 + \% \text{ do grupo 3} \times 2,5 = \text{ puntuación por destino dos programas}$$

c) Alcance e cobertura do programa (máximo 15 puntos):

A puntuación concederase da seguinte forma:

– 7,5 puntos en función do alcance e cobertura en termos de actividades previstas. Outorgaranse as seguintes puntuacións: dúas actividades = 2,5 puntos, tres actividades = 5 puntos, catro ou máis actividades = 7,5 puntos,

– 7,5 puntos en función do alcance e cobertura en termos de grupo destinatario (número de contactos previstos etc.) entendendo por grupo destinatario: consumidor, distribuidor- supermercado, distribuidor- grosista, distribuidor- retailista especializado, distribuidor- abastecedor, distribuidor- restaurante, importadores, líderes de opinión-xornalistas, líderes de opinión- expertos gastronómicos e escolas de hostalaría e

ANEXO VIII

Condicións para a subvencionabilidade dos custos de persoal, gastos administrativos e outros

a) Custos de persoal propio dedicado en exclusiva ás actividades de promoción. Deberán demostrar a relación contractual coa empresa, mediante os datos do contrato, cotización á Seguridade Social a cargo da empresa e os impostos persoais á renda (IRPF). Tanto se é persoal técnico como administrativo, deberase demostrar a dedicación en exclusiva ás actividades de promoción establecidas no programa aprobado.

b) Custos de persoal propio non dedicado en exclusiva ás actividades de promoción: deberán demostrar a relación contractual coa empresa mediante os datos do contrato, cotización á Seguridade Social e o IRPF. Ademais, deberán achegar as correspondentes táboas horarias onde se indique categoría profesional, número de horas de dedicación, custo horario e custo total; así como certificación do responsable de persoal da empresa que acredite a relación do traballador co programa aprobado. Avaliarase a coherencia das ditas táboas co programa e subvencionarase unicamente o importe xustificado mediante as ditas táboas.

c) Custos de persoal autónomo. Deberán achegar copia do contrato que acredite a relación coa empresa, así como as facturas xustificativas do gasto.

A suma das letras a, b e c (custos de persoal) non poderá superar o 13 % do total dos custos subvencionables das accións executadas; por este motivo, os ditos gastos deberán figurar convenientemente analizados no orzamento recapitulativo do programa que se presente.

O beneficiario deberá presentar xustificantes que expoñan os detalles do traballo realmente efectuado en relación coa operación concreta ou con cada medida de acción subxacente, se procede.

Para os efectos da determinación dos custos de persoal relacionados coa execución dunha operación por parte do persoal permanente do beneficiario, poderase calcular a tarifa horaria aplicable dividindo entre 1.720 horas os últimos custos salariais anuais brutos documentados dos empregados concretos que traballasen na execución da operación.

d) Gastos administrativos: serán subvencionables ata un límite dun 4 por cento dos custos subvencionables totais de execución das actividades promocionais e incluírán, se é o caso, os gastos correspondentes ao certificado dos estados financeiros, recollido no artigo 15.7. Estes gastos, para seren subvencionables, deberán estar considerados como unha partida específica no orzamento recapitulativo do programa. Xustificaranse mediante un certificado do beneficiario que acredite eses gastos de administración e xestión do programa aprobado.

e) Aloxamento, manutención e comidas colectivas.

– Aboarase unha axuda de custo máxima polo aloxamento: 120 euros/día en España e 180 euros día en países terceiros, logo de presentación das facturas pagadas.

– Aboarase unha axuda de custo a prezo fixado por estadía de 80 euros ao día, en España e de 90 euros ao día en países terceiros para cubrir todos os demais gastos (comidas, transporte local, teléfono etc.).

– Estas axudas aboaranse pola participación en eventos fóra do lugar de traballo e cubrirán o número de días necesario para a realización da actividade. Para comidas colectivas aboarase un importe máximo de 60 euros/persoa en España e 70 euros /persoa en países terceiros logo de presentación de facturas.

f) Viño para empregar como material promocional: no caso de catas, misións inversas e similares será dun máximo dunha botella por cada 6 participantes.

ANEXO IX

Relación de gastos non subvencionables

- Provisións para futuras posibles perdas ou débedas.
- Gastos de transporte en taxi ou transporte público, cubertos polas axudas diarias.
- Gastos bancarios, xuros bancarios ou primas das pólizas de seguros. Entre os ditos gastos encóntranse, en particular, os gastos de constitución e mantemento dos avais bancarios que responden como garantía.
 - Perdas por cambio de divisas.
 - No caso de que se repita ou solicite unha prórroga para realizar o programa de promoción no mesmo país, non se poderán incluír gastos de actividades promocionais xa solicitados no programa anterior (ex. custos de creación de páxinas web, elaboración de material audiovisual, estudos de mercado etc.).
 - Gastos que estean fóra do obxecto do programa.
 - Creación e rexistro de marcas.
 - Gastos equivalentes a descontos comerciais, nin os asimilables a axudas directas ao produtor.
 - Con carácter xeral, os tributos só se poderán considerar gastos subvencionables sempre que o beneficiario os aboe efectivamente. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Queda, polo tanto, excluído o financiamento do imposto sobre o valor engadido (IVE), así como o imposto xeral indirecto canario (IXIC) na medida en que e sexan deducibles.

ANEXO X

Informe anual sobre os controis efectuados

Exercicio financeiro:
Comunidade autónoma:
Data da notificación (*):
Medida (**):

1. Número de controis

Nome da entidade (*)	Importe total da axuda asignada (orçamento)	Importe total da axuda solicitada	Importe total da axuda aboada		Número de unidades aboadas (*)	Número total de solicitudes de axuda presentadas	Número total de solicitudes de axuda receptoras de pagamentos	Número total de beneficiarios	CONTROIS					
			(Anticipos)	(Pagamentos finais)					Controis administrativos		Controis sobre o terreo (CST) (*)			
									Número total de solicitudes de axuda controladas	Importe total das solicitudes de axuda controladas	Mostra: selección de risco (*)		Mostra: selección aleatoria (*)	
											Número de solicitudes de axuda obxecto dun CST en función do risco	Importe da axuda solicitada obxecto dun CST en función do risco	Número de solicitudes de axuda obxecto dun CST aleatorio	Importe da axuda solicitada dun CST aleatorio
	EUR	EUR	EUR	EUR	Número	Número	Número	Número	Número	EUR	Número	EUR	Número	EUR
	A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N
Total														

2. Resultados dos controis

Organismo pagador	RESULTADOS DOS CONTROIS										Contía da redución da axuda Regulamento (UE) n.º 1306/2013 Art. 64		
	Controis administrativos			Controis sobre o terreo									
	N.º de solicitudes de axuda con irregularidades (2) detectadas polo control administrativo	Importe das irregularidades detectadas polo control administrativo (3)	Porcentaxe de erro por importe	Número de solicitudes de axuda con irregularidades		Importe das irregularidades		Porcentaxe de erro					
				Detectado na mostra baseada no risco	Detectado na mostra aleatoria	Detectado na mostra baseada no risco	Detectado na mostra aleatoria	En función do risco	Aleatoria	Tras controis administrativos	Tras controis sobre o terreo	Produción total da axuda tras os controis administrativos e sobre o terreo	
	Número	EUR	%	Número	Número	EUR	EUR	%	%	EUR	EUR	EUR	
O	P	Q=P/J	R	S	T	U	V=T/L	W=U/N	X=P	Y=T+U	α=X+Y		
Total													

(*) Prazo de notificación ao FEAGA: 15 de xaneiro

(**) Deberá cubrirse unha notificación para cada unha das medidas do programa de apoio.

(1) O termo «unidades» refírese, segundo proceda, ao número de operacións, hectáreas, toneladas, litros etc., en función da medida/operación/acción.

(2) Neste contexto, o termo «irregularidade» enténdese que inclúe calquera constatación, anomalía ou diverxencia que dea lugar a un cambio no importe aboado ou que se tería aboado antes da aplicación de penalizacións.

(3) • Se o control administrativo detecta unha irregularidade e a mesma solicitude de axuda tamén é obxecto dun CST que non detecta ningunha outra irregularidade, a irregularidade debe atribuírse ao control administrativo.

• Se un control administrativo detecta unha presunta irregularidade e, para afondar na investigación, se programa a continuación un CST que confirma a presunta irregularidade, esta debe atribuírse ao control administrativo.

• Se un control administrativo detecta unha irregularidade e un CST da mesma solicitude de axuda detecta unha nova irregularidade, as dúas irregularidades deben contabilizarse por separado.

(4) En caso de controis do 100 %, prérgase que se consigne todo nos CST «en función do risco».

ANEXO XI

Necesidades de financiamento para a reestruturación e reconversión de viña para o exercicio Feaga orzamentario: 20.....

Comunidade autónoma:
Data de comunicación:
Necesidades financeiras para o exercicio seguinte
Importe total (€)

Comunicación de acordo co número 1 do artigo 33 do presente real decreto.

ANEXO XII

Previsións financeiras ata o 15 de outubro

Comunidade autónoma:
Data de comunicación:
Previsións financeiras ata o 15 de outubro*
Importe total (€)

* Previsións de fondos totais para gastar ata o 15 de outubro: indicaranse as necesidades para todo o exercicio financeiro.

Comunicación de acordo co artigo 35 do presente real decreto.

ANEXO XIII

Accións subvencionables en reestruturación e reconversión de viñas

Actividade	Acción	Importe máximo subvencionable
A) Reimplantación de viñas	• Arrinca (incluída a recollida de cepas)	430 €/ha
	• Preparación do solo	1.400 €/ha
	• Preparación do solo para a plantación en covas («hoyos») na illa de Lanzarote (1)	4.200 €/ha
	• Preparación do solo para a plantación en gabias («zanjas») na illa de Lanzarote (2)	2.350 €/ha
	• Reposición de cinza volcánica («picón») (3)	5.100 €/ha
	• Desinfección	2.000 €/ha
	• Despedregado	400 €/ha
	• Nivelación do terreo	800 €/ha
	• Construción de socalcos	19.000 €/ha
	• Construción de socalcos con muras de pedra en pendentes maiores do 30 %	30.000 €/ha
	• Planta e plantación	1,69 €/planta
	• Tubos de plástico que rodean a planta para protección contra coellos no momento da plantación (incluída a colocación)	0,5 €/unidade
	• Sistemas de condución (incluída colocación)	
	• Espaller	3.400 €/ha
	• Estacada	5.000 €/ha
• Parra ou semellantes	15.000 €/ha	
• Parral baixo Canarias	8.300 €/ha	
• Elevación individualizada (4)	1 €/unidade	
B) Reconversión de viñas	• Sobreexertado	0,9 €/unidade
C) Mellora de técnicas de xestión de viñas	• Cambio de vaso a espaller ou a outro sistema de condución	600 €/ha + sistema de condución

(1) É excluínte coa operación de preparación do solo.

(2) É excluínte coa operación de preparación do solo.

(3) Operación ligada exclusivamente ás operacións 1 e 2.

(4) Exclusivamente Comunidade Autónoma de Galicia, País Vasco, Canarias e aquelas comunidades autónomas que apliquen baremos estándar unitarios e inclúan a acción.

ANEXO XIV

Necesidades de financiamento para a replantación por motivos sanitarios ou fitosanitarios para o exercicio Feaga: 20.....

Comunidade Autónoma:	
Data de comunicación:	
Superficie afectada — ha	Importe total — Euros

ANEXO XV

Información mínima do informe anual de aplicación da medida de reestruturación e reconversión de viñas

- Gasto total da Unión.
- Gasto total do beneficiario.
- Contribución media da Unión por operación superficie total cuberta (ha).
- Contribución media da Unión en eur/ha.
- Orzamento executado.
- Superficie afectada.
- Beneficiarios.
- Solicitudes.
- Solicitantes.
- Actividades.
- Operacións.
- Accións.
- Variedades.
- Compensación por perda de ingresos.

ANEXO XVI

Solicitud de axuda á destilación de subprodutos

(Artigo 52 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013)

DESTILADOR (Cubrir ou pór etiquetas)	PRODUTOR (Cubrir ou pór etiquetas)
APELIDOS E NOME e/ou RAZÓN SOCIAL	APELIDOS E NOME e/ou RAZÓN SOCIAL
DNI / NIF..... DOMICILIO: RÚA..... LOCALIDADE e/ou MUNICIPIO..... PROVINCIA..... C.P..... CÓDIGO DE ACTIVIDADE E ESTABLECEMENTO (CAE) DO DESTILADOR.....	DNI/NIF..... R.I.A..... DOMICILIO: RÚA..... LOCALIDADE e/ou MUNICIPIO..... PROVINCIA..... C.P..... ADEGA (de elaboración) DE ACTIVIDADE E ESTABLECEMENTO (CAE) N.I.D.P.B..... ZONA VITÍCOLA.....

D.....con NIF....., en calidade de (1).....do destilador citado realizou a destilación de subprodutos do artigo 52 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 correspondente ao produtor identificado no recadro superior, que entregou para a súa destilación os produtos que se xustifican na relación que se xunta, tras se obter o alcohol que se detalla no recadro inferior. Por todo iso,

SOLICITA:

- Percibir a axuda que lle puiden corresponder para as citadas cantidades de alcohol obtido da destilación indicada, unha vez realizadas as destilacións conforme o regulamentariamente establecido, e presenta xunto con esta solicitude a documentación disposta no número 2 do artigo 57 do presente real decreto.

ALCOHOL OBTIDO		
MATERIA PRIMA	HECTÓGRADOS	HECTÓLITROS
BAGAZO		
BORRAS		
VIÑO		
TOTAL		

- Que se lle aboe o importe correspondente ao anticipo previsto (80 % do importe inicial da axuda) pola destilación realizada, para o que presenta xustificante de depósito dunha garantía correspondente ao 100 % do valor do dito anticipo, e comprométese a comunicar e xustificar o destino do citado alcohol e, de ser o caso, o aboamento dos gastos de transporte ao produtor. Así mesmo, comprométese a realizar o reintegro da axuda se o alcohol non se utiliza exclusivamente con fins industriais ou enerxéticos, que deberá ser ingresada na conta e entidade citadas máis adiante..... de..... de.....

O DESTILADOR,

Asdo.:

SR. DIRECTOR XERAL.....

ANEXO XVII

Obxectivos estratéxicos das operacións da medida de investimentos

1. Fomentar a agrupación dos primeiros elos da cadea alimentaria mediante a integración das entidades asociativas e o asociacionismo agrario.
2. Fomentar a sustentabilidade integral das industrias nos seus ámbitos económico, social e ambiental.
3. Fomentar os procesos sustentables desde o punto de vista ambiental a través do aforro de enerxía, a eficiencia enerxética global, a utilización de enerxías renovables e a valorización e tratamento dos residuos.
4. Fomentar a certificación ambiental das instalacións das empresas vitivinícolas.
5. Fomentar a produción ecolóxica.
6. Fomentar os produtos acollidos a réximes de calidade e os pagamentos de uva por calidade.
7. Favorecer o incremento da dimensión empresarial.
8. Favorecer a participación dos viticultores e elaboradores na cadea de valor.
9. Fomentar os investimentos en comercialización.
10. Fomentar a innovación e a implantación de novos produtos e novas presentacións.
11. Impulsar a introdución das tecnoloxías dixitais nas empresas (Industria conectada 4.0).

ANEXO XVIII

Relación non exhaustiva de obxectivos xerais das operacións da medida de investimentos

1. Investimentos directamente destinados á produción de produtos vitivinícolas (desde a transformación da uva ata o embotellado, o envasado, a etiquetaxe do produto vitivinícola na adega):
 - a) Investimentos en cámaras de almacenamento frigorífico.
 - b) Investimentos noutras instalacións da adega.
 - c) Investimentos en obra civil:
 - i. Construción de novos inmobles.
 - ii. Mellora de inmobles.
 - iii. Adquisición de inmobles.
 - d) Investimentos en compra de maquinaria e/ou equipamentos:
 - i. Maquinaria e/ou equipamentos para a transformación da uva (pesaxe, prensadura etc).
 - ii. Maquinaria e/ou equipamentos de fermentación e/ou vinificación.
 - iii. Maquinaria e/ou equipamentos de tratamento de viños e mostos (filtración, sedimentación, clarificación etc).
 - iv. Maquinaria e/ou equipamentos de control de temperatura.
 - v. Equipamentos para o movemento e tratamento do viño en adega.
 - vi. Equipamentos para almacenamento, mestura, coidado posterior e envellecemento do viño.
 - vii. Equipamentos xerais para o embotellado, envasado, etiquetaxe e embalaxe.
 - viii. Equipamentos específicos para a produción, almacenamento, embotellado e acondicionamento de viños escumosos.
 - ix. Software para a xestión da adega.
 - x. Equipamentos para a xestión de augas residuais e outros residuos.
 - e) Custos xerais relacionados cos investimentos descritos nesta epígrafe 1.

2. Inversións directamente relacionados co control de calidade:
 - a) Inversións en construción de laboratorios e dotación.
 - b) Inversións en maquinaria e equipamentos, incluídos o software para o control de calidade das materias primas, dos produtos e das condicións de produción e conservación.
 - c) Inversións en equipamentos destinados a introducir normas de calidade ou sistemas de rastrexabilidade voluntarios, mesmo no caso de viños ecolóxicos.
 - d) Custos xerais relacionados cos investimentos descritos nesta epígrafe 2.
3. Inversións directamente relacionados coa comercialización de produtos vitivinícolas:
 - a) Inversións en establecementos de presentación e venda:
 - i. Obra civil, incluída a urbanización exterior (construción de novos inmobles, mellora de inmobles ou adquisición de inmobles). En relación coa urbanización exterior, só inclúe a explanación e urbanización cando se proxecte tamén unha superficie nova construída entre o límite da parcela e o establecemento.
 - ii. Maquinaria e equipamentos, incluído software.
 - b) Inversións en almacéns, centros loxísticos e oficinas comerciais:
 - i. Obra civil, incluída a urbanización exterior (construción de novos inmobles, mellora de inmobles ou adquisición de inmobles). En relación coa urbanización exterior, só inclúe a explanación e urbanización cando se proxecte tamén unha superficie nova construída, entre o límite da parcela e o establecemento.
 - ii. Maquinaria e equipamentos, incluído o software.
 - c) Inversións en equipamentos para a loxística e a comercialización dos produtos vitivinícolas.
 - d) Hardware, software e/ou plataformas web para comercio electrónico destinadas exclusivamente aos produtos vitivinícolas.
 - e) Rexistro de marcas colectivas.
 - f) Custos xerais relacionados cos investimentos descritos nesta epígrafe 3.
4. Inversións directamente relacionados con usos administrativos e/ou xerais:
 - a) Inversións en obra civil, incluída a urbanización exterior:
 - i. Construción de novos inmobles.
 - ii. Mellora de inmobles.
 - iii. Adquisición de inmobles.
 - b) Inversións en subministracións enerxéticas e acometidas de servizos (xeradores, transformadores, liñas eléctricas, subministración de auga etc.)
 - c) Inversións noutras instalacións e equipamentos, incluído o software:
 - i. De uso administrativo.
 - ii. De xestión empresarial.
 - d) Custos xerais relacionados cos investimentos descritos nesta epígrafe 4.

ANEXO XIX

Límites máximos

O importe destes límites máximos aplicarase tamén como investimento máximo subvencionable para adquirir edificacións, incluído o seu acondicionamento ou reforma.

I. *Urbanización*

Soamente se admitirán investimentos en peche da parcela, explanadas e firmes coas seguintes limitacións en todo caso:

– Peches perimetrais de terreos. O importe máximo subvencionable ascenderá a 35 euros por metro lineal, incluídos todos os elementos singulares distintos das portas.

O número de metros lineais máximo subvencionable será igual, en valor absoluto, á suma do número de metros cadrados construídos e/ou que se pretenden construír dentro do establecemento obxecto da operación de investimento.

– Explanación e urbanización, incluída a dotación firme. O importe máximo subvencionable ascenderá a 30 euros por metro cadrado obxecto de actuación.

O número de metros cadrados máximo subvencionable será igual ao dobre da superficie nova construída.

Só se poden subvencionar a explanación e urbanización cando se proxecte tamén unha superficie nova construída.

II. *Edificacións*

O importe máximo subvencionable ascenderá a:

– 450 euros por metro cadrado construído, cando o investimento se execute en España.

– 500 euros metro por cadrado cando o investimento se execute noutros países da Unión Europea.

Para aplicar este límite teranse en conta tanto os gastos de adquisición como os de obra civil en edificación nova ou reformada, incluídas as súas divisións interiores. Para este fin os ditos límites non poderán ser superados, mesmo nos supostos en que sobre unha mesma superficie se dea de forma simultánea máis dun deses gastos.

Neste límite non serán tidos en conta os gastos relativos a instalacións como saneamento, fontanaría, electricidade, telecomunicacións, climatización, ventilación ou outras similares.

Estas limitacións tamén serán de aplicación a viñotecas, salas de exhibición, puntos de venda e centros loxísticos.

III. *Outras limitacións aplicables a zonas e equipamentos específicos*

No caso de superficies dedicadas a salas de catas ou dedicadas especificamente dentro da adega á exposición e venda retalista dos produtos, a superficie máxima subvencionable será do 15% da superficie da adega resultante tras a execución da operación.

V. *Outras limitacións ao importe do investimento auxiliabile e á súa clasificación*

Os investimentos en estudos de viabilidade técnica e económica, así como a avaliación de impacto ambiental, serán admisibles sempre que o estudo se presente coa solicitude. O importe máximo admisible será, en todo caso, de 1.700 euros por cada un dos dous conceptos.

Os investimentos relativos á creación de tendas en liña limitaranse a 3.000 euros.

Cando entre os investimentos obxecto da axuda se inclúan barricas de madeira de entre 210 e 230 litros de capacidade, ás veces denominadas como bordelesas, estas deberanse cuantificar e orzar de maneira diferenciada, en función da orixe da súa madeira, de acordo coa seguinte clasificación:

- De carballo francés.
- De carballo americano.
- De carballo mixto ou doutras orixes, para calquera outro tipo de barrica que non pertenza aos dous anteriores.

ANEXO XX

Gastos non subvencionables

Non terán a consideración de subvencionables os custos das seguintes accións:

1. Os investimentos de mera substitución
2. A investigación
3. Os investimentos que figuren na contabilidade como gastos.
4. Os gastos de constitución e primeiro establecemento.
5. A compra de terreos e os gastos relacionados con esta (honorarios de notario, impostos e similares).
6. A compra de edificios que vaian ser derrubados. Se a compra dun edificio é obxecto de axuda, o valor do terreo construído, e o do que rodea o edificio, valorado por un técnico competente, non se considera subvencionable.
7. A compra de edificios ou locais se estes foron subvencionados nos últimos dez anos. Para iso achegárase declaración das subvencións recibidas polo edificio ou o local durante os últimos dez anos. Tampouco serán subvencionables os investimentos en reformas de locais que subvencionasen anteriormente as administracións públicas e non transcorresen cinco anos. En ambos os dous casos, o inicio do cómputo destes prazos comezará a partir da data máis tardía entre as de xustificación desa subvención ante a Administración competente ou o cobramento da dita axuda.
8. Traballos ou investimentos empezados ou realizados con anterioridade á data de solicitude de axuda, salvo os seguintes gastos, sempre que estean realizados dentro do ano anterior á data de solicitude de axuda:
 - a) Honorarios técnicos, estudos de viabilidade económica, técnica, xeotectónica, de mercado, avaliación de impacto ambiental e similares, a adquisición de patentes e licenzas, e os permisos e seguros de construción.
 - b) Aproveccionamento de materiais de construción e encarga ou compra de maquinaria, mesmo a subministración pero non a montaxe, instalación e proba.
9. A compra de material amortizable normalmente nun ano (botellas, embalaxes, material funxible de laboratorio e similares).
10. Obras de ornamentación e equipamentos de recreo
11. As tarimas, caixóns tarima e caixas de campo.
12. A compra e instalación de maquinaria e equipamentos de segunda man.
13. A compra de barricas, toneis e tinos de madeira de calquera capacidade, agás cando derive dun aumento da capacidade produtiva da adega, sexan de nova adquisición e teñan unha vida útil igual ou superior á durabilidade prevista no artigo 62. Ademais, para que estes elementos poidan ser subvencionados, deberanse cumprir simultaneamente as seguintes condicións:
 - a) Cada un dos elementos obxecto de axuda deberá contar cun código alfanumérico, ou matrícula, individualizado, no cal se incluírá o código asignado polo órgano xestor da solicitude de axuda. Este código deberá estar marcado de forma indeleble e doadamente accesible aos controladores da subvención.
 - b) Ao longo do período de durabilidade estes elementos non se poderán destinar ao almacenamento de produtos distintos dos produtos vitivinícolas nin almacenarse en espazos distintos dos dedicados á elaboración ou crianza.
 - c) Se na data de presentación da solicitude de axuda o establecemento conta con elementos deste tipo, os ditos elementos deberán estar inventariados ou ben o solicitante deberá demostrar documentalmente o número destes elementos de que dispón e a súa capacidade total na data de presentación da solicitude
 - d) Con independencia do anterior, á hora de avaliar a capacidade de barricas, toneis e/ou tinos instalados nun establecemento, non se terán en conta aqueles presentes no

establecemento pero que non sexan propiedade da empresa solicitante, ou doutras coas cales manteña vínculos de asociación ou vinculación.

e) En todo caso, ao longo do período de durabilidade, o número neto de elementos en uso produtivo desta natureza propiedade do solicitante no establecemento, independentemente de que se encontren subvencionados, non poderá ser obxecto de diminución.

14. Os gastos relativos ao traslado de maquinaria xa existente ata o local ou localización en que se vai realizar a operación de investimento.

15. As reparacións e obras de mantemento. Non teñen a consideración de reparacións as operacións realizadas sobre maquinaria instalada para ampliar a súa capacidade ou mellorar as súas prestacións.

16. Os debidos á aplicación do imposto sobre o valor engadido (IVE).

17. As taxas, as contribucións ou outros impostos.

18. As edificacións destinadas a vivenda.

19. Vehículos relativos a transporte exterior e vehículos que requiran de matriculación, incluídos remolques e carrozados especiais.

20. Os gastos de alugamento de equipamentos de produción e os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro.

21. A man de obra propia nin os materiais de igual procedencia. Neste sentido non serán subvencionables os honorarios de proxecto, dirección de obra ou asesoramento técnico cando no provedor dos ditos servizos concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que estea vinculado laboralmente coa empresa solicitante ou beneficiaria da axuda.

b) Que teña a condición de socio da empresa solicitante ou beneficiaria da axuda.

c) Que posúa facultades de administración e/ou representación sobre a empresa solicitante ou beneficiaria da axuda.

22. Os gastos por transaccións financeiras, xuros debedores ou de demora, as comisións por cambio de divisas e as perdas, así como outros gastos puramente financeiros

23. As multas, sancións financeiras e gastos de procedementos legais.

24. Rótulos ou indicadores en vías públicas ou outros espazos públicos ou privados que non se encontren no establecemento, tenda, instalación, terreo ou recinto do solicitante.

25. Investimentos en enoturismo.

26. Gastos de asesoramento ou elaboración da solicitude de axuda.

27. Compra de edificios ou instalacións que estean alugados ou noutro réxime de tenza por parte solicitante na data da solicitude.

28. A adquisición de mobiliario, salvo os seguintes:

a) O específico para laboratorios.

b) O correspondente a zonas de cata e exposición de produtos, agás cando nese establecemento se desenvolvan actividades de enoturismo.

29. Os gastos relativos á promoción (casetas, conferencias, folletos, catálogos, publicidade etc.)

30. Os gastos pagados polo beneficiario en especie ou en metálico.

31. A explanación e urbanización, agás cando se proxecte tamén unha superficie nova construída entre o límite da parcela e o establecemento.

32. A demolición dun edificio existente con anterioridade á realización dun novo proxecto.

33. Traballos e instalacións necesarios para levar servizos de subministracións (por exemplo auga, luz, gas...) á parcela desde un punto externo desta.

ANEXO XXI

Criterios de prioridade

			Rango de puntuación
		1. Priorización de solicitantes. Máximo 30 puntos	
1	1	Priorización das entidades asociativas prioritarias recoñecidas para o sector do viño (incluídas multisectoriais) de acordo co Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario. Así mesmo, serán priorizadas as súas entidades de base (recoñecidas tamén para o sector do viño). Tamén serán priorizadas as entidades asociativas prioritarias rexionais ou figuras análogas reguladas no ámbito autonómico, así como as súas entidades de base (recoñecidas tamén para o sector do viño).	1-8
1	2	Priorización dos solicitantes asociativos (non acumulativos)	
1	2	1 Cooperativas e outras entidades asociativas agroalimentarias (SAT, sociedades mercantís sempre que máis do 50 % do seu capital social pertenza a cooperativas ou SAT)	1-7
1	2	2 Asociacións, con personalidade xurídica propia, de dous ou máis produtores dos produtos mencionados no anexo VII parte II do Regulamento 1308/2013, e non incluídas no punto 1.2.1.	1-7
1	3	Priorización de empresas que cumpren o decálogo para a sustentabilidade integral da industria agroalimentaria e que están inscritas na listaxe de adhesión do MAPA.	1-2
1	4	Priorización de solicitantes cuxas instalacións dispoñen de certificación ambiental, que deberá ser achegada xunto coa solicitude	
1	4	1 Segundo o Regulamento comunitario EMAS (Regulamento (CE) n.º 1221/2009) ou a norma ISO 14.001	1-5
1	4	2 Certificado <i>Wineries for Climate Protection</i> .	1-2
1	5	Priorización de empresas que teñan implantados sistemas de pagamento de uva por calidade para a totalidade dos pagamentos, como mínimo, durante os tres anos anteriores á data da solicitude. Será acreditado mediante a achega de normas de vendima aprobadas mediante acordo de asemblea, xunta reitora ou órganos da empresa ou calquera outro documento válido en dereito. Non se considerarán dentro deste criterio os parámetros de calidade recollidos en pregos de condicións de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, xa que resultan de obrigatorio cumprimento para os operadores voluntariamente acollidos.	1-11
1	6	Priorización de operadores de produtos vitivinícolas ecolóxicos	1-4
1	7	Priorización de operadores acollidos a DOP ou IXP	1-4
1	8	Priorización de microempresas, pequenas e medianas empresas	1-6
1	9	Priorización de solicitantes que sexa elaboradores de viño e embotellen máis do 51% do viño elaborado; para tal fin tomaranse como referencia as elaboracións da campaña vitícola inmediatamente anterior á data de rexistro da solicitude de axuda.	1-4
		Priorización de operacións. Máximo 70 puntos	Puntuación
2	1	Priorización das operacións con investimentos orientados ao incremento da eficiencia enerxética, sempre que isto supere 30% do importe do investimento no momento da solicitude. En todos os casos, o solicitante deberá achegar un certificado emitido por un experto independente que acredite un aforro enerxético mínimo do 15 % nos conceptos afectados polo investimento. Para os efectos da valoración deste criterio, entenderanse incluídos exclusivamente os conceptos que se detallan no subnúmero II desta epígrafe.	1-15
2	2	Priorización das operacións con investimentos en uso de enerxías renovables exclusivamente para o seu propio consumo, sempre que isto supere o 20 % do importe do investimento no momento da solicitude. Para os efectos da valoración deste criterio, entenderanse incluídos exclusivamente os conceptos que se detallan no subnúmero III desta epígrafe.	1-15
2	3	Priorización das operacións con investimentos en valorización, tratamento e/ou xestión de residuos e/ou depuración de efluentes líquidos sempre que isto supere 20 % do importe do investimento no momento da solicitude.	1-15
2	4	Priorización das operacións con investimentos destinados á transformación da totalidade da produción de uva propia do solicitante. Para tal efecto o solicitante non deberá ter a titularidade dunha instalación de elaboración dos produtos acollidos ao presente real decreto e deberá achegar a titularidade dunha viña.	1-5
2	5	Priorización das operacións que se orientan en todo ou en parte a obter produtos ecolóxicos.	1-6
2	6	Priorización das operacións que se orientan en todo ou en parte aos produtos acollidos a réximes de calidade (non acumulativos)	
2	6	1 Denominación de orixe protexida	1-15
2	6	2 Indicación xeográfica protexida	1-10
2	6	3 Viño sen indicación xeográfica con indicación de anada ou variedade.	1-3
2	7	Priorización das operacións que se orientan á comercialización nunha porcentaxe orzamentaria maior ou igual ao 30 %. Para os efectos da valoración deste criterio, entenderanse incluídos exclusivamente os conceptos que se detallan no subnúmero I desta epígrafe.	1-15

2	8	Priorización das operacións destinadas á implantación da industria 4.0 (industria conectada). Para os efectos da valoración deste criterio, entenderanse incluídos exclusivamente os conceptos que se detallan no subnúmero IV desta epígrafe. Ademais, o solicitante deberá presentar o informe da análise da madureza dixital da empresa a través da «Ferramenta de autodiagnóstico dixital avanzada I (FADA)»	1-6
2	9	Priorización de operacións de investimento provenientes do resultado dun grupo operativo de innovación da Asociación Europea para a Innovación	1-6
2	10	Priorización de investimentos tanxibles orientados a implantar no seo da empresa novos produtos e novas presentacións. Non se considerará unha ampliación ou mellora de algo xa existente no establecemento do solicitante	1-10

1. Priorización das operacións que se orienten a comercializar unha porcentaxe orzamentaria maior ou igual ao 30 %. Entenderanse incluídos exclusivamente os seguintes conceptos para os efectos de comercialización

(a) A construción, adquisición ou mellora de bens inmoables.

– Establecementos de presentación e venda: adquisición / construción / renovación / modernización da infraestrutura de venda e instalacións de presentación,

a.1. Sempre que o establecemento non compaxine a súa actividade co enoturismo:

- Viñotecas.
- Salas de exhibición (exposición de produtos vitivinícolas).

a.2. Sempre que a actividade de venda se limite aos produtos incluídos no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) 1308/2013:

- Salas de venda.
- Punto fixo de venda (retallista) fóra das instalacións da empresa, no territorio nacional e noutros Estados membros da UE.
- Punto de venda nas instalacións da empresa (pero fóra das unidades de produción) (puntos de venda directa).

– Almacéns, centros loxísticos e oficinas comerciais:

Establecemento de almacéns, centros loxísticos ou oficinas comerciais sempre que a actividade de venda se limite aos produtos incluídos no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) 1308/2013.

- Adquisición.
- Construción.
- Acondicionamento de edificios.

(b) A compra de nova maquinaria e equipamentos, incluídos os programas informáticos.

– Maquinaria e equipamentos para os establecementos de presentación e venda: maquinaria e equipamentos para as infraestruturas de venda e instalacións de presentación, sempre que a actividade de venda se limite aos produtos incluídos no anexo VII parte II do Regulamento (UE) e non se compaxine o seu emprego con actividades de enoturismo:

- Viñotecas.
- Salas de exhibición (exposición de produtos vitivinícolas).
- Salas de venda.
- Punto fixo de venda (retallista) fóra das instalacións da empresa, no territorio nacional e noutros Estados membros da UE.
- Punto de venda nas instalacións da empresa (pero fóra das unidades de produción) (puntos de venda directa).

– Almacéns, centros de loxística e oficinas comerciais: establecemento de almacéns, centros loxísticos ou oficinas comerciais, sempre que a actividade de venda se limite aos produtos incluídos no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) 1308/2018:

- Maquinaria e equipamentos.
- Instalacións tecnolóxicas.
- Software.

– Equipamentos para a loxística e a comercialización do viño e sempre que a actividade de venda se limite aos produtos incluídos no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) 1308/2013:

• Creación, desenvolvemento ou adaptación de plataformas loxísticas, para racionalizar e mellorar a organización da cadea de transporte no mercado nacional e internacional.

• Máquinas, instalacións tecnolóxicas ou equipamentos que inclúan software para ser utilizado no marco da distribución, loxística ou comercialización dos produtos.

• Hardware, software, plataformas web para comercio electrónico e sempre que este se limite aos produtos incluídos no anexo VII, parte II, do Regulamento (UE) 1308/2013
Hardware e software para o comercio electrónico.

c) Rexistro de marcas colectivas.

II. *Priorización das operacións con investimentos orientados ao incremento da eficiencia enerxética, sempre que isto supere o 30 % do importe do investimento no momento da solicitude*

No caso de mellora de instalacións, o solicitante deberá achegar un certificado emitido por un experto independente que acredite un aforro enerxético mínimo do 15 %.

Entenderanse incluídos exclusivamente os seguintes conceptos para os efectos de incremento da eficiencia enerxética:

- Illamentos térmicos e ventás que melloren a eficiencia enerxética.
- Iluminación de baixo consumo e LED en edificios.
- Equipamentos de climatización e arrefriadoras de auga de alta eficiencia enerxética.
- Caldeiras de alta eficiencia enerxética.
- Radiadores por auga a baixa temperatura e chans/teitos radiantes.
- Ascensores e elevadores de alta eficiencia enerxética.
- Sistemas de xestión, control e regulación da iluminación e climatización en edificación.
- Illamentos de equipamentos e canalizacións en industria.
- Arrefriadoras de auga de alta eficiencia enerxética.
- Caldeiras industriais de alta eficiencia enerxética.
- Calquera máquina con motor eléctrico de alta eficiencia enerxética.
- Variadores de velocidade electrónicos de motores eléctricos.
- Máquinas de absorción.
- Rehabilitación enerxética da envolvente térmica dos edificios existentes.
- Mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos edificios existentes.
- Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación interior nos edificios existentes.
- Construción de novos edificios e rehabilitación de existentes con alta cualificación enerxética.
- Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de frío comercial.
- Construción ou rehabilitación de edificios de consumo de enerxía case nulo.
- Auditorías enerxéticas.
- Implantación de sistemas de xestión enerxética.

III. *Priorización das operacións con investimentos en uso de enerxías renovables exclusivamente para o seu propio consumo, sempre que isto supere o 20 % do importe do investimento no momento da solicitude*

Entenderanse incluídos exclusivamente os seguintes conceptos para os efectos de uso de enerxías renovables:

- Enerxía solar.
- Térmica.
- Fotovoltaica.
- Bioenerxía.
- Biomasa.
- Enerxía xeotérmica.
- Enerxía eólica.

IV. *Priorización das operacións de investimento destinado á implantación da industria 4.0 (industria conectada)*

Entenderanse incluídos exclusivamente os seguintes conceptos para os efectos de implantación da industria 4.0:

1. Solucións de negocio e plataformas colaboradoras:

a) Aplicacións innovadoras de xestión que procesen e dean uso á información obtida das actividades da cadea de produción vitivinícola, actividades de subministración e comerciais, de forma conxunta en toda ou na maior parte da cadea de valor do solicitante.

b) Solucións de negocio interempresa utilizando sistemas ou elementos físicos, virtuais ou ciberfísicos que permitan a interacción entre a empresa solicitante cun ecosistema determinado xa establecido (empresas, clientes, provedores e centros de investigación).

2. Tratamento masivo de datos, orientado a proxectos de innovación en materia de organización e procesos, e que deben enfocarse cara a solucións para a industria vitivinícola que traten sobre métodos, ferramentas de desenvolvemento para sistemas de datos intensivos e/ou aplicacións altamente distribuídas, sistema de visualización de datos e integración.

3. Robótica avanzada enfocada cara a solucións avanzadas de robótica para o sector industrial, entre outras, aumentar capacidade cognitiva, robótica colaboradora persoa-máquina, percepción, configurabilidade, monitorización, capacidade de manipulación, navegación ou outras similares dos robots, así como nas súas aplicacións concretas aos procesos produtivos da empresa.

4. Sensores e sistemas embebidos.

ANEXO XXII

Ponderación de criterios de prioridade

Comunidade autónoma	Criterios de prioridade																						
	Priorización de solicitantes										Priorización de operacións												
	1.1	1.2		1.3	1.4		1.5	1.6	1.7	1.8	1.9	2.1	2.2	2.3	2.4	2.5	2.6			2.7	2.8	2.9	2.10
		1.2.1	1.2.2		1.4.1	1.4.2											2.6.1	2.6.2	2.6.3				
Andalucía	7	6	2	1	2	1	1	3	3	5	1	9	9	9	3	6	9	9	3	9	5	3	8
Aragón	1	7	3	1	1	1	10	1	3	3	2	10	10	10	1	4	10	10	3	10	6	2	7
Asturias	1	7	4	1	1	1	4	2	4	6	3	13	13	13	3	5	13	10	3	2	2	1	5
Baleares (Illes)	1	5	1	1	3	1	5	3	2	5	4	12	12	11	5	6	10	8	3	8	4	1	1
Canarias	1	6	6	1	1	1	4	2	4	6	4	15	15	15	5	1	15	10	3	1	1	1	1
Cantabria	1	6	1	1	1	1	4	2	4	6	4	13	13	11	5	5	11	10	3	3	2	1	6
Castilla-La Mancha	8	7	6	1	1	1	3	2	1	4	2	11	11	12	2	6	11	5	3	10	1	1	5
Castilla y León	1	7	7	1	1	1	4	1	4	6	4	15	15	15	3	1	15	10	3	3	1	1	1
Cataluña	1	7	1	1	1	1	6	2	3	5	3	11	11	11	5	3	11	1	1	11	2	1	4
Comunitat Valenciana	1	7	1	1	1	1	3	3	4	6	3	13	13	13	5	6	13	10	3	2	1	1	3
Extremadura	1	7	1	1	1	1	1	4	4	6	4	13	13	13	3	6	13	10	3	4	1	1	3
Galicia	1	7	4	1	1	1	4	2	4	6	3	13	13	13	3	5	13	10	3	2	2	1	5
Madrid (Comunidade de)	1	7	1	1	1	1	1	4	4	6	4	15	15	15	2	4	15	1	3	1	1	1	1
Murcia (Rexión de)	1	6	6	1	4	1	1	2	4	6	4	15	10	10	5	5	10	10	3	3	5	1	6
Navarra (Comunidade Foral de)	1	5	5	1	1	1	4	3	4	6	4	11	11	13	5	6	11	10	3	1	1	1	10
País Vasco	1	1	1	1	1	1	9	2	4	6	4	14	14	14	1	5	14	7	3	3	1	1	3
Rioja (La)	1	4	4	1	1	1	10	2	4	2	4	13	14	15	1	1	13	1	1	10	1	1	1

ANEXO XXIII

Parte A) Listaxe provisional

Listaxe provisional de operacións seleccionadas							Puntuación																
Comunidade autónoma:																							
Código de solicitude	NIF/NIE	Nome e apelidos ou razón social do beneficiario	Tipo de beneficiario			Investimento primeiro exercicio	Investimento segundo exercicio																

Parte B) Outros cambios menores

Entenderanse como outros cambios menores os seguintes:

1. Cambio de marca ou de provedor dunha máquina ou instalación, sempre e cando se manteñan ou melloren as súas características técnicas tendo en conta aspectos como rendemento, consumos enerxéticos e mantemento.

2. Cambio no número de barricas, sempre e cando se manteña a capacidade total e as súas características de acordo coa tipoloxía prevista na epígrafe V do anexo XIX.

Estes cambios menores poderán ser efectuados sen aprobación previa. Non obstante, o importe do investimento considerado subvencionable para estes conceptos nunca poderá ser superior ao previsto na concesión de subvención.

ANEXO XXIV

Datos para avaliación e seguimento da medida de investimentos

SOLICITANTE / BENEFICIARIO

TIPO	<ul style="list-style-type: none"> - PERSOA FÍSICA - SOCIEDADES CIVÍS PARTICULARES - COMUNIDADE DE BENS - PERSOA XURÍDICA: <ul style="list-style-type: none"> • COOPERATIVA • OUTRAS: SAT S.A. S.L. Outras
TAMAÑO DO BENEFICIARIO	<ul style="list-style-type: none"> - TAMAÑO DO BENEFICIARIO: <ul style="list-style-type: none"> • PEME • Grandes «intermedias» • Grandes «non intermedias» - VITICULTOR: <ul style="list-style-type: none"> • Si • Non
IDENTIFICACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - NIF - Domicilio social - Domicilio fiscal
SOLICITUDE	<ul style="list-style-type: none"> - DATA DE PRESENTACIÓN - DATA DE RESOLUCIÓN - DATA DE ACEPTACIÓN, RENUNCIA OU DESISTENCIA - DATA DE PAGAMENTO POR ANUALIDADE - Pagamento parcial - Pagamento final - MODIFICACIÓNS
OPERACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - ANUAL OU BIANUAL - ORZAMENTO POR ANUALIDADE - AXUDA POR ANUALIDADE
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	<ul style="list-style-type: none"> - 1 A 11 SEGUNDO ANEXO XVI
OBXECTIVOS XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> - SEGUNDO ANEXO XVII OU OUTROS POR ESPECIFICAR
ACCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> - NÚMERO DE ACCIÓNS - DESCRICIÓN DAS ACCIÓNS - CUSTO DE CADA ACCIÓN
CARACTERÍSTICAS DO INVESTIMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - TIPO DE INVESTIMENTO: <ul style="list-style-type: none"> • Nova instalación • Ampliación • Mellora • Traslado - CARACTERÍSTICAS DA COMERCIALIZACIÓN <ul style="list-style-type: none"> • Individual/ Conxunta • Nacional/ Internacional - PRODUTOS: SEGUNDO ANEXO VII PARTE II - N.º DE EMPREGADOS ANTES DO INVESTIMENTO - N.º DE EMPREGADOS DESPOIS DO INVESTIMENTO

ANEXO XXV

Datos mínimos que debe remitir a comunidade autónoma

Comunidade autónoma:				
Exercicio financeiro:				
Data de comunicación:				
NIF	Superficie solicitada	Volume de viño estimado de retirada	Axuda estimada (€/ha)	Axuda considerada total (€)